

A woman in a bright yellow dress and a pink umbrella is leaning against a white street lamp at night. She is looking up at the sky. The background is dark with some stars or distant lights.

#CINEEUROPA36

QUE MARABILLOSA SENSACIÓN

CINEEUROPA.GAL FACEBOOK-INSTAGRAM-TWITTER

SANTIAGO DE COMPOSTELA - 4/20 NOVIEMBRE 2022

#CINEUROPA36



#CINEUROPA36
QUE MARABILLOSA SENSACIÓN
SANTIAGO DE COMPOSTELA - 4/20 NOVIEMBRE 2022

Que maravillosa sensación! Iso é Cineuropa, a maravillosa sensación de gozar do cinema na gran pantalla, cinema de prestixio para público heteroxéneo que mantén intacta a columna vertebral do festival. Compostela, en novembro, é o cine que transita do Teatro Principal ao Salón Teatro, de Numax aos Multicines Compostela e ao Auditorio de Galicia, espazos que abren as súas portas á creatividade, á multiculturalidade e á paixón.

Compostela e Cineuropa reafirmanse nas súas raíces, como o fai o cine nos seus clásicos, e por iso réndeselle homenaxe a talentos como o director Jean-Luc Godard e a actriz China Zorrilla. Mais o festival mantén invariables seccións como a Europea, Latidoamericano, Docs Cineuropa ou o esperado Maratón, seccións que desde as primeiras edicións nos fan ficar expectantes por poder ver na nosa cidade a mellor selección de filmes das mostras máis importantes de todo o mundo.

Nesas e noutras seccións poderemos asistir á proxección dos últimos traballos de recoñecidos cineastas como Rodrigo Sorogoyen, Rebecca Zlotowski, Paul Schrader, Mia Hansen Løve, Denis Côté, Hirokazu Koreeda e explorar as propostas de realizadores emerxentes como Charlotte Le Bon, Mikel Gurrea, Alice Diop, Paul Saintillan ou Valentina Murel.

Nesta 36 edición reivindícase o cinema musical, unha mirada ás bandas sonoras, ás coreografías, ao esquecemento da tristeza para pór música e revivir esas icónicas imaxes que xa forman parte do noso imaxinario. Todas e todos lembramos o cruel coreógrafo interpretado por Roy Scheider en *All that Jazz*, o malvado magnate de *A pantasma do paraíso* de Brian de Palma, a parella protagonista de *New York, New York* de Martin Scorsesse ou o abrigo amarelo que vestía Catherine Deneuve en *Os paraugas de Cherburgo*.

Para Ana Belén e Charo López será o noso recoñecemento. Premios Cineuropa para dúas profesionais dunha magnitude que vai alén do cinema pero que nos permiten repasar as nosas vidas a través da súa filmografía. E para João Pedro Rodrigues, pois o seu traballo encaixa coa

pretensión de contar en Cineuropa con personaxes de primeira liña no panorama internacional. Sen esquecermos o cinema galego, nun momento álxido, representado polo cineasta Lois Patiño; a súa carreira como videocreador foi auspiciada inicialmente coa súa participación na mostra do Premio Novos Artistas do Auditorio de Galicia, polo que para nós é unha enorme satisfacción entregarlle este ano un dos galardóns Cineuropa.

Trinta e seis edicións xa contan unha historia, a dun festival que vai de boca en boca, a que se amosa nos integrantes do xurado novo que devecen por participar tras escoitaren falar de Cineuropa na súa familia. Estamos orgullosos de Cineuropa; do camiño transitado e dun presente no que continuamos na procura da maior utilidade para os nosos obxectivos, traballando esperanzados para adaptármonos aos novos valores e ás novas estruturas.

Non sería posible celebrar este festival sen os apoios de institucións públicas como o Consorcio de Santiago, a Deputación da Coruña, a AGADIC, o ICAA, o Instituto Camões ou a Embaixada de Uruguai e mais o de empresas privadas, o que dá conta da calidade do evento e do seu arraigo, polo que só lles podo dar as grazas.

Agradecemento que fago extensible a todas e cada unha das persoas que traballan para que todo estea a punto cando baixa a luz para a primeira proxección e durante todas as semanas que dura o festival.

Grazas tamén ao público que, como cada ano, volverá encher as salas para celebrar o cinema na 36 edición de Cineuropa!

Unha canta, a outra non

Na natureza humana reside a capacidade de poñerlle ao mal tempo boa cara. Isto é, de cantar baixo a choiva. No medio dunha paisaxe que non cede no seu perfil tosco, desventurado, para algúns definido sen caer na hipérbole como apocalíptico, parece que do cinema debemos agardar agora que se active como ese alugueiro para soñar que está nas súas mesmas orixes.

A alfombra xenérica que este 36º Cineuropa lle tende ao musical é un convite a que a nosa mente, as nosas sinapses fatigadas, dancen, sexan quen de se elevar nun baile que desafíe a lei da gravidade como facía Fred Astaire nunha memorable secuencia de *Vodas reais*.

Camiñar a carón de Gene Kelly, habitar o reino de Camelot sen ser nin o rei Arturo nin Jackie Kennedy, recuperar a Marilyn sen aditivos ou viaxar ao mundo alternativo de Oz con Dianna Ross e un Michael Jackson aínda non cancelado son un convite para colgar a xa citada apocalipse no gardarroupa da sala de cinema. *Canciones para después de una guerra*, como dicía Basilio Martín Patino. O paseo que lles ofrecemos por este xénero que moitas e moitos espectadores non coñeceron nunha gran pantalla ten como acontecemento a recuperación dunha xoia de Jacques Demy, *Une chambre en ville*, que nos devolve a Dominique Sanda no seu apoxeo.

Unha habitación na cidade. Iso queremos que sexan nestes días o Teatro Principal e mais as outras salas do festival. Unha habitación para soñar. Cineuropa ábrese con máis ganas ca nunca para que as ficcións ou as construcións máis lúcidas sobre a realidade nos abracen. E cando o cinema en pantalla grande compartida é, en si mesmo, unha aberta cívica e sentimental.

No programa confío en que atopen todas esas películas das que escoitaron falar ao longo da tempada. Cinema moitas veces polémico, que entusiasmou ou enfureceu. Pero que non os vai deixar indiferentes. Cinema que axite ou que abrace, como lles dicía. Historias de (des)amor ou de desexo. Algunha mesmo prohibida polos puritanos ianquis nos seus mercados. E ata dúas películas rusas realizadas antes da tolemia da guerra e que se conforman como denuncias anticipadas dunha psicose do poder.

Nesta 36ª edición asentamos o carácter de Cineuropa como festival competitivo, con once películas a concurso e un xurado internacional que deixará para a nosa memoria o segundo palmarés con títulos que prometen descubrirlles talentos en auxe.

Adiantarémolles a primicia da película española da tempada: *Mantícora*. E da que para boa parte do equipo é a grande obra deste 2022: *Trenque Lauquen*. Tamén ese absoluto e mesmerizante achado fílmico e historiográfico que é *El caso Padilla*, con imaxes da famosa autocrítica do artista na Habana de 1971.

Sentirémonos ben ledos de lles poder render tributo aos nosos Premios Cineuropa desta edición. Ana Belén e Charo López son aristócratas artísticas nadas da meritocracia de décadas ofrecéndonos rexistros sen os cales o cinema español non se entendería. Lois Patiño e a súa cosmogonía son un luxo que desde Galicia ocupa xa o *gotha* do panorama internacional. E o portugués João Pedro Rodrigues –del vimos no noso festival *Odete, Morrer como un homem, A última vez que vi Macau e O ornitólogo*— é o nome do fecundo cinema luso —tras as homenaxes a Manoel de Oliveira, Pedro Costa ou Miguel Gomes— ao que xa nos tocaba render tributo. Farémolo a través da película coa que revolucionou a Quincena de Realizadores do pasado Cannes, *Fogo-Fátuo*, con brotes de musical *queer* que sintonizan moi ben co emblema temático desta edición.

Confiamos en que se mergullen a fondo nestas case tres semanas que converteron Cineuropa, grazas a vostedes, nesa gran festa da democratización do cinema máis sensible. No Festival Internacional de Cinema de Galicia.

Todas e todos os que aman o cinema posúen esa virtualidade de poder camiñar nas súas vidas polo tránsito da crítica realidade e, simultaneamente, evadirse polo rumbo á ilusión de cento e unha películas. Esa natureza desdobra en dúas caras ou dous roteiros que, como dicía a tan estrañada Agnès Varda, unha canta, a outra non.

José Luis Losa
Director de Cineuropa36

PROGRAMA POR DÍAS

Páx. 11-18

PREMIOS CINEUROPA 2022

Páx. 21-29

LISTADO DE PELÍCULAS DAS SECCIÓNS OFICIAIS

Páx. 31-33

PELÍCULAS DE SECCIÓNS OFICIAIS

Proxeccións especiais

(inauguración e clausura)

Páx. 35-36

Novas/os Cineastas

Páx. 38-45

Sección Oficial Europea

Páx. 46-59

Panorama Internacional

Páx. 60-66

Panorama Audiovisual

Galego

Páx. 68-78

Docs Cineuropa

Páx. 80-84

XURADOS

Xurado Oficial

Páx. 88-89

Xurado Novo

Páx. 90

LISTADO DE PELÍCULAS DAS SECCIÓNS PARALELAS

Páx. 93-95

PELÍCULAS DE SECCIÓNS PARALELAS

Latidoamericano

Páx. 96-101

Fantastique Compostela

Páx. 103-105

Cancións para despois dunha guerra

Páx. 106-121

En lembranza de...

Páx. 123-124

Cineuropa Miúda

Páx. 127-129

Maratón

Páx. 130-135

Películas Premios Cineuropa

Páx. 137-140

ACTIVIDADES

Páx. 143-153

PELÍCULAS ORDENADAS ALFABÉTICAMENTE

Páx. 155-160

INFO PRÁCTICA

Páx. 163-167

EQUIPO

Páx. 168-169

PROGRAMA CINEUROPA

VENRES 4 DE NOVIEMBRE

TEATRO PRINCIPAL

20.00 SESIÓN INAUGURAL:
UN BEAU MATIN / UNHA BONITA MAÑÁ

SÁBADO 5 DE NOVIEMBRE

TEATRO PRINCIPAL

17.45 LIVING / VIVINDO
20.00 PREMIO CINEUROPA: ANA BELÉN +
EL AMOR PERJUDICA SERIAMENTE LA SALUD
22.45 MANTÍCORA

SALÓN TEATRO

18.00 PROGRAMA 1. PANORAMA AUDIOVISUAL
GALEGO + PRESENTACIÓN E COLOQUIO
19.30 DELO /ARRESTO DOMICILIARIO
21.30 EL CASO PADILLA

MULTICINES COMPOSTELA

17.00 GENTLEMEN PREFER BLONDES /
OS CABALEIROS PREFIREN AS LOIRAS
19.00 SINGIN' IN THE RAIN / CANTANDO
BAIXO A CHOIVA
21.00 8 FEMMES / 8 MULLERES

DOMINGO 6 DE NOVIEMBRE

TEATRO PRINCIPAL

12.00 CINEUROPA: DO MUDO AO SONORO | A BMSQ
CON CINEUROPA
18.00 THE QUIET GIRL
20.00 PREMIO CINEUROPA: LOIS PATIÑO + MONTAÑA
EN SOMBRA + EL SEMBRADOR DE ESTRELLAS
21.30 R.M.N.

SALÓN TEATRO

18.00 EL SOSTRE GROC / O TEITO AMARELO
19.45 UN BEAU MATIN / UNHA BONITA MAÑÁ
22.00 SUBLIME

MULTICINES COMPOSTELA

17.00 FUNNY FACE / UNHA CARA CON ANXO
19.00 NEW YORK, NEW YORK
22.00 FRENCH CANCAN

AUDITORIO DE GALICIA. SALA MOZART

17.30 THE MANCHURIAN CANDIDATE /
O MENSAXEIRO DO MEDO
20:00 BANDE À PART / BANDA Á PARTE

LUNS 7 DE NOVIEMBRE

TEATRO PRINCIPAL

17.30 DELO /ARRESTO DOMICILIARIO
19.30 DECISION TO LEAVE
22.00 CAPTAIN VOLKONOGOV ESCAPED /
A FUGA DO CAPITÁN VOLKONOGOV

SALÓN TEATRO

17.00 A STAR IS BORN / NACEU UNHA ESTRELA
19.45 LIVING / VIVINDO
21.45 PETITE FLEUR / PEQUENA FLOR

NUMAX

16.00 TRÉS TIGRES TRISTES
18.00 CAMELOT
21.15 PROGRAMA 1. PANORAMA AUDIOVISUAL GALEGO
AUDITORIO DE GALICIA. SALA MOZART
17.00 PURPLE RAIN
19.30 THE WIZ / O FEITICEIRO

MARTES 8 DE NOVIEMBRE

TEATRO PRINCIPAL

17.30 EL CASO PADILLA
19.00 TRIANGLE OF SADNESS /

O TRIÁNGULO DA TRISTEZA

21.45 MANTÍCORA

SALÓN TEATRO

17.30 PHANTOM OF THE PARADISE /
A PANTASMA DO PARAÍSO
19.15 DECISION TO LEAVE
22.00 CAPTAIN VOLKONOGOV ESCAPED /
A FUGA DO CAPITÁN VOLKONOGOV

NUMAX

16.00 SUBLIME
18.00 TRENQUE LAUQUEN

AUDITORIO DE GALICIA. SALA MOZART

17.00 THE BAND WAGON /
MELODÍAS DE BROADWAY 1955
19.30 FUNNY GIRL

MÉRCORES 9 DE NOVIEMBRE

TEATRO PRINCIPAL

18.00 EL SOSTRE GROC / O TEITO AMARELO
20.00 AS BESTAS
22.45 EO

SALÓN TEATRO

17.45 REGRA 34

19.45 R.M.N.

22.00 BOY FROM HEAVEN /
CONSPIRACIÓN NO CAIRO

NUMAX

17.15 JESÚS LÓPEZ

19.00 XOSÉ VELO. O LIBERTADOR IBÉRICO
+ COMPOSTELA RUPESTRE + COLOQUIO

20.30 VALLDAURA: A QUARANTINE CABIN
+ COLOQUIO

22.15 LAS CARTAS PERDIDAS

AUDITORIO DE GALICIA. SALA MOZART

17.00 THE MUSIC MAN / VIVIR DE ILUSIÓN

20.00 ELSA & FRED

XOVES 10 DE NOVEMBRO

TEATRO PRINCIPAL

17.30 PETITE FLEUR / PEQUENA FLOR

19.30 GODLAND

22.00 NO BEARS

SALÓN TEATRO

16.00 PURPLE RAIN

18.00 EO

19.45 TRENQUE LAUQUEN

NUMAX

17.15 PROGRAMA 2. PANORAMA AUDIOVISUAL

GALEGO + PRESENTACIÓN

18.40 AGROMANTES + COLOQUIO

20.20 TRÊS TIGRES TRISTES

22.00 REGRA 34

MULTICINES COMPOSTELA

19.00 AS BESTAS + PRESENTACIÓN E COLOQUIO

AUDITORIO DE GALICIA. SALA MOZART

18.00 LES PARAPLUIES DE CHERBOURG /

OS PARAUGAS DE CHERBURGO

20.00 ESPERANDO LA CARROZA

VENRES 11 DE NOVEMBRO

TEATRO PRINCIPAL

17.30 EO

19.15 MASTER GARDENER / O MESTRE XARDINEIRO

21.30 GREAT YARMOUTH - PROVISIONAL FIGURES

SALÓN TEATRO

17.30 THE BAND WAGON /

MELODÍAS DE BROADWAY 1955

19.45 NO BEARS

21.45 UNE CHAMBRE EN VILLE /
UNHA HABITACIÓN NA CIDADE

NUMAX

16.20 EL PERFECTO DAVID

18.00 UN CIELO IMPASIBLE + COLOQUIO EN LIÑA

20.00 REMOVENDO A TERRA + COLOQUIO

22.00 10 DE MARZO + COLOQUIO

MULTICINES COMPOSTELA

17.30 SWING TIME / EN ÁS DA DANZA

19.30 FUNNY GIRL

22.15 PHANTOM OF THE PARADISE /

A PANTASMA DO PARAÍSO

SÁBADO 12 DE NOVEMBRO

TEATRO PRINCIPAL

16.00 OINK

17.30 TRIANGLE OF SADNESS /
O TRIÁNGULO DA TRISTEZA

20.15 BROKER

22.30 SPARTA

SALÓN TEATRO

18.00 THE QUIET GIRL

20.00 PREMIO CINEUROPA: JOÃO PEDRO

RODRIGUES + FOGO-FÁTUO

22.00 SURO / CORTIZA

NUMAX

18.00 FERRÍN ARRAIANO + FLORENCIO DELGADO
GURRIARÁN DO A AO Z + A ORIXE DO CAMIÑO DE

SANTIAGO + PRESENTACIÓN E COLOQUIO

20.15 LAS CARTAS PERDIDAS

21.45 TENGO SUEÑOS ELÉCTRICOS

MULTICINES COMPOSTELA

17.00 THE MUSIC MAN / VIVIR DE ILUSIÓN

19.45 8 FEMMES / 8 MULLERES

22.00 THE WIZ / O FEITICEIRO

PASEOS DE CINE

12.00 CINEMA(TÓGRAFO)S DE COMPOSTELA

17.00 COMPOSTELA FILMADA

DOMINGO 13 DE NOVEMBRO

TEATRO PRINCIPAL

16.00 OINK

18.00 OS DEMOS DE BARRO +
PRESENTACIÓN E COLOQUIO

20.15 MASTER GARDENER / O MESTRE XARDINEIRO

22.15 GREAT YARMOUTH - PROVISIONAL FIGURES

SALÓN TEATRO

16.00 FUNNY FACE / UNHA CARA CON ANXO

18.00 BROKER

20.30 LA NUIT DU 12 / A NOITE DO 12

NUMAX

16.00 SUBLIME

18.00 LA CLUB VIRGINIA + PRESENTACIÓN

E COLOQUIO

19.45 FALCON LAKE

22.00 FOU DRE / THUNDER

MULTICINES COMPOSTELA

16.00 FRENCH CANCAN

18.00 FIDDLER ON THE ROOF /

O VIOLINISTA NO TELLADO

21.15 GENTLEMEN PREFER BLONDES /

OS CABALEIROS PREFIREN AS LOIRAS

PASEOS DE CINE

12.00 CINEMA(TÓGRAFO)S DE COMPOSTELA

LUNS 14 DE NOVENBRO

TEATRO PRINCIPAL

17.30 RUNNER

19.00 PALM TREES AND POWER LINES / PALMEIRAS

E CABLES DA LUZ

21.15 BOY FROM HEAVEN / CONSPIRACIÓN NO CAIRO

SALÓN TEATRO

17.00 LES PARAPLUIES DE CHERBOURG /

OS PARAUGAS DE CHERBURGO

18.45 GODLAND

21.15 SPARTA

NUMAX

18.00 IT'S ALWAYS FAIR WEATHER /

SEMPRE VAI BO TEMPO

20:00 LA RED PONZÁN

21.45 PIAFFE

AUDITORIO DE GALICIA. SALA MOZART

17.00 LAGAAN: ONCE UPON A TIME IN INDIA /

LAGAAN: ERA UNHA VEZ NA INDIA

21.00 STORMY WEATHER / TEMPO DE TORMENTA

MARTES 15 DE NOVENBRO

TEATRO PRINCIPAL

17.30 1976

19.15 FIFI

21.15 LES ENFANTS DES AUTRES /

OS FILLOS DOS OUTROS

SALÓN TEATRO

18.00 JESÚS LÓPEZ

19.45 SINGIN' IN THE RAIN /

CANTANDO BAIXO A CHOIVA

22.00 RUNNER

NUMAX

16.30 LA RED PONZÁN

18.30 ALL THAT JAZZ

21.00 BEAUTIFUL BEINGS

AUDITORIO DE GALICIA. SALA MOZART

18.00 PROGRAMA ESPECIAL | ATURUXO FILMS:

IMAXINANDO MÚSICAS + PRESENTACIÓN

E COLOQUIO

20.15 SWING TIME / EN ÁS DA DANZA

MÉRCORES 16 DE NOVENBRO

TEATRO PRINCIPAL

17.30 FOU DRE / THUNDER

19.15 SAINT OMER

21.30 PLUS QUE JAMAIS / MÁIS CA NUNCA

SALÓN TEATRO

17.00 CAMELOT

20.15 GIGI LA LEGGE / GIGI A LEI

22.15 PALM TREES AND POWER LINES /

PALMEIRAS E CABLES DA LUZ

NUMAX

17.30 FALCON LAKE

19.30 SURO / CORTIZA

21.45 BLANQUITA

XOVES 17 DE NOVENBRO

TEATRO PRINCIPAL

17.30 TENGO SUEÑOS ELÉCTRICOS

19.30 RIMINI

21.45 PELÍCULA SORPRESA

SALÓN TEATRO

18.00 EL PERFECTO DAVID

19.30 BARAJAS + PRESENTACIÓN E COLOQUIO

21.00 PROJECT WOLF HUNTING

NUMAX

18.15 PIAFFE

20.00 1976 + PRESENTACIÓN E COLOQUIO

22.15 FIFI

AUDITORIO DE GALICIA. SALA ÁNGEL BRAGE

19.30 B.S.O. A RFG CON CINEUROPA

VENRES 18 DE NOVENBRO

TEATRO PRINCIPAL

17.30 SURO / CORTIZA

19.45 PREMIO CINEUROPA: CHARO LÓPEZ +

SECRETOS DEL CORAZÓN

22.00 MARATÓN

THE LAIR

PELÍCULA SORPRESA 1

PROJECT WOLF HUNTING

PELÍCULA SORPRESA 2

LA NUIT DU 12 / A NOITE DO 12

EL HOMBRE Y EL MONSTRUO

PELÍCULA SORPRESA 3

SALÓN TEATRO

17.00 BLANQUITA

18.45 DONDE ACABA LA MEMORIA +

PRESENTACIÓN E COLOQUIO

20.15 RIMINI

22.30 SAINT OMER

MULTICINES COMPOSTELA

17.00 STORMY WEATHER / TEMPO DE TORMENTA

19.30 THE BAND WAGON

21.30 PURPLE RAIN

AUDITORIO DE GALICIA. SALA MOZART

17.00 THE MANCHURIAN CANDIDATE /

O MENSAXEIRO DO MEDO

19.30 SWING TIME / EN ÁS DA DANZA

SÁBADO 19 DE NOVENBRO

TEATRO PRINCIPAL

16.00 OINK

17.30 BEAUTIFUL BEINGS

19.45 LES ENFANTS DES AUTRES /

OS FILLOS DOS OUTROS

22.00 CHRONIQUE D'UNE LIAISON PASSAGÈRE /

CRÓNICA DUN AMOR EFÉMERO

SALÓN TEATRO

17.00 PLUS QUE JAMAIS / MÁIS CA NUNCA

19.30 UN ÉTÉ COMME ÇA / ESE TIPO DE VERÁN

22.00 VIENS, JE T'EMMÈNE / UN HEROE ANÓNIMO

MULTICINES COMPOSTELA

16.30 PAINT YOUR WAGON /

A LENDA DA CIDADE SEN NOME

19.30 ELSA & FRED

21.30 ESPERANDO LA CARROZA

DOMINGO 20 DE NOVENBRO

TEATRO PRINCIPAL

17.15 VIENS, JE T'EMMÈNE / UN HEROE ANÓNIMO

19.30 CERIMONIA DE CLAUSURA

PREMIOS + CHRONIQUE D'UNE LIAISON PASSAGÈRE /

CRÓNICA DUN AMOR EFÉMERO

22.00 UN ÉTÉ COMME ÇA / ESE TIPO DE VERÁN

SALÓN TEATRO

17.00 PAINT YOUR WAGON /

A LENDA DA CIDADE SEN NOME

20.00 GIGI LA LEGGE / GIGI A LEI

22.00 PROJECT WOLF HAUNTING

MULTICINES COMPOSTELA

17.00 LAGAAN: ONCE UPON A TIME IN INDIA /

LAGAAN: ERA UNHA VEZ NA INDIA

21.00 BARAJAS

AUDITORIO DE GALICIA. SALA MOZART

17.00 IT'S ALWAYS FAIR WEATHER /

SEMPRE FAI BO TEMPO

19.00 FIDDLER ON THE ROOF /

O VIOLINISTA NO TELLADO



**Compostela
Cultura**

compostelacultura.gal



#CINEUROPA36

PREMIOS CINEUROPA



ANA, BELEN

Hai uns anos que un grupo de críticos de cinema da miña quinta –Imma Merino, Anxo Quintana– xogamos coa operación nostalgia de lembrar os tempos, as obras, as reparticións daqueles Estudio 1 da TVE do primeiros setenta. Un dos exercicios máis habituais é o de recitar o cásting de *Doce hombres sin piedad* coma se fose o Barça de Serrat, o de Basora, César, Kubala, Moreno e Manchón. Estes amigos sempre volven sobre a que consideran a mellor daquelas adaptacións dramáticas ou literarias: *La pequeña Dorrit*. E sobre Ana Belén. Está claro que a descubriron alí, naquel Dickens que dirixía Pilar Miró. Cada un de nós sabemos en que momento

reparamos en que coñeceramos a unha actriz xerminal, a unha presenza que ía marcar varias décadas do cinema español. E tamén do teatro e daquela TVE, aínda da ditadura, que se dignificaba coa súa posta en escena de Dickens, de Thackeray, de O’Neill. Ana Belén non só foi a *Pequena Dorrit*. Tamén fixo naquel tempo un *Romeo e Julieta* ou unha *Antígona*. E sobre a escena, baixo a éxida primeira de Miguel Narros tantas veces por ela recoñecida, fixo Calderón, Chejov, Lorca. E moito Eurípides. E moito Shakespeare. Agora xira cunha relectura de *Eva al desnudo* por Silvia Munt e, nun meses, poderémola ver en Compostela como Xulieta con José Luis Gómez como Romeo.

O meu descubrimento persoal de Ana Belén –volvendo á pantalla grande– foi en *Españolas en París*. Os planos finais, con esa muller emigrante e o seu fillo no colo, mentres se escoitan *Palabras para Julia* de José Agustín Goytisolo interpretada por Paco Ibáñez, foron o anuncio daquel cinema da apertura, a chamada terceira vía. En realidade, era unha superposición de música e imaxes que confrontaban con aquel aínda

sanguinario tardofranquismo. O poema de Goytisolo, os ecos de resistencia de Ibáñez desde o Olympia. E Ana Belén, que ía ser un dos máis representativos rostros do eurocomunismo español, que quería asemellarse en hexemonía ao italiano.

Despois veu a educación sentimental dunha xeración en *El amor del capitán Brando*. E unha adaptación de Pérez Galdós, *Tormento*, anticipo do que veu coa lei Miró. Precisamente na ópera prima de Pilar Miró, *La petición*, o cinema español comezou a coñecer o fenómeno da película-escándalo. Un breve relato de Zola, unha relación sadomasoquista e Ana Belén facendo o amor cun home morto. As costuras do espírito do 12 de febreiro que se racharon porque Suárez xa estaba na Moncloa.

A significación política daquel tempo están presentes en *La criatura*, ese libérrimo exabrupto antifascista de Eloy de la Iglesia. E na máis críptica *Sonámbulos*. Con Gutiérrez Aragón repetiría Ana en *Demonios en el jardín*, que é xa unha emanación poderosísima do star-system español da década dos 80. Non existían aínda os Goya. Levaríalos absolutamente todos. Como anticipo de *La colmena*, que gañou o Oso de Ouro na Berlinale.

Nesa cima da súa carreira como actriz total, chega un período de cinema máis abertamente gozoso, onde cabe o asalto á zarzuela como musical de enredo en *La corte del Faraón*, ao vodevil en *Sé infiel y no mires con quién* e á comedia pura en *Miss Caribe* ou *Rosa Rosae*. Ou mesmo ao polar, en *Adiós, pequeña*. E tamén as adaptacións de Valle –*Divinas palabras*– ou de Lorca, en *La casa de Bernarda Alba*, con Mario Camus. De novo con Camus, *Después del sueño* tira liña sobre as luces e sombras da Transición. E é obra necesitada de reivindicación e nova lectura.

Sen dúbida, os rexistros de Ana Belén eran idóneos para as partituras esquinadas do desexo do universo de Vicente Aranda. En *La pasión turca* –grande éxito– o que funcionaba mellor, por riba do traballo de encarga, era precisamente a súa interpretación. E en *Libertarias* habita unha desas tan escasas reivindicacións da muller na nosa guerra. A película que enmarca o noso tributo a Ana Belén é un exercicio de alta comedia –esa corda tan poucas veces afinada no noso cinema–, talvez un inspirado intento de elo perdido coas comedias do gran Edgard Neville.

Fernando Trueba, noutro dos seus actos de grande intuición, recuperou hai cinco anos a Ana para o elenco da súa secuela de *La niña de tus ojos*. Sobre esta película, *La reina de España*, caeron todos os tronos desa España mediática da caverna, que consideraba a Trueba mal patriota. E nesas estamos. Se cadra é de novo necesario –máis ca nunca– o retorno da Ana Belén *engagé* daqueles tempos, os días en que queríamos pensar que Santiago Carrillo era Enrico Berlinguer con menos pelo.

José Luis Losa



LOIS
PATIÑO

O labor de programación dun festival non consiste só en escolmar o mellor cinema do presente, senón en desvelar o mellor cinema do futuro. Cando no 2010 Cineuropa puxo o foco na obra, daquela incipiente, de Lois Patiño, fixemos un xenuíno acto de fe na súa acepción máis nobre, a da crenza absoluta en alguén. Unha confianza non irracional, senón baseada en argumentos incontestábeis. Para empezar, a curiosidade ilimitada do cineasta, sempre disposto a aprender máis, a mirar máis, a mirar mellor. A súa fonda vontade para a experimentación, entendida como unha disposición lúdica ao ensaio e o erro, a probar cousas diferentes até que saian ben, a medrar en cada mutación. Ou o seu afán pola cultura e o coñecemento, coa convicción de que o bo cinema se alimenta tamén de boas bibliotecas e bos museos. Non debe resultar inesperado, entón, que aquel cerebro efervescente fose ademais quen avistou de maneira máis perspicaz o que estaba acontecendo nesa altura no noso país, quen asumiu, con máis claridade, a revolución do que demos en chamar “novo cinema galego”, unha etiqueta que el aceptou con entusiasmo.

Todo iso agromaba xa na súa obra primeira. Na busca humanista dos retratos de *Rostros de arena* e no lirismo amargo de *Recordando los rostros de la muerte*. Nos ensaios arredor da contemplación da serie *Paisaje-Distancia* e no traballo sobre o tempo e as texturas pictóricas en *Paisaje-Duración*. Na análise dos cambios sutís da natureza arredor dun corpo inmóbil de *En el movimiento del paisaje* e no abraio ante a suprema grandeza das formas da Terra en *Na vibración*. Eran os alicerces da beleza maior que estaba por vir. A espectacular *Montaña en sombra* culmina o estudo da figura humana na paisaxe e é seleccionada no Festival de Roma, o que lle abre portas aló e acolá para coleccionar festivais e acumular premios. A longametraxe *Costa da Morte* é un xigantesco salto adiante que o sitúa no Festival de Locarno, de onde sae co premio ao mellor director da sección Cineasti del Presente. Á experiencia contemplativa súmase o relato oral da veciñanza para conxugar o territorio, a Historia, as historias e os mitos nun conxunto ao mesmo tempo épico e agarimoso, doméstico e universal, unha monumental tarxeta de presentación para proxectármonos ante o mundo.

Chegar á división de honra non o volve acomodadizo. Lois segue experimentando: coa desaceleración das imaxes do lume que salienta o seu poder hipnótico en *La imagen arde*, coa cor que se descompón e perde a sincronía en *Estratos de la imagen*, co tratamento visual extremo da espectral *Noite sem distância* que é, de paso, un inicial achegamento á ficción, ou coa deriva meditativa de *Fajr*. Son pasos firmes nun camiño de perfección que conclúe na sensacional *Lúa vermella*, que pasea por un limbo incerto entre a vida e o alén, entre a vixilia e o soño, e xoga cos arquetipos das lendas galegas —as meigas, a Santa Compañía— e a realimentación entre a identidade colectiva e a paisaxe de Galicia para elaborar un relato sobre o dó e a necesidade da despedida para a aceptación da morte. Estreada na Berlinale inmediatamente anterior ao confinamento pola pandemia, resulta obvio que o filme foi, en moitos aspectos, visionario.

Asentado con seguridade na ficción, atrévese con Shakespeare e coa dirección compartida en *Sycorax Sycorax*, unha modélica fusión do seu universo co do galego-arxentino Matías Piñeiro que participa na Quincena de Realizadores de Cannes do 2021 e anticipa unha próxima longametraxe a partir da obra *A tempestade*. O último, polo momento, é *El sembrador de estrellas*, a concurso este ano na competencia de curtas de Berlín, sublime sinfonía urbana que imaxina un Toquio nocturno imposíbel, poboado por fantasmas de luz e voces que dialogan co pouso concentrado dun haiku. Visto coa perspectiva dos anos, xa non hai dúbida ningunha de que apostar por Lois non foi cuestión de fe: foi unha felicidade.

Martin Pawley



JOÃO PEDRO RODRIGUES

Na presentación de *Fogo-Fátuo* no “Curtas” de Vila do Conde o pasado mes de xullo, o realizador João Pedro Rodrigues agradeceu publicamente o traballo do elenco e insistiu na importancia que para el ten atopar os actores e as actrices ideais. Dalgunha maneira, os filmes non existirían sen ese encontro do cineasta coas persoas que van encarnar os personaxes imaxinados, unha elección que acaba por ser a única posíbel, unha sen alternativa óptima. A partir desa comunión milagrosa nace o filme que, ao expresarse a través duns corpos precisos nuns espazos concretos, se transforma. Debe reescribirse e adaptarse a esa confluencia marabillosa. A obra de João Pedro é o resultado dun prodixioso equilibrio entre a preparación meticulosa e a inspiración sempre acesa, entre o control e a aceptación do inesperado. Un equilibrio seguramente natural en alguén que suma unha formación cinéfila no sentido tradicional, froito de innumerábeis sesións da Cinemateca Portuguesa,

e unha insubornábel liberdade creativa. E é que poucos cineastas hai tan libres como João Pedro. Libre para moverse entre as narracións tipicamente recoñecíbeis como “ficcións” e os obxectos que desafían calquera clase de etiquetas, para tensar as convencións e os arquetipos dos xéneros, para xogar coas súas aparencias, coas súas carcasas, e tirar de todo iso algo novo, diferente. Libre para transitar entre a realidade e un “outro lado”, o lado da fantasía, da metamorfose, da transfiguración, mesmo que sexa para revelar a imposibilidade de non ser o que un é. Non é estraño que a súa filmografía estea poboada de seres en transición. É así dende a primeira longa, *O fantasma*, a concurso na Mostra de Venecia polo León de Ouro, un relato perturbador de soidade e desexo, da busca desesperada e violenta de amor. Ou en *Odete*, estreado na Quincena de Realizadores de Cannes, un melodrama romántico máis alá da morte. A inesquecível Tónia de *Morrer como um homem* é o paradigma de personaxe plural, larva e bolboreta, unha drag histórica da noite de Lisboa de conmovedora humanidade e finalmente vencida polo tempo. Máis mutante é o protagonista d’*O ornitólogo*, un observador científico das aves que se cruza con toda sorte de criaturas que o desvían do camiño cara a un horizonte de santidad pagá. O príncipe que quere ser bombeiro de *Fogo-Fátuo* é tamén un home dividido, desta volta entre o seu deber e a súa paixón; se acaba por someterse á primeira, será aceptando a súa condición de “non ser”, ou de ser “o menos que puder, símbolo vazio de coisa nenhuma”.

No “ciclo asiático”, na serie de filmes codirixidos co seu compañeiro João Rui Guerra da Mata, persiste esa natureza híbrida, ese gusto pola fabulación. Até en documentais en aparencia canónicos como o vitalista *Alvorada vermelha*, un paseo polo Mercado Vermelho de Macao que, entre aves degoladas e peixes abertos pola metade que aínda sacoden os seus corpos, encontra espazo para sereas imaxinarias e homenaxes a Jane Russell, simbolicamente presente tamén ao inicio de *A última vez que vi Macau*, un relato de intriga sen rostros que combina os recordos persoais e a memoria colectiva das ficcións e os escenarios exóticos evocadores dun extinto *glamour*. A mesma vontade de relectura lúdica do “film noir” está presente na curta *Mahjong*, igual que a resaca de adolescentes zombies de *Manhã de Santo António* ten moito de revisión contemporánea do xénero do horror. E non é acaso a galeguísima *O corpo de Afonso* unha relectura retranqueira da historia e o que resta dos seus mitos? Ao adentrármonos no universo de João Pedro Rodrigues, convén deixar estacionados lonxe todos os prexuízos. Benvinda sexa sempre a liberdade. Benvido sexa sempre o seu cinema.

Martin Pawley



CHARO LÓPEZ

Na medida na que Charo López se metabolizou como o territorio do enigma, con maiúsculas, do noso cinema, tendo a pensar que a súa presenza en todas as súas películas, desde que Gonzalo Suárez a deu a coñecer en *Ditirambo*, é tamén unha bruma. Unha materia que cambia con cada mirada, con cada revisión. Nese sentido, Charo López pertence a esa natureza de figuras da representación que brillan nas obras que están á altura dese misterio seu: nas súas seis colaboracións con Gonzalo Suárez, en *Tiempo de silencio*, en *Secretos del corazón*, en *La colmena*, en *Los placeres ocultos*, en *Fortunata y Jacinta*, en *Los gozos y las sombras*; e por suposto, en *Los paraísos perdidos*, de Martín Patino. Cando a película semella perecedora ou esquecible, nela

escintila Charo López como estrela errante que nuclea arredor de si ese desaforamento da beleza convulsa, tanto ten que se trate dun *spaghetti-western* con Fabio Testi ou dun delirio entre pop e *noir* como *Me enveneno de azules*, nada menos que xunto a Junior.

Calquera película que leve dentro a Charo López merece unha revisitación. Porque nesas imaxes está conservado ese enigma, esa cavilación que, de seu, conforma un estalido, unha imaxe revelada en perpetua evolución. Convidoo a que o comprobren. Revisen o seu debut na pantalla en *El hueso*, en parella imposible con Cassen. Ou en *Manuela*, obra naturalista do hoxe debido autor de culto Gonzalo García Pelayo. Descúbrana en *Luto riguroso*, do sempre imprevisible José Ramón Larraz. Ou recuperen dos arquivos cada día máis xenerosos de TVE a serie *Un día volveré*, o segundo Marsé da actriz despois de *Últimas tardes con Teresa*.

A organicidade de Charo López posúe o don mesmerizante de erixirse en obra en si mesma. É algo que Godard experimentou con Anna Karina. Pensar nos territorios do noso cinema que Charo López non chegou a habitar —a infeliz resolución do que ía ser a súa Virxe para *La Vía Láctea* de Buñuel, ou o seu rexeitamento para intervir no *Matador* de Almodóvar— darían para unha historia ensoñada ou para unha impugnación de todo o que puido ser e non foi. Por que Charo López non puido ocupar o epicentro de *Ana y los lobos* ou de *Peppermint Frappé*? Como é que Vicente Aranda, máis aló da devandita *Tiempo de silencio*, non se atreveu a dobrar o seu Cabo de Fornos pasional profundando nela e nos seus irredentos poderes e pulsións iconográficas?

Arredor de Charo López, dos seus pasos descontinuos, do seu hedonismo equívoco e sabio, cumpriría inventar unha Historia do cinema español alternativa. Iso dío todo sobre o seu poder como involuntariamente taumátúxico; dunha magnitude tal que só con que unha industria tan cega coma a nosa lle permitira rodar xa se ensanchan os sucos dunha lenda.

Lémbroa neste Teatro Principal en 1989 representando *Hay que deshacer la casa*, o segundo dos seus grandes éxitos teatrais na súa escapada para reinventarse en Arxentina, que ela mesma produciu despois de ocupar artisticamente Bos Aires durante máis de medio ano xunto a Pepe Sancristán coa adaptación de *Una jornada particular*.

No tributo deste 36º Cineuropa poderemos celebrar a ese personaxe de *Secretos del corazón* que tan ben representa os ecos de ignoto malditismo de muller con pasado —cando o patriarcado pretendía que o xénero feminino non o tivese—, coma se estivésemos a falar dunha Ava Gardner insubmisa na Salamanca constrinxida onde se fundaron os corenta anos de xugo e as frechas.

#CINEUROPA36

SECCIONES OFICIAIS

NOVAS/OS CINEASTAS

1976

BEAUTIFUL BEINGS

FALCON LAKE

FIFI

FOUDRE / THUNDER

PALM TREES AND POWER LINES /

PALMEIRAS E CABLES DA LUZ

PIAFFE

RUNNER

SAINT OMER

SURO / CORTIZA

TENGO SUEÑOS ELÉCTRICOS

SECCIÓN OFICIAL EUROPEA

AS BESTAS

CAPTAIN VOLKONOGOV ESCAPED / A FUGA DO

CAPITÁN VOLKONOGOV

CHRONIQUE D'UNE LIAISON PASSAGÈRE /

CRÓNICA DUN AMOR EFÉMERO

DELO / ARRESTO DOMICILIARIO

EO

FOGO-FÁTUO

GIGI LA LEGGE / GIGI A LEI

GODLAND

GREAT YARMOUTH - PROVISIONAL FIGURES

LA NUIT DU 12 / A NOITE DO 12

LES ENFANTS DES AUTRES / OS FILLOS DOS

OUTROS

LIVING / VIVINDO

MANTÍCORA

OINK

PETITE FLEUR / PEQUENA FLOR

PLUS QUE JAMAIS / MÁIS CA NUNCA

R.M.N.

RIMINI

SPARTA

THE QUIET GIRL

TRIANGLE OF SADNESS /

O TRIÁNGULO DA TRISTEZA

UN BEAU MATIN / UNHA BONITA MAÑÁ

VIENS, JE T'EMMÈNE / UN HEROE ANÓNIMO

PANORAMA INTERNACIONAL

BOY FROM HEAVEN / CONSPIRACIÓN NO CAIRO

BROKER

DECISION TO LEAVE

EL CASO PADILLA

MASTER GARDENER / O MESTRE XARDINEIRO

NO BEARS

REGRA 34

TRENQUE LAUQUEN

UN ÉTÉ COMME ÇA / ESE TIPO DE VERÁN

PANORAMA AUDIOVISUAL GALEGO

10 DE MARZO

A ORIXE DO CAMIÑO DE SANTIAGO

A REVOLUCIÓN (É) PROBABLE

AGROMANTES

ANATOMÍA DUNHA SEREA

COMPOSTELA RUPESTRE

DONDE ACABA LA MEMORIA

FERRÍN ARRAIANO

FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN DO A AO Z

LA ENTREGA

MARGARITA LEDO. PAROLAR CUN EU

O NIÑO DOS PAXAROS

OS DEMOS DE BARRO

REMOVENDO A TERRA

SAUERDOGS

UN CIELO IMPASIBLE

VALLDAURA: A QUARANTINE CABIN

XOSÉ VELO. O LIBERTADOR IBÉRICO

DOCS CINEUROPA

BARAJAS

EL CASO PADILLA

EL SOSTRE GROC / O TEITO AMARELO

LA CLUB VIRGINIA

LA RED PONZÁN

LAS CARTAS PERDIDAS

#CINEUROPA36

SECCIÓN OFICIAL

PROYECCIONES ESPECIALES:

INAUGURACIÓN E CLAUSURA

Inauguración | Venres 4, 22.00 | Teatro Principal

**UN BEAU MATIN /
UNHA BONITA MAÑÁ (2022)**

Mia Hansen-Løve

Francia, Reino Unido, Alemaña / 112 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Léa Seydoux, Melvil Poupaud, Nicole García

Ficha técnica:

•**Guión:** Mia Hansen-Løve

•**Fotografía:** Denis Lenoir

•**Edición:** Marion Monnier

•**Produción:** arte France Cinéma, Mubi, Razor Film

Sinopse:

Unha muller cunha filla de oito anos vive co seu pai, que padece unha enfermidade neurodexenerativa. Mentres loita por conseguir un fogar de anciáns decente, atópase cun vello amigo co que comeza unha historia de amor. Mais el ten outra relación.



Sección 'Quinzaine des réalisateurs' do Festival de Cannes 2022

Clausura | Domingo 20, 19.30 | Teatro Principal

**CHRONIQUE D'UNE LIAISON PASSAGÈRE /
CRÓNICA DUN AMOR EFÉMERO (2022)**

Emmanuel Mouret

Francia / 100 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Sandrine Kiberlain, Vincent Macaigne, Georgia Scalliet

Ficha técnica:

•**Guión:** Emmanuel Mouret

•**Fotografía:** Laurent Desmet

•**Edición:** Martial Salomon

•**Produción:** Frédéric Niedermayer

Sinopse:

Unha nai solteira e un home casado inician unha relación amorosa. Están comprometidos a verse só para unha aventura e non para atopar ningunha esperanza de amor, conscientes de que a relación non ten futuro. Así e todo, aos pouquiños e paseniño, van quedando abraiaados coa comprensión, complicidade e benestar que experimentan xuntos.



Sección oficial (fóra de concurso) no Festival Cannes 2022



MERCA AQUÍ LEVA COMPOSTELA NO CORAZÓN

BONOS CORAZÓN COMPOSTELA

Se tes un **comercio** ou un local de **hostalería** abónate á **campaña**.
Se es **cliente** troca o teu bono.

+info: bonoscorazoncompostela.gal



NOVAS/OS CINEASTAS

Na pasada edición instauramos Cineuropa como festival competitivo. E a sección a concurso é a que mira cara ao presente e cara ao futuro, ás novas e novos realizadores que presenten a súa primeira ou segunda longametraxe. Once películas son as que vai valorar un xurado internacional. E chegan de foros tan relevantes como Sundance, Locarno, Venecia ou San Sebastián. É a oportunidade de descubrir os nomes que de seguro terán moito que dicir no cinema das vindeiras décadas. Sigán de preto estas once películas que recibirán os premios oficiais do festival na xornada de clausura.

Martes 15, 17.30 | Teatro Principal
Xoves 17, 20.00 | NUMAX
+ PRESENTACIÓN E COLOQUIO

1976 (2022)

Manuela Martelli

Chile, Argentina, Qatar / 95 min / Ficción / Español

Ficha artística:

Aline Kuppenheim, Nicolás Sepúlveda, Hugo Medina, Alejandro Goic

Ficha técnica:

•**Guión:** Manuela Martelli, Alejandra Moffat

•**Fotografía:** Yarárá Rodríguez, A.D.F.

•**Edición:** Camila Mercadal

•**Produción:** Dominga Sotomayor, Alejandra García, Andrés Wood

Sinopse:

1976, Chile. Carmen marcha para a praia coa intención de supervisar a remodelación da súa casa. O seu home, os fillos e os netos van e veñen nas vacacións de inverno. Cando o sacerdote da familia lle pide que coide a un mozo que aloxan en segredo, Carmen entrará en territorios inexplorados, lonxe da vida tranquila que adoita levar.

Manuela Martelli (Santiago de Chile, Chile). Interveu como actriz en títulos como *Machuca* (Andrés Wood, 2004), *Malta con huevo* (Cristóbal Valderrama, 2007), *La buena vida* (Andrés Wood, 2008) ou *Il futuro* (Alicia Escherson, 2013). Na súa faceta detrás da cámara dirixiu as curtametraxes *Apnea* (2015) e *Marea de tierra* (2016), presentada en Sundance. No 2015 participou na película colectiva *Chile Factory*.



- Mellor ópera prima no Festival de Xerusalén 2022
- Sección 'Quinzaine des réalisateurs' do Festival de Cannes 2022
- Sección 'Horizontes latinos' do Festival de San Sebastián 2022



Martes 15, 21.00 | NUMAX
Sábado 19, 17.30 | Teatro Principal

BEAUTIFUL BEINGS (2022)

Guðmundur Arnar Guðmundsson

Islandia, Dinamarca, Suecia / 123 min / Ficción / Islandés

Ficha artística:

Birgir Dagur Bjarkason, Áskell Einar Pálmason, Viktor Benóný Benediktsson, Snorri Rafn Frímansson

Ficha técnica:

•**Guión:** Guðmundur Arnar Guðmundsson

•**Fotografía:** Sturla Brandth Grøvlen

•**Edición:** Andri Steinn Guðjónsson

•**Produción:** Anton Máni Svansson

Sinopse:

Addi, un neno criado por unha nai clarividente, decide acoller no seu grupo de inadaptados a un rapaz que está a ser acosado. Deixados á súa sorte, os nenos exploran a agresión e a violencia, pero tamén aprenden sobre a lealdade e o amor. A medida que o comportamento do grupo avanza cara a situacións que ameazan a vida, Addi comeza a experimentar unha serie de visións oníricas. Poderá guialo a súa nova intuición de regreso a un camiño máis seguro, ou o avance cara a unha maior violencia será irrevogable?

Guðmundur Arnar Guðmundsson (Reikiavik, Islandia). Graduado na Icelandic Art Academy. Logo da súa graduación mudouse a Dinamarca e estudou escritura de guión. As súas curtametraxes foron seleccionadas en máis de 200 festivais e gañaron máis de 50 premios internacionais. Entre elas cómpre salientar unha mención especial para *Whale Valley* (2013) en Competición Oficial do Festival de Cannes e unha candidatura para os European Film Awards.



- Premio FIPRESCI no Off Camera International Festival of Independent Cinema 2022
- Sección Panorama da Berlinale 2022



Domingo 13, 19.45 | NUMAX
Mércores 16, 17.30 | NUMAX

FALCON LAKE (2022)

Charlotte Le Bon

Canadá, Francia / 100 min / Ficción / Francés, inglés

Ficha artística:

Joseph Engel, Sara Montpetit, Monia Chokrit

Ficha técnica:

•**Guión:** Charlotte Le Bon (baseado na novela gráfica *Unha irmá* de Bastien Vives)

•**Fotografía:** Kristof Brandl

•**Edición:** Julie Lena

•**Produción:** David Gauquié, Julien Deris, Sylvain

Corbeil, Nancy Grant

Sinopse:

Bastien, un adolescente parisiense, pasa as vacacións coa súa familia nunha cabana á beira dun lago de Quebec. Alí atoparase con Chloé, unha moza maior ca el da que namora fondamente. Malia a diferenza de idade e os medos de Bastien, desenvólven un vínculo especial. Bastien terase que enfrontar aos seus medos para lograr un lugar no corazón de Chloé, mentres exploran a súa sexualidade e a inquietante lenda da pantasma do lago.

Charlotte Le Bon (Montreal, Canadá). Traballou como actriz con directores franceses como Michel Gondry e Jalil Lespert. Nos Estados Unidos filmou películas con Lasse Hallström, Robert Zemeckis e Sean Ellis. Charlotte é unha artista que explora o seu gusto polo estraño a través de pinturas, debuxos e litografías. A súa paixón polo cinema de xénero levouna a escribir e dirixir *Judith Hotel*, unha curtametraxe presentada en Cannes no 2018. *Falcon Lake* é a súa primeira longametraxe.



- Sección 'Quinzaine des réalisateurs' no Festival de Cannes 2022



Martes 15, 19.15 | Teatro Principal
Xoves 17, 22.15 | NUMAX

FIFI (2022)

Jeanne Aslan, Paul Saintillan

Francia / 109 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Céleste Brunnuquell, Quentin Dolmaire, Chloé Mons

Ficha técnica:

•**Guión:** Jeanne Aslan, Paul Saintillan

•**Fotografía:** Alan Gichaoua

•**Edición:** Aymeric Schoens

•**Produción:** Haïku Films

Sinopse:

Nancy, leste de Francia. Verán. Tratando de fuxir do seu problemático contorno familiar, Sophie, unha moza de 15 anos, aproveita a oportunidade de facerse cun xogo de claves da casa da súa adifeirada amiga Xade. Mentres goza da ampla vivenda, que cría baleira durante o verán, atópase co irmán maior da súa amiga, Stéphane, quen, por azares do destino, tamén estaba a planear quedar. Mais, no canto de botala, Stéphane decide deixar a porta aberta e convida a Sophie a un verán inesperado.

Jeanne Aslan (Estambul, Turquía). Dirixiu as curtametraxes *Jeux de mains* (2005) e *20 ans et de la poussière* (2011). *Fifi* é a súa primeira longametraxe.

Paul Saintillan (Lille, Francia). A súa filmografía inclúe as curtas *Margot mise à nu* (2001), *La vie est un singe* (2002), *Conflit de canards* (2004), *Cauchemar du promeneur solitaire* (2005), *Cauchemar du perdur des clés* (2005) e *La piqûre* (2012). Actualmente traballa no documental *La bourboule, somewhere out of time*. *Fifi* é a súa primeira longametraxe.



- Premio novos directores no Festival de San Sebastián 2022



Domingo 13, 22.00 | NUMAX
Mércores 16, 17.30 | Teatro Principal

FOUDRE / THUNDER (2022)

Carmen Jaquier

Suíza/ 92 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Sabine Timoteo, Lilith Grasmug, Mermoz Melchior

Ficha técnica:

•**Guión:** Carmen Jaquier

•**Fotografía:** Marine Atlan

•**Edición:** Xavier Sirven

•**Producción:** Close Up Films

Sinopse:

Verán de 1900, Suíza. A morte de súpeto da súa irmá máis vella obriga a Elisabeth a regresar á casa. Asfixiada polas estritas normas da vila, Elisabeth verase pouco a pouco forzada a rebelarse polo dereito a vivir a súa vida.

Carmen Jaquier (Xenebra, Suíza). Estudou na Escola de Artes Aplicadas de Xenebra e na sección de cinema da ECAL de Lausanne. Dirixiu as curtametraxes *Bouffe moi!* (2004), *Ça ne veut pas dire que je ne t'aime pas* (2004), *Le tombeau des filles* (2010), *Le bal des sirènes* (2011), *La rivière sous la langue* (2015), e *Za nase zvi jezde* (2016, codirixida con Nagi Gianni). No 2013 participou no filme colectivo *Heimatland*, que competiu en Locarno.



Luns 14, 19.00 | Teatro Principal
Mércores 16, 22.15 | Salón Teatro

PALM TREES AND POWER LINES / PALMEIRAS E CABLES DA LUZ (2022)

Jamie Dack

EEUU/ 110 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Lily McInerney, Jonathan Tucker, Gretchen Mol

Ficha técnica:

•**Guión:** Jamie Dack, Audrey Findlay

•**Fotografía:** Chananun Chotrungrroj

•**Edición:** Christopher Radcliff

•**Producción:** Fiesta Island Films, Neon Heart Productions

Sinopse:

Lea, de dezasete anos, pasa as súas vacacións de verán sen máis plan ca o de se broncear coa súa mellor amiga no xardín traseiro da súa casa, mentres intenta non involucrarse nos problemas da súa angustiada nai e consumir drogas cun grupo de mozos da súa escola. Esta monotonía vese interrompida por un encontro casual con Tom, un home maior que promete unha alternativa á insatisfactoria vida adolescente de Lea. A moza cae rendida ante o encanto carismático de Tom, que exerce sobre ela un control crecente que a vai illando do seu círculo habitual. Lea non tarda en descubrir que as intencións dese home non son o que parecen.

Jamie Dack (Brooklyn, Nova York). Recibiu o seu mestrado en Belas artes do programa de posgrao en cinema da Escola Tisch da Universidade de Nova York. Comezou como guionista e directora facendo curtametraxes, entre elas *Palm trees and power lines*, que se estreou no Festival de Cinema de Cannes do 2018 como unha selección de Cinéfondation. A súa primeira longametraxe do mesmo título foi adaptada da súa curtametraxe tres anos despois.



•Premio á mellor dirección no Festival de Sundance 2022



Luns 14, 21.45 | NUMAX
Xoves 17, 18.15 | NUMAX

PIAFFE (2022)

Ann Oren

Alemaña / 86 min / Ficción / Alemán, inglés

Ficha artística:

Simone Bucio, Simon(e) Jaikiriuma Paetau, Sebastian Rudolph

Ficha técnica:

•**Guión:** Ann Oren, Thais Guisasola

•**Fotografía:** Carlos Vasquez

•**Edición:** Ann Oren, Haim Tabakman

•**Producción:** Kristof Gerega

Sinopse:

Cando a súa irmá Zara sofre un ataque de nervios, a introvertida Eva vese obrigada a aceptar o traballo de Zara como artista de Foley, e crear sons para un anuncio publicitario protagonizado por un cabalo. Cando unha cola de cabalo comeza a medrar a partir do seu corpo, Eva utiliza ese feito excepcional para iniciar un xogo de submisión cun mozo botánico. Unha das grandes sensacións da pasada edición do Festival de Locarno.

Ann Oren (Tel Aviv, Israel). Estudou Cinema e Belas Artes na School of Visual Arts de Nova York. Tras mudarse a Berlín no 2015, o seu interese artístico comezou a pasar da videoarte e as instalacións ao cinema. No 2020 dirixiu a curtametraxe *Passage*, que se estreou no Festival de Curtas de Oberhausen e recibiu, entre outros, o premio á mellor curtametraxe experimental en Slamdance. *Passage* funciona como precuela de *Piaffe*, a súa primeira longametraxe, que competiu no Festival de Locarno.



•Candidata á mellor película da sección 'Noves visións' en Sitges

•Candidata á mellor película no Festival de Locarno



Luns 14, 17.30 | Teatro Principal
Martes 15, 22.00 | Salón Teatro

RUNNER (2022)

Marian Mathias

EEUU, Francia, Alemaña / 76 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Hannah Schiller, Darren Houle, Gene Jones, Jonathan Eislej

Ficha técnica:

•**Guión:** Marian Mathias

•**Fotografía:** Jomo Fray

•**Edición:** Marian Mathias

•**Producción:** Coproducción Estados Unidos-Alemaña-Francia; Easy Riders Films, Man Alive Productions, Killjoy Films

Sinopse:

Tras a súbita morte do seu pai, Haas coñece a Will. Comeza así a historia de dous mozos descoñecidos e solitarios que se atopan a través da vasta paisaxe de EEUU.

Marian Mathias (Chicago, EEUU). É máster en Belas Artes pola NYU Tisch School of the Arts. Dirixiu as curtametraxes *Two tomatoes* (2012), *Palisades* (2016) e *Give up the ghost* (2017), que formou parte da selección oficial do Festival de Cannes. *Runner*, a súa primeira longametraxe, foi elixida para a residencia Cinéfondation de Cannes, o Torino FeatureLab, onde gañou o Premio Creative Europe Media, e o Venice Production Bridge.



•Premio especial do xurado no Festival de San Sebastián 2022



Mércores 16, 19.15 | Teatro Principal
Venres 18, 22.30, Salón Teatro

SAINT OMER (2022)

Alice Diop

Francia / 123 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Kayije Kagame, Guslagie Malanda, Valérie Dréville, Aurélie Petit, Xavier Maly, Robert Cantarella, Salimata Kamaté, Thomas De Pourquery

Ficha técnica:

- **Guión:** Alice Diop, Marie Ndiaye
- **Fotografía:** Claire Mathon
- **Edición:** Faruk Yusuf Akayran, Amrita David
- **Producción:** SRAB Films, ARTE France Cinéma

Sinopse:

Tribunal de xustiza de Saint-Omer. Rama, unha novelista que quere escribir sobre o mito de Medea, asiste ao xuízo de Laurence Coly, unha muller acusada de matar a súa filla de 15 meses ao abandonala nunha praia do norte de Francia. Mais, así que avanza o xuízo, as palabras dos acusados e os testemuños sacudirán as conviccións de Rama e poñerán en dúbida o noso propio xuízo.

Alice Diop (Seine-Saint-Denis, Francia). Estudou Historia e Socioloxía visual na Sorbona e desde o 2005 dedicou a súa traxectoria á realización de documentais. As súas curtas e medimetraxes foron asiduamente seleccionadas en festivais internacionais. *We*, o seu debut na longametraxe, foi un éxito na Berlinale 2021 e foi galardoado co premio ao mellor documental e á mellor película na sección Encounters. *Saint Omer* é a súa primeira obra de ficción.



• Gran Premio do Xurado e Mellor ópera prima no Festival de Venecia 2022



Sábado 12, 22.00 | Salón Teatro
Mércores 16, 19.30 | NUMAX
Venres 18, 17.30 | Teatro Principal

SURO / CORTIZA (2022)

Mikel Gurrea

España / 116 min / Ficción / Catalán

Ficha artística:

Vicky Luengo, Pol López, Ilyass El Ouahdani

Ficha técnica:

- **Guión:** Mikel Gurrea
- **Fotografía:** Julián Elizalde
- **Edición:** Ariadna Ribas
- **Producción:** Irusoin, Lastor Media, Malmo Pictures, Nocturna Media

Sinopse:

Helena e Iván propóñense construír unha nova vida nun sobreiral, pero os seus diferentes puntos de vista sobre como vivir na terra emerxen, desafiando o seu futuro como parella.

Mikel Gurrea (Donostia-San Sebastián). Licenciouse en Comunicación audiovisual na Universitat Pompeu Fabra e realizou un mestrado en dirección na London Film School. Dirixiu as curtametraxes *Primo* (2008), *Los gatos del tejado* (2009), *Rojo en el agua* (2010), *Txoria* (2013), *Foxes* (2015), premiado no Festival de Montreal, e *Heltzeur* (2021), que participou na competición de curtametraxes da sección Orizzonti no Festival de Venecia.



• Premio FIPRESCI e Premio Cine Vasco no Festival de San Sebastián 2022



Sábado 12, 21.45 | NUMAX
Xoves 17, 17.30 | Teatro Principal

TENGO SUEÑOS ELÉCTRICOS (2022)

Valentina Maurel

Costa Rica, Bélxica, Francia / 101 min / Ficción / Español

Ficha artística:

Reinaldo Amien Gutiérrez, Daniela Marín Navarro, Vivian Rodríguez, José Pablo Segreda Johanning

Ficha técnica:

- **Guión:** Valentina Maurel
- **Fotografía:** Nicolas Wong
- **Edición:** Bertrand Conard
- **Producción:** Wrong Men / Wrong Men North, Geko Films, Tres Tigres Films

Sinopse:

Eva non atura que a súa nai queira reformar a casa e desfacerse do gato, que, desorientado desde o divorcio, ouriña por todas partes. Quere marchar e vivir co pai, que, desorientado tamén coma o gato, está a vivir unha segunda adolescencia. Eva segue sen rumbo o seu pai mentres tenta reconectar co seu desexo de se converter en artista e volver atopar o amor. Mais, como alguén que cruza un océano de adultos sen saber nadar, Eva tamén descubrirá a carraxe que a corroe, e que, sen sabelo, herdou del.

Valentina Maurel (San Xosé, Costa Rica). Estudou dirección de cinema no INSAS de Bruxelas. A súa curtametraxe de gradación, *Paul is here*, recibiu no 2017 o primeiro premio na sección Cinéfondation do Festival de Cannes. A súa segunda curta, *Lucía en el limbo*, presentouse na Semana da Crítica do certame francés e mais no Festival de Toronto, e recibiu o primeiro premio no Festival de Guanajuato (México).



• Mellor dirección, actriz e actor no Festival de Locarno 2022
• Mellor película latinoamericana no Festival de San Sebastián 2022



#CINEUROPA36

QUE MARABILLOSA SENSACIÓN

SANTIAGO DE COMPOSTELA - 4/20 NOVEMBRO 2022



#CINEUROPA36

SECCIÓN OFICIAL

SECCIÓN OFICIAL EUROPEA

Todos esos títulos dos que levamos meses escoitando valoracións porque foron noticia en Cannes, na Berlinale, no Lido. E o selo autoral dos nomes consagrados: Ulrich Seidl, Cristian Mungiu, Rebecca Zlotowski, Carlos Vermut, Ruben Östlund, Jerzy Skolimowski ou Mia Hansen-Løve, que inaugurou esta 36ª edición do festival coa súa última obra.

Mércores 9, 20.00 | Teatro Principal
Xoves 10, 19.00 h | Multicines Compostela
+ PRESENTACIÓN E COLOQUIO

AS BESTAS (2022)

Rodrigo Sorogoyen

España, Francia / 137 min / Ficción / Español, galego, francés

Ficha artística:

Marina Fois, Denis Menochet, Luis Zahera, Diego Anido, Marie Colomb

Ficha técnica:

- Guión:** Isabel Peña, Rodrigo Sorogoyen
- Fotografía:** Álex de Pablo
- Edición:** Alberto del Campo
- Produción:** Eduardo Villanueva, Ibon Cormenzana, Ignasi Estapé

Sinopse:

Antoine e Olga, unha parella francesa, viven desde hai moito tempo nunha pequena aldea galega. Practican unha agricultura ecorresponsable e restauran casas abandonadas para facilitar a repoboación. Todo debería ser idílico, pero a súa oposición a un proxecto de parque eólico dá lugar a un gran conflito cos seus veciños. A tensión medrará ata chegar a un punto de non retorno.

Rodrigo Sorogoyen (Madrid). A súa primeira longa en solitario, *Stockholm* (2013), obtivo tres premios no Festival de Málaga e o Goya ao mellor actor revelación, entre outros galardóns. Con *Que Dios nos perdone* (2016) gañou o premio do xurado ao mellor guión en San Sebastián e o Goya ao mellor actor. Con *El reino* (2018) obtivo 7 premios Goya. *Madre* (2019) estreouse na sección Orizzonti do Festival de Venecia, onde Marta Nieto recibiu o premio á mellor actriz.



Luns 7, 22.00 | Teatro Principal
Martes 8, 22.00 | Salón Teatro

CAPTAIN VOLKONOGOV ESCAPED / A FUGA DO CAPITÁN VOLKONOGOV (2021)

Aleksey Chupov, Natalya Merkulova

Rusia, Francia, Estonia / 126 min / Ficción / Ruso

Ficha artística:

Yuriy Borisov, Vladimir Yepifantsev, Aleksandr Yatsenko, Natalya Kudryashova, Timofey Tribuntsev

Ficha técnica:

- Guión:** Aleksei Xupov, Nataixa Merkulova, Mart Taniel
- Fotografía:** Mart Taniel
- Edición:** François Gédigier, Mukharam Kabulova
- Produción:** Place of Power, Look Film, Homeless Bob Production, KinoVista

Sinopse:

O capitán Fyodor Volkonogov, un respectado e disciplinado axente da lei da URSS, é testemuña de como comezan a interrogar aos seus compañeiros de maneira sospeitosa. Presentindo que se achega a súa quenda, foxe e axiña vese perseguido polos seus antigos camaradas. Vulnerable e desesperado, Fyodor decatárase do tipo de causa da que formara parte e de que o arrepentimento é o único xeito de escapar do tormento eterno do inferno. Pero o tempo esgótase e a cacería achégase a el.

Aleksey Chupov (Moscova, Rusia). É o creador das primeiras comedias da internet rusas. Amais de realizar numerosos documentais históricos, escribiu o guión de varias series de televisión. En 2013 dirixiu e escribiu, xunto a Natalya Merkulova, a longametraxe *Intimate Parts*. No 2018 repetiron equipo en *O home que sorprende a todos*.

Natasha Merkulova (Orenburg, Rusia). Estudou xornalismo e traballou como presentadora de televisión antes de realizar estudos superiores en guión e dirección. Amais de dirixir series, anuncios comerciais e videoclip, escribiu e dirixiu con Aleksey Chupov *Intimate Parts* e *O home que sorprende a todos*.



- Sección Oficial Festival de Venecia 2021
- Premio CIMA á mellor película no Festival de Xixón 2021
- Mellor dirección artística no Festival de Cinema de Chicago



Sábado 19, 22.00 | Teatro Principal
Domingo 20, 19.30 | Teatro Principal

CHRONIQUE D'UNE LIAISON PASSAGÈRE / CRÓNICA DUN AMOR EFÉMERO (2022)

Emmanuel Mouret

Francia / 100 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Sandrine Kiberlain, Vincent Macaigne, Georgia Scalliet

Ficha técnica:

- Guión:** Emmanuel Mouret
- Fotografía:** Laurent Desmet
- Edición:** Martial Salomon
- Produción:** Frédéric Niedermayer

Sinopse:

Unha nai solteira e un home casado inician unha relación amorosa. Están comprometidos a verse só para unha aventura e non para atopar ningunha esperanza de amor, conscientes de que a relación non ten futuro. Así e todo, aos poucoñinos e paseniño, van quedando abraidos coa comprensión, complicidade e benestar que experimentan xuntos.

Emmanuel Mouret (Marsella, Francia). Actor, director e guionista. En 1999 estreou a súa ópera prima, *Promène-toi donc tout nu!*, que el mesmo protagonizou. Desde aquela filmou case unha vintena de longametraxes, entre as que podemos salientar *Une autre vie* (sección oficial de Locarno 2013), *Lady J* (que obtivo 5 candidaturas aos premios César 2019) ou *As cousas que dicimos, as cousas que facemos* (candidata a 14 premios César o ano 2020).



- Sección oficial (fóra de concurso) no Festival Cannes 2022



Sábado 5, 19.30 | Salón Teatro
Luns 7, 17.30 | Teatro Principal

DELO / ARRESTO DOMICILIARIO (2021)

Aleksey German Jr.

Rusia / 106 min / Ficción / Ruso

Ficha artística:

Merab Ninidze, Anna Mikhalkova, Anastasia Melnikova, Alexandra Bortich, Roza Khairullina, Alexander Pal

Ficha técnica:

- Guión:** Aleksey German Jr., María Ogneva
- Fotografía:** Ivan Burlakov
- Edición:** LM Media, Metrafilms, Outrageous Films
- Produción:** MK2 Films

Sinopse:

David, un profesor universitario, recorre ás redes sociais para criticar a administración da súa cidade. Pero no canto de se investigaren os tratos dúbidosos do alcalde, o propio David é acusado de malversación de fondos e posto baixo arresto domiciliario. Malia a vixilancia autoritaria, os coñecidos traizoeiros e o crecente interese dos medios, David amósase desafiante e non se desculpá. Co xuízo cada vez máis preto, ten David algunha esperanza de gañar esta batalla contra Goliat?

Aleksey German Jr (Moscova, URSS). Estudou na Universidade Panrusa Guerásimov de Cinematografía (VGIK) entre 1996 e 2001. Dirixiu tres curtametraxes que recibiron premios en festivais rusos e internacionais. Debutou na longametraxe con *The Last Train* (2003) que obtivo o recoñecemento 'León do futuro' no Festival de Venecia, onde volveu competir e foi premiado de novo no 2005 e no 2008. *Dovlatov* (2018) seleccionouse na Berlinale, en Sevilla e neste mesmo festival.



- Sección Oficial 'Un certain regard' do Festival de Cannes 2021



Mércores 9, 22.45 | Teatro Principal
Xoves 10, 18.00 | Salón Teatro
Venres 11, 17.30 | Teatro Principal

EO (2022)

Jerzy Skolimowski

Polonia, Italia / 86 min / Ficción / Polaco, italiano, inglés, francés

Ficha artística:

Sandra Drzymalska, Mateusz Kościukiewicz, Tomasz Organek, Isabelle Huppert, Lorenzo Zurzolo

Ficha técnica:

- Guión:** Jerzy Skolimowski
- Fotografía:** Michal Dymek
- Edición:** Agnieszka Głinska
- Producción:** Skopia Film, Alien Films

Sinopse:

O mundo é un lugar misterioso, sobre todo visto a través dos ollos dun animal. No seu camiño, Eo, un asno gris de ollos melancólicos, vaise atopando con boa xente e con outra non tan boa, coñece a ledicia e a pena, e a roda da fortuna transforma, segundo o momento, a súa boa sorte en desastre e a súa desgraza en súbita felicidade. Pero nunca, en ningún momento, perderá a súa inocencia. **Jerzy Skolimowski** (Lodz, Polonia). Graduouse na prestixiosa Escola Nacional do Cinema de Lodz. Dirixiu máis de vinte películas desde a súa ópera prima en 1960, *O ollo ameazante*. Viviu en Los Ángeles durante 20 anos e alí dedicouse á pintura. Máis recentemente volveu a Polonia, onde despois de 17 anos volveu filmar unha película, *Catro noites con Anna*, no 2008. En 1967 recibiu o Oso de Ouro pola súa película *A partida*. Participou na competición de Cannes en numerosas ocasións.



•Premio do xurado no Festival de Cannes 2022



Sábado 12, 20.00 | Salón Teatro + PREMIO CINEUROPA: JOÃO PEDRO RODRIGUES

FOGO-FÁTUO (2022)

João Pedro Rodrigues

Portugal, Francia / 67 min / Ficción / Portugués, inglés

Ficha artística:

Mauro Costa, André Cabral, Joel Branco, Oceano Cruz, Margarida Vila-Nova, Miguel Loureiro, Dinis Vila-Nova

Ficha técnica:

- Guión:** João Pedro Rodrigues, João Rui Guerra da Mata, Paulo Lopes Graça
- Fotografía:** Rui Poças
- Edición:** Mariana Gaivão
- Producción:** Terratrema Filmes, House On Fire, Filmes Fantasma

Sinopse:

2069, un ano erótico onde os haxa, pero fatídico para un rei sen coroa. No seu leito de morte, unha vella canción transporta a afastadas lembranzas: árbores, un piñeirall queimado e o momento no que o desexo de se converter en bombeiro, de liberar a Portugal do flaxelo dos incendios, desencadeou outro desexo. Daquela, un príncipe, Alfredo, coñece a Afonso. De diferentes orixes e cores de pel, atópanse, axudándose e o léxico do abuso ennegrecécese co desexo.

João Pedro Rodrigues (Lisboa, Portugal). Graduouse na Escola de Cinema de Lisboa en 1992. Amais de varias curtametraxes, João Pedro escribiu e dirixiu cinco longametraxes. A primeira, *A pantasma* (2000), estreouse na Competencia Oficial do Festival de Cinema de Venecia, e a máis recente, *O ornitólogo*, foi galardoada co Leopardo de Prata á Mellor Dirección no Festival de Cinema de Locarno no 2016. *Morrer como um homem* (2009) e *A última vez que vi Macau* (2012), son outras pezas da súa filmografía.



- Mellor película na Semana dos Directores no Festival de Bruxelas 2022
- Sección 'Quinzaine des réalisateurs' do Festival de Cannes 2022



Mércores 16, 20.15 | Salón Teatro
Domingo 20, 20.00 | Salón Teatro

GIGI LA LEGGE / GIGI A LEI (2022)

Alessandro Comodin

Italia, Francia, Bélxica / 102 min / Documental / Italiano

Ficha artística:

Pier Luigi Mecchia, Ester Vergolini, Annalisa Ferrari, Tomaso Cecotto, Massimo Piazza

Ficha técnica:

- Guión:** Alessandro Comodin
- Fotografía:** Tristan Bordmann
- Edición:** João Nicolau
- Producción:** Okta Film Srl, Idéale Audience, Michigan Films

Sinopse:

Gigi (o tío do propio director) é un policía de tráfico nunha poboación do norte de Italia onde nunca acontece nada extraordinario. Mais un día unha rapaza decide quitar a vida botándose debaixo dun tren. Esta non é a primeira vez. Ante unha inexplicable vaga de suicidios, Gigi comeza a investigar un mundo estraño, entre a realidade e a fantasía, onde un xardín se converte nunha xungla na que sobrevivir.

Alessandro Comodin (San Vito al Tagliamento, Italia). Director, guionista, director de fotografía, editor e script, estudou cinema en Bruxelas. Vive en París, pero gústalle filmar na súa rexión de orixe, Friuli Venezia Giulia, no nordés de Italia, no campo e no bosque. Aquí é onde está máis cómodo desenvolvendo o seu traballo. Fixo tres películas (*L'estate di Giacomo*, *I tempi felici verranno presto* e *Il giardino di Olga*) para o cinema e nunca soubo dicir se son ficcións ou documentais.



•Premio especial do xurado no Festival de Locarno 2022



Xoves 10, 19.30 | Teatro Principal
Luns 14, 18.45 | Salón Teatro

GODLAND (2022)

Hlynur Pálmason

Dinamarca, Islandia, Francia, Suecia / 143 min / Ficción / Dinamarqués, islandés

Ficha artística:

Elliott Crosset Hove, Victoria Carmen Sonne, Hilmar Guðjónsson, Ída Mekkín Hlynisdóttir

Ficha técnica:

- Guión:** Hlynur Pálmason
- Fotografía:** Maria von Hausswolff
- Edición:** Julius Krebs Damsbo
- Producción:** Snowglobe

Sinopse:

A finais do século XIX, un sacerdote danés viaxa a unha zona remota de Islandia para construír unha igrexa e fotografar os seus habitantes. Pero canto máis se adentra na implacable paisaxe, máis se afasta do seu propósito, da súa misión e da moral.

Hlynur Pálmason (Hornafjörður, Islandia). Comezou a súa carreira como artista visual para despois formarse como cineasta na Escola Nacional de Cinema Danesa. No 2017 dirixiu a súa primeira longametraxe, *Winter Brothers*, que recibiu nove premios do cinema danés, entre eles os de mellor director e mellor película. O filme competiu en Locarno, onde se alzou con catro galardóns. O seu seguinte traballo, *Un branco, branco día* (2019), presentouse na Semana da Crítica de Cannes.



•Sección 'Un certain regard' do Festival de Cannes



Venres 11, 21.30 | Teatro Principal
Domingo 13, 22.15 | Teatro Principal

GREAT YARMOUTH / PROVISIONAL FIGURES (2022)

Marco Martins

Portugal, Francia, Reino Unido / 113 min / Ficción / Inglés, portugués

Ficha artística:

Beatriz Batarda, Kris Hitchen, Bob Elliott, Romeu Runa, Victor Lourenço, Nuno Lopes, Rita Cabaço

Ficha técnica:

•**Guión:** Ricardo Adolfo, Marco Martins

•**Fotografía:** João Ribeiro AIP

•**Edición:** Karen Harley, Mariana Gaivão, Marco Martins

•**Producción:** Uma Pedra no Sapato, Vende-se Filmes, Les Films de l'Après-midi, Damned Films

Sinopse:

Outubro do 2019, Great Yarmouth, Norfolk (Reino Unido). Tres meses antes do Brexit. Centos de traballadores migrantes chegan desde Portugal á cidade en busca dun emprego nas fábricas locais de procesado de carne de pavo. Tânia (coñecida como A Nai dos portugueses) traballou nestas plantas avícolas pero está actualmente casada cun hostaleiro inglés. Ninguén mellor ca ela para axudar a estas persoas migrantes portuguesas a se faceren cun traballo, pero ela quere obter a cidadanía británica, abandonar ese ingrato negocio e reformar os hoteis abandonados para transformalos en residencias para a terceira idade.

Marco Martins (Lisboa, Portugal). Graduouse entre a Escola Superior de Teatro e Cinema e a Universidade de Nova York. Foi asistente de directores como Wim Wenders, Pedro Costa ou Manoel de Oliveira. Gañou o Regards Jeune no Festival de Cannes coa súa primeira película *Alice* (2005). *São Jorge* (2016) foi distinguida co premio ao mellor actor na sección Orizzonti do Festival de Venecia. *How to Draw a Perfect Circle* (2009) e *The Man With a Box* (2015) son outros dos seus títulos.



•Sección Oficial do Festival de San Sebastián 2022



Domingo 13, 20.30 | Salón Teatro
Venres 18, 22.00 | Teatro Principal (MARATÓN)

LA NUIT DU 12 / A NOITE DO 12 (2022)

Dominik Moll

Francia, Bélxica / 114 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Bastien Bouillon, Bouli Lanners, Théo Cholbi

Ficha técnica:

•**Guión:** Gilles Marchand, Dominik Moll. Baseado no libro de Pauline Guéna

•**Fotografía:** Patrick Ghiringhelli

•**Edición:** Laurent Rouan

•**Producción:** Haut et Court, Versus Production

Sinopse:

Na policía xudicial todos os investigadores deben afrontar tarde ou cedo un crime que non dan resolto e que se volve unha obsesión. Para Yohan trátase do asasinato de Clara. Os interrogatorios succédense e non faltan sospeitosos, pero as dúbidas de Yohan non deixan de medrar. Só hai unha certeza: o crime foi cometido a noite do 12.

Dominik Moll (Bühl, Alemaña). Estudou cinema na Universidade de Nova York. Nos anos posteriores mudouse a París, onde rodou multitude de curtametraxes. En 1993 dirixiu a súa primeira longametraxe, *Intimidade*, inspirada na novela de Jean-Paul Sartre. Seis anos despois rodou *Harry, un amigo que vos quere*, un filme de suspense que foi presentado na sección oficial en Cannes e que gañou catro premios César, o que se converteu no seu primeiro grande éxito internacional.



•Estrea no Festival de Cannes 2022



Martes 15, 21.15 | Teatro Principal
Sábado 19, 19.45 | Teatro Principal

LES ENFANTS DES AUTRES / OS FILLOS DOS OUTROS (2022)

Rebecca Zlotowski

Francia / 104 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Virginie Efira, Roschdy Zem, Antonia Buresi.

Ficha técnica:

•**Guión:** Rebecca Zlotowski

•**Fotografía:** Georges Lechaptois

•**Edición:** Géraldine Mangenot

•**Producción:** ULes Films Velvet

Sinopse:

Rachel ten 40 anos, non ten fillos. Ela ama a súa vida: os seus estudantes de secundaria, os seus amigos, os seus ex, as leccións de guitarra. Ao namorar de Ali, encariñase tamén de Leila, a súa filla de 4 anos. Coida a nena como se fose súa. Pero amar os fillos doutras persoas é un risco que paga a pena correr...

Rebecca Zlotowski (París, Francia). Graduada pola Ecole Normale Supérieure e pola Fémis, graduada en Literatura Moderna, dirixe *Belle Epine* (Semana da Crítica de Cannes 2010), *Grand Central* (na selección oficial de Cannes 2013), *Planetarium* (2016) con Natalie Portman, que se presentou no Festival de Cinema de Venecia, e *Unha moza fácil* (Premio SACD na 'Quinzaine des réalisateurs' de Cannes 2019). *Os fillos dos outros* é a súa quinta longametraxe.



•Sección Oficial a concurso no Festival de Venecia 2022



Sábado 5, 17.45 | Teatro Principal
Luns 7, 19.45 | Salón Teatro

LIVING / VIVINDO (2022)

Oliver Hermanus

Reino Unido / 102 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Bill Nighy, Tom Burke, Aimee Lou Wood, Alex Sharp, Grant Crookes, Richard Cunningham

Ficha técnica:

•**Guión:** Kazuo Ishiguro (baseado no guión do filme *Ikiru*, de Akira Kurosawa)

•**Fotografía:** Jamie D. Ramsay

•**Edición:** Chris Wyatt

•**Producción:** Elizabeth Karlsen, Stephen Woolley


Sinopse:

No Londres de 1952 Williams é un veterano funcionario soterrado baixo o papelame da oficina mentres a cidade comeza a se reconstruír logo da II Guerra Mundial. Ao recibir a demoledora nova de que padece unha doenza terminal, baleira a súa conta de aforros e marcha para a costa. Williams quere facer dos seus últimos días un tempo significativo, mais non sabe como. Despois de que un misterioso descoñecido o leve ata a cidade, Williams comeza a sentir certa intriga por unha nova compañeira de traballo que parece posuír a vitalidade que el perdeu. Coa axuda da súa optimista colega, Williams porá todo o seu empeño en facer feliz, dun xeito sorprendente, a toda a súa contorna.

Oliver Hermanus (Cidade do Cabo, Suráfrica). Dirixiu no 2009 a súa primeira longametraxe, *Shirley Adams*, coa que competiu no Festival de Locarno. *Skooneheid* (2011) participou na sección 'Un certain regard' do Festival de Cannes, onde se alzou coa Queer Palm. No 2015 competiu coa súa seguinte película, *The Endless River*, no Festival de Venecia, ao que retornou no 2019, esta vez dentro da sección Orizzonti, con *Moffie*, candidata a un BAFTA e a tres Premios do Cinema Independente Británico.



•Sección Oficial (fóra de concurso) no Festival de Venecia



Sábado 5, 22.45 | Teatro Principal
Martes 8, 21.45 | Teatro Principal

MANTICORA (2022)

Carlos Vermut

España / 115 min / Ficción / Español

Ficha artística:

Nacho Sánchez, Zoe Stein, Catalina Sopelana, Javier Lago, Patrick Martino

Ficha técnica:

•Guión: Carlos Vermut

•Fotografía: Alana Mejía Gonzalez

•Edición: Emma Tusell

•Producción: Aquí y Allí Films, BTeam Prods, Magnética Films, Punto Nemo AIE

Sinopse:

Julián (Nacho Sánchez) é un exitoso deseñador de videoxogos que vive atormentado por un escuro segredo. Cando Diana (Zoe Stein) aparece na súa vida, Julián sentirá próxima a oportunidade de ser feliz.

Carlos Vermut (Madrid). Dirixe e produce a súa primeira longametraxe no 2011 con 20.000€ do seu peto. O resultado é *Diamond Flash*, unha película sorprendente, moi gabada pola crítica especializada. Con *Magical Girl* (2014), a súa segunda película, acadou a Cuncha de Ouro no Festival de San Sebastián e consagrouse no mundo do cinema con gran consenso crítico. No 2018 dirixiu *Quién te cantará*, filme que foi distinguido co Goya á mellor actriz revelación.



Sábado 12, 16.00 | Teatro Principal
Domingo 13, 16.00 | Teatro Principal
Sábado 19, 16.00 | Teatro Principal

OINK (2022)

Mascha Halberstad

Países Baixos, Bélxica / 72 min / Animación / Holandés

Ficha artística:

Hiba Ghafry, Matsen Montsma, Kees Prins

Ficha técnica:

•Guión: Fiona van Heemstra

•Fotografía: Peter Mansfelt

•Edición: Mascha Halberstad

•Producción: Marleen Slot

Sinopse:

O mundo dunha pequena nena é idílico: os seus pais, os seus amigos, o patio onde xoga, e tamén a súa dieta vexetariana. Esta orde cambaléase coa chegada do seu avó, que vén cun agasallo debaixo do brazo: un porquiño chamado Oink. Mentres o animal encandeia a familia, o avó levanta sospeitas... sobre todo cando entra en escena un concurso de salchichas.

Mascha Halberstad (Arnhem, Países Baixos). Naceu en 1973 e estudou na academia de arte ArtEZ, en Arnhem. Traballou como animadora en películas como *Taking Chances* (2012) e é cofundadora da compañía de animación Holy Motor. *Oink* é a súa ópera prima.



Luns 7, 21.45 | Salón Teatro
Xoves 10, 17.30 | Teatro Principal

PETITE FLEUR / PEQUENA FLOR (2022)

Santiago Mitre

Arxentina, Francia / 98 min / Ficción / Francés, español

Ficha artística:

Daniel Hendler, Vimala Pons, Melvil Poupaud, Sergi López, Françoise Lebrun, Eric Caravaca

Ficha técnica:

•Guión: Mariano Llinás, Santiago Mitre. Baseado na novela de Iosi Havilio

•Fotografía: Javier Juliá

•Edición: Andrés P. Estrada, Alejo Moguillansky

•Producción: Maneki Films, La Unión de los Ríos, Logical Pictures, Setembro Cine

Sinopse:

A película conta a historia de José, un cidadán arxentino que recentemente marchou a Francia coa súa parella e a súa filla, e que coñece o seu novo veciño. Nun impulso, mentres escoita a peza de jazz *Petite Fleur*, mata o seu novo amigo. Mais o día seguinte, para abraio de José, o seu veciño é a viva imaxe da saúde. Decide matalo de novo. A partir dese intre, José vese atrapado nunha estraña rutina diaria: coidar o bebé e a casa, tratar de salvar a súa relación... e matar o seu inconsciente veciño.

Santiago Mitre (Bos Aires, Arxentina). É guionista de *Leonera* e *Carancho* (Selección oficial Cannes 2008 e 2010), ambas as dúas dirixidas por Pablo Trapero. *El estudiante* (2011), a súa ópera prima, gañou BAFICI e o Premio Especial do Xurado (Cineasti do Presente) no Festival de Cinema de Locarno. *Paulina* (premio Semana da Crítica de Cannes 2016) e *La cordillera* (candidata á sección 'Un certain regard' no 2017) son outros dos seus títulos.



•Sección Noves Visions (fóra de concurso) no Festival de Sitges 2022



Mércores 16, 21.30 | Teatro Principal
Sábado 19, 17.00 | Salón Teatro

PLUS QUE JAMAIS / MÁIS CA NUNCA (2022)

Emily Atef

Francia, Alemaña, Luxemburgo, Noruega / 123 min / Ficción / Francés, inglés, noruegués

Ficha artística:

Vicky Krieps, Gaspard Ulliel, Liv Ullmann, Jesper Christensen, Bjørn Floberg

Ficha técnica:

•Guión: Emily Atef, Lars Hubrich

•Fotografía: Yves Cape

•Edición: Sandie Bompar, Hansjörg Weißbrich

•Producción: Eaux-Vives Productions, Mer Film, NiKo Film, Samsa Film

Sinopse:

Hélène vive feliz en parella, mais a súa vida dá unha viraxe o día en que descobre que sofre unha enfermidade rara nos pulmóns. Grazas a un blog, descobre Noruega e decide seguir o seu instinto. Malia a todo o amor que sente por Mathieu, o seu compañeiro de vida, atravesará toda Europa ata chegar a Noruega na procura dun novo camiño.

Emily Atef (Berlín, Alemaña). Tras iniciar a súa carreira como actriz, estudou dirección na Academia Alemá de Cinema e Televisión de Berlín. A súa ópera prima, *Á maneira de Molly* (2006), recibiu entre outros galardóns o Gran Premio do Xurado do Festival Mar do Prata. Coa súa segunda longametraxe, *The stranger in me* (2008), estreado na Semana da Crítica de Cannes, obtivo tamén un gran recoñecemento internacional. No 2018 participou na sección oficial da Berlinale con *3 días en Quiberon*.



•Seleccionada na sección 'Un certain regard' de Cannes 2022



Domingo 6, 21.30 | Teatro Principal
 Mércores 9, 19.45 | Salón Teatro

R.M.N. (2022)

Cristian Mungiu

Romanía / 125 min / Ficción / Romanés, húngaro, alemán, inglés, francés, cingalés

Ficha artística:

Marin Grigore, Judith State, Macrina Barladeanu, Orsolya Moldován, Rác Endre

Ficha técnica:

- Guión:** Cristian Mungiu
- Fotografía:** Tudor Vladimír Panduru
- Edición:** Mircea Olteanu
- Produción:** Les Films du Fleuve, Mobra Films Productions, Why Not Productions, Filmgate Films, Film I Väst, France 3 Cinéma

Sinopse:

Uns días antes do Nadal, Matthias volve á súa poboación natal, unha localidade multiétnica de Transilvania, tras deixar o seu traballo en Alemaña. Está preocupado polo seu fillo, Rudi, que medrou sen el, e polo seu pai, Otto, que quedou só, e desexa volver ver a Csilla, a súa exmoza. Trata de se implicar máis na educación do neno, que botou demasiado tempo a cargo da súa nai, Ana, e quere axudar a superar os seus medos irracionais. Cando a fábrica que Csilla dirixe decide contratar a empregados estranxeiros, a paz desta pequena comunidade verase perturbada e as inqedanzas afectarán tamén os adultos. As frustracións, os conflitos e as paixóns volverán aflorar, rompendo a paz aparente da comunidade.

Cristian Mungiu (Iasi, Romanía). Estreou a súa primeira longa, *Occident* (2002), na 'Quinzaine des réalisateurs' de Cannes. No 2007 gañou con *4 luni, 3 saptamâni se 2 zile* a Palma de Ouro en Cannes e o Gran Premio FIPRESCI en San Sebastián. No 2012 obtivo con *Dupa dealuri* os premios ao mellor guión e á mellor actriz tamén no Festival de Cannes. No 2016 recibiu o premio ao mellor director por *Bacalaureat* neste certame francés, no que volveu a competir este ano con *R.M.N.*



•Seleccinada na sección 'Un certain regard' de Cannes 2022



Xoves 17, 19.30 | Teatro Principal
 Venres 18, 20.15 | Salón Teatro

RIMINI (2022)

Ulrich Seidl

Alemaña, Austria / 114 min / Ficción / Alemán, italiano, inglés

Ficha artística:

Georg Friedrich, Hans-Michael Rehberg, Claudia Martini, Silvana Sansoni, Michael Thomas

Ficha técnica:

- Guión:** Veronika Franz, Ulrich Seidl
- Fotografía:** Wolfgang Thaler
- Edición:** Monika Willi
- Produción:** Philippe Bober, Elisabetta Pilia, Ulrich Seidl

Sinopse:

Dous homes, dous irmáns, o fogar da súa infancia na Baixa Austria. Brindan pola súa defunta nai, entérrana. Logo regresan á súa vida real. Un de volta a Romanía, para retomar a súa vida recentemente iniciada, o outro a Rímimi, para volver co seu vello soño. Pero tarde ou cedo, serán alcanzados polo pasado que queren deixar atrás.

Ulrich Seidl (Viena, Austria). Un dos grandes provocadores do cinema europeo contemporáneo, o seu retrato retranqueiro das miserias dos seus compatriotas austríacos provocou ben de sarabullos. *Safari* (2016), *Im Keller* (2014), *Triloxia Paraíso* (2012, 2013), *Import/Export* (2007), *Jesus, you know* (2003), *State of the nation* (2001), *Dog days* (2001), *Models* (1998), *Animal love* (1995), *Losses to be expected* (1992), *Good news* (1990) son algúns dos seus filmes.



•Sección Oficial da Berlinale 2022



Sábado 12, 22.30 | Teatro Principal
 Luns 14, 21.15 | Salón Teatro

SPARTA (2022)

Ulrich Seidl

Austria, Francia, Alemaña / 101 min / Ficción / Romanés, alemán

Ficha artística:

Georg Friedrich, Hans-Michael Rehberg, Marius Ignat, Florentina Elena Pop

Ficha técnica:

- Guión:** Veronika Franz, Ulrich Seidl
- Fotografía:** Serafin Spitzer, Wolfgang Thaler
- Deseño de produción:** Andreas Donhauser, Renate Martin
- Produción:** Philippe Bober, Ulrich Seidl

Sinopse:

Ewald mudouse no seu día a Romanía. Anos despois, e xa nos 40, intenta comezar de novo. Deixa a súa moza e marcha cara ao interior. Coa axuda de varios rapaces da zona, transforma unha vella escola en ruínas nunha fortaleza. Os nenos gozan dunha existencia nova e sen preocupacións. Mais a chama da desconfianza non tardará en prender entre os habitantes da localidade. E a Ewald non lle quedará outra opción que afrontar unha realidade que mantivo oculta moito tempo.

Sparta e *Rimini* conforman o díptico de Ulrich Seidl sobre a imposibilidade de fuxir do pasado e a dor de atoparse a un mesmo.

Ulrich Seidl (Viena, Austria). Un dos grandes provocadores do cinema europeo contemporáneo, o seu retrato retranqueiro das miserias dos seus compatriotas austríacos provocou ben de sarabullos. *Safari* (2016), *Im Keller* (2014), *Triloxia Paraíso* (2012, 2013), *Import/Export* (2007), *Jesus, you know* (2003), *State of the nation* (2001), *Dog days* (2001), *Models* (1998), *Animal love* (1995), *Losses to be expected* (1992), *Good news* (1990) son algúns dos seus filmes.



•Candidata á Cuncha de Ouro no Festival de San Sebastián 2022



Domingo 6, 18.00 | Teatro Principal
 Sábado 12, 18.00 | Salón Teatro

THE QUIET GIRL (2022)

Colm Bairéad

Irlanda / 94 min / Ficción / Gaélico irlandés, inglés

Ficha artística:

Catherine Clinch, Carrie Crowley, Andrew Bennett, Michael Patric, Kate Nic Chonaonaigh

Ficha técnica:

- Guión:** Colm Bairéad
- Fotografía:** Kate McCullough
- Edición:** John Murphy
- Produción:** Cleona Ní Chrualaof

Sinopse:

Irlanda rural, 1981. Unha nena, desatendida pola súa familia disfuncional, é enviada cuns pais de acollida durante o verán. A nena florece baixo o seu coidado, pero nesta casa onde se supón que non hai segredos, descobre un

Colm Bairéad (Dublín, Irlanda). Estudou cinema e radiodifusión no Instituto de Tecnoloxía de Dublín. A súa primeira curta tras graduarse, *Mac an Athar* (O fillo do seu pai, 2005), foi un éxito en festivais internacionais. No 2012 cofundou a produtora Inscéal. Os seus documentais máis exitosos ata a data inclúen *Cumann na mBan* (*Mulleres da revolución*, 2015) e *Murdair Mhám Trasna* (*Os asasinatos de Maamtrasna*, 2018). *The quiet girl* é a súa primeira longa de ficción.



•Oso de Cristal á mellor película da sección Generation Kplus na Berlinale 2022



Martes 8, 19.00 | Teatro Principal
Sábado 12, 17.30 | Teatro Principal

**TRIANGLE OF SADNESS /
O TRIÂNGULO DA TRISTEZA (2022)**

Ruben Östlund

Suecia, Francia, Reino Unido, Alemaña / 149 min /
Ficción / Inglés

Ficha artística:

Woody Harrelson, Harris Dickinson, Charlbi Dean,
Dolly De Leon, Zlatko Buric, Iris Berben

Ficha técnica:

•**Guión:** Ruben Östlund

•**Fotografía:** Fredrik Wenzel

•**Edición:** Mikel Cee Karlsson, Ruben Östlund

•**Produción:** Erik Hemmendorff, Philippe Bober

Sinopse:

Tras a *fashion week*, Carl e Yaya, parella de modelos e *influencers*, son convidados a un iate nun cruceiro de luxo. A tripulación bríndalles todas as atencións necesarias aos ricos convidados, mais o capitán négase a saír da súa cabina, malia a chegada inminente da soada cea de gala. Os eventos dan un xiro inesperado e o equilibrio de poder invértese ao comezar unha treboada que pon en perigo a comodidade dos pasaxeiros.

Ruben Östlund (Styrsö, Suecia). Comezou nos anos 90 a filmar curtas de xeito autodidacta e logo graduouse na Escola de Cine de Goteburgo. A súa segunda película, *Involuntary*, (2008), presentouse en Cannes, festival ao que regresou con *Play* (2011), esta vez dentro da 'Quinzaine des réalisateurs', e con *Forza maior* (2014) que recibiu o Premio do Xurado de 'Un certain regard'. O certame francés concedeu a Palma de Ouro ás súas dúas últimas películas, *The square* (2017) e *Triangle of sadness*.



•Palma de Ouro do Festival de Cannes 2022



Venres 4, 20.00 | Teatro Principal
Domingo 6, 19.45 | Salón Teatro

**UN BEAU MATIN /
UNHA BONITA MAÑÁ (2022)**

Mia Hansen-Løve

Francia, Reino Unido, Alemaña / 112 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Léa Seydoux, Melvil Poupaud, Nicole García

Ficha técnica:

•**Guión:** Mia Hansen-Løve

•**Fotografía:** Denis Lenoir

•**Edición:** Marion Monnier

•**Produción:** arte France Cinéma, Mubi, Razor Film

Sinopse:

Unha muller cunha filla de oito anos vive co seu pai, que padece unha enfermidade neurodexenerativa. Mentres loita por conseguir un fogar de anciáns decente, atópase cun vello amigo co que comeza unha historia de amor. Mais el ten outra relación.

Mia Hansen-Løve (París, Francia). Directora, escritora e ex actriz francesa. O seu filme *O pai das miñas fillas* gañou o Premio especial do Xurado na sección 'Un certain regard' no Festival de Cinema de Cannes do 2009. Con *Eden* (2014) participou nas seccións oficiais de San Sebastián e Toronto. No 2016, gañou o Oso de Prata á mellor dirección por *O porvir* no Festival Internacional de Berlín. Ao Festival de Cannes volveu de novo o pasado ano con *A illa de Bergman*.



•Sección 'Quinzaine des réalisateurs' do Festival de Cannes 2022



Sábado 19, 22.00 | Salón Teatro
Domingo 20, 17.15 | Teatro Principal

**VIENS, JE T'EMMÈNE /
UN HÉROE ANÓNIMO (2022)**

Alain Guiraudie

Francia, Bélxica / 100 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Doria Tillier, Noémie Lvovsky, Nathalie Boyer

Ficha técnica:

•**Guión:** Alain Guiraudie, Laurent Lunetta

•**Fotografía:** Hélène Louvart

•**Edición:** Jean-Christophe Hym

•**Produción:** CG Cinéma

Sinopse:

Un acto de terrorismo arruína a noiteboa na cidade de Clermont-Ferrand. Mentres a cidade vai caendo no pánico, Mederic, de trinta e tantos anos, namora de Isadora, unha prostituta maior ca el.

Alain Guiraudie (Villefranche-de-Rouergue, Francia). Estudou Historia e Filosofía antes de se interesar no cinema. En 1990 dirixiu a súa primeira curtametraxe, *L'héros sont immortels*, e nela fixo tamén a primeira das súas aparicións periódicas como actor. Dirixiu *La Force des choses* (1997), *On m'a volé mon adolescence* (2007), *O descoñecido do lago* (premio ao mellor director da sección 'Un certain regard' do Festival de Cannes 2013) ou *Rester vertical* (2016), entre outras.



#CINEEUROPA36
QUE MARABILLOSA SENSACIÓN
SANTIAGO DE COMPOSTELA - 4/20 NOVEMBRO 2022

PANORAMA INTERNACIONAL

A panorámica polas cinematografías do resto do mundo. Moitas delas están entre o cinema máis celebrado durante a tempada. Nomes que son xa coñecidos abondo no noso festival: o coreano Park Chan-wook; o xaponés Koreeda; o iraniano Jafar Panahi, coas liberdades cada vez máis limitadas no Irán pechado sobre si mesmo; a argentina Laura Citarella (a súa *Trenque Lauquen* é imprescindible); a brasileira Júlia Murat, Leopardo de Ouro en Locarno por *Regra 34* ou o canadense Denis Côté, esta vez en chave de gran provocación. E —todo un acontecemento— o maior talento vivo, xunto a Marco Bellocchio, dos cineastas que arrincaron no século XX: o gran Paul Schrader, con *O mestre xardineiro*, película coa que consolida un período creativo crepuscular de magnitude impensable, cando xa o dabamos por amortizado.

Mércores 9, 22.00 | Salón Teatro
Luns 14, 21.15 | Teatro Principal

BOY FROM HEAVEN / CONSPIRACIÓN NO CAIRO (2022)

Tarik Saleh

Suecia, Francia, Finlandia, Dinamarca, Marrocos /
126 min / Ficción / Árabe

Ficha artística:

Tawfeek Barhom, Fares Fares, Mehdi Dehbi, Mohammed Bakri, Makram Khoury, Sherwan Haji, Yunus Albayrak, Ayman Fathy, Amr Mosad

Ficha técnica:

- **Guión:** Tarik Saleh
- **Fotografía:** Pierre Aïm
- **Edición:** Theis Schmidt
- **Produción:** Fredrik Zander, Kristina Åberg

Sinopse:

Adam, fillo dun humilde mariñeiro, ingresa na prestixiosa Universidade da Al-Azhar do Cairo, epicentro do poder do islam sunnita. O día no que comezan as clases, o Grande Imán que dirixe a institución morre de súpeto. Sen se decatara, Adam atópase no medio dunha loita de poder implacable entre as elites relixiosas e políticas do país.

Tarik Saleh (Estocolmo, Suecia). Editor, xornalista e director de cinema de orixe exipcia, os traballos de Saleh en Suecia destacan desde que a comezos da década de 1990 comezou a filmar para o cinema e a televisión. *Metropía* (2009) foi seleccionada nos festivais de Annecy e Sitges. Pola súa banda, *El Cairo confidencial* (2017) obtivo o gran premio do xurado en Sundance e a Espiga de Ouro na Seminci. Saleh tamén é un dos grafitiros máis sobranceiros de Suecia.



• Mellor guión no Festival Cannes 2022



Sábado 12, 20.15 | Teatro Principal
Domingo 13, 18.00 | Salón Teatro

BROKER (2022)

Hirokazu Koreeda

Corea do Sur / 129 min / Ficción / Coreano

Ficha artística:

Song Kang-ho, Gang Dong-won, Doona Bae, lu, Lee Joo-young, Bek Hyun-jin

Ficha técnica:

- **Guión:** Hirokazu Koreeda
- **Fotografía:** Hong Kyung-pyo
- **Edición:** Hirokazu Koreeda
- **Produción:** Zip Cinema

Sinopse:

Unha noite chuviosa, unha moza abandona o seu bebé ás portas dunha igrexa. Recollen o neno dous homes que se dedican a roubar bebés abandonados para llelos vender a pais dispostos a pagar. Cando a moza regresa á igrexa, arrepenida, descobre o negocio ilegal e decide unirse a eles para atopar os pais adoptivos máis axeitados. Nesta singular viaxe, o destino de quen se cruce co neno cambiará radicalmente.

Hirokazu Koreeda (Toquio, Xapón). Logo de se licenciar na Universidade Waseda en 1987, entrou a traballar en televisión, onde realizou varios documentais de gran recoñecemento. No 2014 fundou a produtora Bun-Buku. Entre a súa ópera prima, *Maboroshi non hikari* (1995), e *Broker* (2022), dirixiu 17 títulos, como *Ninguén sabe* (2004), *Camiñando* (2008), *De tal pai, tal fillo* (2013), ou *Un asunto de familia* (2018), gañadora da Palma de Ouro en Cannes.



• Mellor actor (Song Kang-ho) no Festival de Cannes 2022



Luns 7, 19.30 | Teatro Principal
Martes 8, 19.15 | Salón Teatro

DECISION TO LEAVE (2022)

Park Chan-wook

Corea do Sur / 138 min / Ficción / Coreano, chino

Ficha artística:

Tang Wei, Park Hae-Il, Go Kyung-pyo, Park Yong-woo, Lee Jung-hyun

Ficha técnica:

- **Guión:** Jeong Seo-Gyeong, Park Chan-wook
- **Fotografía:** Kim Ji-yong
- **Edición:** Sang-beom Kim
- **Produción:** Moho Films, CJ Entertainment

Sinopse:

Hae-Joon, un veterano detective, investiga a sospeitosa morte dun home no cumio dunha montaña. Axiña comezará a sospeitar de Sore, a muller do defunto, mentres a atracción que sente por ela comezará a desestabilizalo.

Park Chan-wook (Seúl, Corea do Sur). En 2003, alzouse co Gran Premio no Festival de Cannes con *Oldboy*. Nos anos posteriores continuou a recibir eloxios en todo o mundo con películas como *Sympathy for Lady Vengeance* (2005), *Thirst* (2009, premio do xurado en Cannes), *Stoker* (2013) e *A doncela* (2016, exhibida no 30º Cineuropa). O seu cinema caracterízase por propoñer historias capaces de romper tabús, personaxes fascinantes e un sensual estilo visual.



Sábado 5, 21.30 | Salón Teatro
Martes 8, 17.30 | Teatro Principal

EL CASO PADILLA (2022)

Pavel Giroud

Cuba, España / 78 min / Documental / Español, francés, inglés

Ficha técnica:

- **Guión e edición:** Pavel Giroud
- **Música:** Pablo Cervantes
- **Son:** Vanessa Carvajal, Anto Molina, David Rodríguez
- **Produción:** Ventú Productions, Lia Rodríguez

Sinopse:

A Habana, primavera de 1971: o poeta Heberto Padilla vén de ser posto en liberdade e comparece perante o gremio de escritores cubanos, onde entoa unha "sentida autocrítica", se declara axente contrarrevolucionario e acusa de complicidade a moitos dos seus colegas alí presentes, entre eles, á súa esposa. Un mes atrás, o seu arresto baixo a acusación de atentar contra a seguridade do estado cubano mobilizara a vangarda intelectual do mundo enteiro, que lle dirixiu unha carta a Fidel Castro esixindo a liberdade do poeta, que cometera o único pecado: disentir a través da súa obra poética. O mea culpa do escritor, nunha gravación que se amosa por primeira vez ao público, marca a liña narrativa dunha historia na que aparecen testemuños de Gabriel García Márquez, Julio Cortázar, Mario Vargas Llosa, Jean-Paul Sartre, Jorge Edwards e Fidel Castro.

Pavel Giroud (A Habana). No 2006 dirixiu a súa primeira longa en solitario, *La edad de la peseta*, estreada en Toronto e candidata ao Goya á mellor película estranxeira de fala hispana. En 2014 codirixiu o documental *Playing Lecuona*, que obtivo entre outros galardóns o premio ao mellor documental no Festival de Montreal. *El acompañante* (2015) alzouse co premio do público nos festivais de Málaga, Miami, Toulouse e A Habana.



Venres 11, 19.15 | Teatro Principal
Domingo 13, 20.15 | Teatro Principal

MASTER GARDENER / O MESTRE XARDINEIRO (2022)

Paul Schrader

Joel Edgerton, Sigourney Weaver, Quintessa Swindell

Ficha artística:

Tawfeek Barhom, Fares Fares, Mehdi Dehbi, Mohammed Bakri, Makram Khoury, Sherwan Haji, Yunus Albrayak, Ayman Fathy, Amr Mosad

Ficha técnica:

- Guión:** Paul Schrader
- Fotografía:** Alexander Dynan
- Edición:** Benjamin Rodríguez Jr.
- Produción:** Kojo Studios, Curmudgeon Films

Sinopse:

Narvel Roth (Edgerton) é un meticuloso horticultor en Gracewood Gardens, unha fermosa leira propiedade da rica viúva Havernhill (Weaver). Cando esta lle pide a Roth que tome a súa problemática sobriña neta Maya (Swindell) como aprendiz, a súa vida verase sumida no caos e rexurdarán escuros segredos do pasado.

Paul Schrader (Michigan, EEUU). Licenciouse no Calvin College e fixo un mestrado na UCLA mentres traballaba como crítico de cinema e escribía *O estilo transcendental no cinema*. Asinou guiños inesquecibles, como os de *Taxi Driver* (1976), *Touro salvaxe* (1980) ou *A última tentación de Cristo* (1988), rodados por Martin Scorsese. *Blue Collar* (1978), *Aflición* (1997), *Adam resucitado* (2008) e *The Card Counter* (2021) son algunhas das películas dirixidas por el.



• Sección oficial (fóra de concurso) do Festival de Venecia 2022



Xoves 10, 22.00 | Teatro Principal
Venres 11, 19.45 | Salón Teatro

NO BEARS (2022)

Jafar Panahi

Irán / 107 min / Ficción / Persa, turco, acerbaixano

Ficha artística:

Jafar Panahi, Naser Hashemi, Vahid Mobaseri, Bakhtiar Panjei, Mina Kavani, Reza Heydari

Ficha técnica:

- Guión:** Jafar Panahi
- Fotografía:** Amin Jafari
- Edición:** Amir Etminan
- Produción:** JP Production (Jafar Panahi)

Sinopse:

Dúas historias de amor paralelas nas que os desexos das parellas son frustrados por obstáculos ocultos e inevitables, a forza da superstición e a mecánica do poder.

Jafar Panahi (Mianeh, Irán). Diplomado en dirección pola Escola de Cinema e Televisión de Teherán, comezou a súa carreira realizando curtametraxes documentais e de ficción para a televisión iraniana. Emblema da Nova Vaga do cinema iraniano, as súas películas recibiron galardóns como o León de Ouro en Venecia (*O círculo*), o Oso de Ouro en Berlín (*Taxi Teherán*, 2015) ou o premio ao mellor guión en Cannes (*Three faces*, 2018), entre outros moitos.



• Premio especial do xurado no Festival de Venecia 2022



Mércores 9, 17.45 | Salón Teatro
Xoves 10, 22.00 | NUMAX

REGRA 34 (2022)

Júlia Murat

Brasil, Francia / 100 min / Ficción / Portugués

Ficha artística:

Lucas Andrade, Julia Bernat, Lorena comparato

Ficha técnica:

- Guión:** Julia Murat, Rafael Lessa, Roberto Winter
- Fotografía:** Leo Bittencourt
- Edición:** Júlia Murat
- Produción:** Esquina Filmes, Bubbles Project

Sinopse:

Simone é unha estudante de dereito que loita por defender a mulleres en casos de violencia machista. Para poder pagar as facturas, Simone expón o seu corpo nun sitio porno onde interpreta escenas sexuais en directo. Consciente dos seus privilexios como unha profesional educada e independente, a protagonista cre que pode explorar a súa sexualidade sen lle render contas a ninguén. Así e todo, non esquece o que significa ser unha muller negra en Brasil nin a vulnerabilidade que acompaña esta 'etiqueta' a nivel social e histórico.

Júlia Murat (Río de Xaneiro, Brasil). Directora, produtora, guionista e editora. Dirixiu os documentais *Dia dos pais* (2008), xunto a Leo Bittencourt, e *Operações de garantia da lei e da ordem* (2017), e mais as ficcións *Histórias que só existem quando lembradas* (2011), estreada no Festival de Venecia, e *Pendular* (2017), que se exhibiu na 31ª edición de Cineuropa e acadou o premio FIPRESCI na Berlinale. *Regra 34* obtivo o máximo premio do Festival de Cinema de Locarno.



• Mellor película no Festival de Locarno 2022



Martes 8, 18.00 | NUMAX
Xoves 10, 19.45 | Salón Teatro

TRENQUE LAUQUEN (2022)

Laura Citarella

Arxentina, Alemaña / 250 min / Ficción / Español

Ficha artística:

Laura Paredes, Ezequiel Pierri, Rafael Spregelburd

Ficha técnica:

- Guión:** Laura Citarella, Laura Paredes
- Fotografía:** Yarara Rodriguez
- Edición:** Miguel De Zuviría, Alejo Moguillansky
- Produción:** El Pampero Cine, Grandfilm

Sinopse:

Unha muller desaparece. Dous homes saen na súa procura: ambos os dous a aman. Por que marchou? Cada un deles ten a súa propia sospeita e ocúltalla ao outro que —misteriosamente— nunca chega a ser o seu rival. Ningún ten razón, pero, alguén tena? Esa fuxida de súpeto revélase como a cerna secreta dunha serie de ficcións que o filme, sutilmente, se encarga de tecer: o segredo do corazón doutra muller, perdida tamén hai xa unha morea de anos; o segredo da vida dunha aldea sacudida por un acontecemento sobrenatural que ninguén semella percibir; o segredo da chaira, que non deixa de espallarse devorándoo todo, como as sombras que asolagan o mundo despois do solpor.

Laura Citarella (La Plata, Arxentina). Citarella dirixiu as películas *Ostende* (2011), *La mujer de los perros* (codirixida con Verónica Llinás en 2015), *Las poetas visitan a Juana Bignozzi* (codirixida con Mercedes Halfon no 2019) e *Trenque Lauquen*. Tamén se fixo un nome como unha das produtoras de cinema independente máis importantes de Arxentina como parte de El Pampero Cine.



• Premio especial do xurado no Festival de Venecia 2022



Sábado 19, 19.30 | Salón Teatro
Domingo 20, 22.00 | Teatro Principal

**UN ÉTÉ COMME ÇA /
ESE TIPO DE VERÁN (2022)**

Denis Côté
Canadá / 127 min / Ficción / Francés

Ficha artística:
Larissa Corriveau, Laure Giappiconi, Aude Mathieu,
Samir Guesmi, Anne Ratte Polle


Ficha técnica:
• **Guión:** Denis Côté
• **Fotografía:** François Messier-Rheault
• **Edición:** Dounia Sichov
• **Produción:** Sylvain Corbeil, Audrey-Ann Dupuis-Pierre,
Yannick Savard

Sinopse:
Convidadas a unha casa de campo para exploraren os seus problemas sexuais, tres mulleres botan o día e a noite tratando de domar os seus demos internos. Baixo a supervisión imparcial dunha terapeuta alemá e dun amable traballador social, o grupo intenta manter un delicado equilibrio. Para a nova Geisha, a sombría Léonie e a imprevisíbel Eugénie, é unha boa oportunidade para se afastar do ruído, comprometerse co presente e pensar no futuro.

Denis Côté (Brunswick, Canadá). Logo de traballar algúns anos como xornalista e crítico de cinema, debutou como director no 2005 con *Les états nordiques*, que recibiu o Leopardo de Ouro na competición de vídeo en Locarno. *Bestiaire* (2012), *Vic + Flo ont vu un ours* (2013), *Antoloxía dunha poboación pantasma* (2019) e *Hygiène sociale* (2021) son algúns dos seus títulos.



• Candidata ao Oso de Ouro da Berlinale 2022



www.rfgalicia.org


ESCOITAR O MUNDO REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE
ABONO 2022-23

AUDITORIO DE GALICIA



C Compostela
Cultura



PANORAMA AUDIOVISUAL GALEGO

No seu momento, na primeira década deste século, en Cineuropa apostamos polos primeiros indicios de que en Galicia xerolaba unha xeración con olladas poderosísimas. Seguimos daquela as curtametraxes de Oliver Laxe, Lois Patiño, Ángel Santos ou inauguramos coa primeira longa de Alfonso Zarauza. Celebramos a traxectoria libérrima de Alberte Pagán. Hoxe as súas obras son fitos en Cannes, en Berlín, en Locarno. Nesta 36ª edición centrámonos no momento doce que vive a animación en Galicia con *Os demos de barro*. E renderémoslle tributo a Lois Patiño, talento maior e cosmogónico do panorama internacional.

Domingo 13, 18.00 | Teatro Principal
+ PRESENTACIÓN E COLOQUIO

OS DEMOS DE BARRO (2022)

Proxección especial

Nuno Beato

Portugal, España, Francia / 83 min / Animación /
Portugués

Ficha técnica:

- Guión:** Possidónio Cachapa, Cristina Pinheiro
- Música:** Carlos Guerreiro, Manuel Riveiro
- Edición:** Aurora Sulli
- Produción:** Nuno Beato, Diego Carvalho, Emmanuel Quillet, Martine Vidalenc, Carlos Juárez, Xosé Manuel Zapata Pérez

Sinopse:

Rosa é unha gran profesional e toda unha estrela da súa empresa. Así e todo, hoxe Rosa esnaquiza a computadora diante de todos os compañeiros de traballo e marcha da cidade para sempre. Rosa acaba de perder a única familia que tiña, o seu avó Marcelino, a quen había ben tempo que non vía.

Nuno Beato (Lisboa). Cofundador, produtor e director de Sardinha em Lata. Foi profesor desde o 2002 en varias institucións en diferentes campos da animación. No tocante á produción, cómpre salientar a serie *Emá & Gui*, emitida en Portugal, España, Italia, Finlandia, Corea do Sur e Arxentina e mais a curtametraxe *A miña vida nas túas mans*, que recibiu oito premios en festivais de todo o mundo. *Os demos de barro* é a súa primeira longametraxe.



PROGRAMA 1 Sábado 5, 18.00 | Salón Teatro
+ PRESENTACIÓN E COLOQUIO
Luns 7, 21.15 | NUMAX

A REVOLUCIÓN (É) PROBABLE (2022)

Lee Douglas, María Ruido, Paula Barreiro

España / 30 min / Documental / Castelán, portugués

Ficha técnica:

- Guión, fotografía e edición:** Lee Douglas, María Ruido e Paula Barreiro

Sinopse:

Para que serve unha revolución? Unha revolución aluma outras posibilidades de vida. Velaquí a premisa da que parte esta curtametraxe, que toma como caso de estudo a última das grandes revolucións europeas, a que tivo o seu comezo o 25 de abril de 1974 en Portugal, a fonda nas súas raíces coloniais e reflexiona sobre o seu final o 25 de novembro de 1975.

Este ensaio audiovisual, construído con algúns dos traballos cinematográficos máis importantes do 25 de abril e con materiais de arquivo, é unha reflexión sobre a forza política destas imaxes, sobre o legado que nos deixan e sobre o papel dos arquivos, o cinema, os medios de comunicación e a representación en xeral nas nosas loitas contemporáneas.

Paula Barreiro (Vigo). Profesora de Arte Contemporánea na Universidade Grenoble Alpes/LAHRA. Especialista en investigación de intercambios artísticos, crítica de arte e políticas e redes culturais en Europa e en América Latina durante o período da Guerra Fría.

María Ruido (Xinzo de Limia, Ourense). Artista visual, investigadora e produtora cultural. O seu traballo está enfocado na *performance*, a videoacción, o documental e o cinema ensaio.

Lee Douglas (Dallas, EEUU). Antropóloga visual e comisaria artística. Encabeza o proxecto de investigación *Militan Imaginaries, Colonial Memories*, unha análise sobre o uso individual e colectivo do material audiovisual resultante de acontecementos históricos.



ANATOMÍA DUNHA SEREA (2022)

Adriana Páramo

Galicia, Reino Unido / 15 min / Documental / Galego

Ficha artística:

Iria Pinheiro


Ficha técnica:

- Guión e fotografía:** Adriana Páramo
- Edición:** Hugo Alves
- Animación:** Borja Santomé
- Produción:** Annabelle L. Mullen (Belle Films)

Sinopse:

Tras recibir un trato desapropiado no hospital e sufrir as consecuencias dunha episiotomía que se lle practicou sen o seu consentimento durante o parto, a actriz Iria Pinheiro inicia un trámite xudicial contra o Servizo Galego de Saúde, pero, desanimada fronte o complexo e custoso proceso legal, refúxiase no teatro como medio de denuncia. A través dos ensaios e das escenas da obra, Pinheiro conta a súa historia usando a parodia como motor para lle dar visibilidade a esta realidade oculta.

Adriana Páramo (Vigo). Logo de se licenciar en comunicación audiovisual na USC, cursa un mestrado en dirección de cinema na London Film School. Dirixiu *Galicia. Portobello Road* (2014) e *Illa Pedra* (2010), a primeira curta de ficción en galego con audiodescripción para invidentes. No 2015 funda en Londres o Galician Film Forum, organización que exhibe cinema galego no Reino Unido. *Anatomía dunha serea* é a súa quinta curta como directora.



MARGARITA LEDO. PAROLAR CUN EU (2021)

Xisela Franco

Galicia / 20 min / Documental / Galego

Ficha artística:

Margarita Ledo

Ficha técnica:

- Guión, produción e edición:** Xisela Franco
- Fotografía:** Diego Romero Suárez-Llanos
- Deseño son:** Marco Maril
- Deseño de créditos:** Nuria Carballo

Sinopse:

Unha muller que se despraza por unha cidade, Vigo. Cineasta, escritora, camiñante entre ruínas. Margarita Ledo. Busca un sinal que a leva á fábrica de cerámica Álvarez. Pasos perdidos sobre cascallos e, asemade, unha experiencia inzada de interrogantes, do paso do tempo, dos distintos estados da desaparición que levan á morte pero que, paradoxalmente, aparecen como memoria viva dunha ruptura traumática. O cartaz como acto de invocación dunha cidade fabril que liscou, patrimonio industrial ensombrecido pola crise e a especulación. E o corpo en movemento e a solidariedade, como actos de esperanza. Ou o cinema, resina e ouro que reconstrúe sobre as fracturas do pasado.

Xisela Franco (Vigo). Licenciada en Comunicación audiovisual e, posteriormente, en Filosofía na UEM de Madrid, funda a súa produtora Epójé Films, que realiza documentais para TVE e para Canle Historia e mais películas con vocación artística. Os seus traballos foron seleccionados en festivais como Dok Leipzig Film Festival, MUFF Montreal, Intermediaciones-Mostra de cinema experimental de Medellín, Festival S8, Playdoc de Tui, S8 ou Mice.



PROGRAMA 2 Xoves 10, 17:15 | NUMAX + PRESENTACIÓN E COLOQUIO

LA ENTREGA (2021)

Pedro Díaz
España / 24 min / Ficción / Español

Ficha artística:

Ramón Barea, Ferran Vilajosana, Ana Del Arco,
Laura Galán, Mila Pérez

Ficha técnica:

•**Guión:** Fran Carballal, Pedro Díaz
•**Fotografía:** Luis Guijarro
•**Edición:** Juan Manuel Gamazo
•**Produción:** Pedro Díaz, Pablo Zorrilla, Felipe Salas, Fran Carballal, Carlos Guerrero, Pablo de la Chica, César Benítez, Manuel Manrique, David Casas Riesco

Sinopse:

Armando ten 80 anos. Un descoñecido trauma impídelle saír da súa casa desde hai unha década. O seu único contacto co exterior é a través dun rider que lle trae os pedidos que xestiona o seu fillo desde o estranxeiro. Un día Armando recibe algo que fará que reaparezan vellas pantasma, medos e lembranzas que afrontar.

Pedro Díaz (Santiago de Compostela). Estuda dirección de cinema na Escola Bande à Part de Barcelona. No 2013 dirixe a curtametraxe *Mal de sangre*, premiada en diferentes festivais nacionais e que viaxa por Europa, Latinoamérica e EEUU. Desde 2014 é director en Movistar+ e traballa en publicidade con produtoras como Mediapro. Dirixindo campañas publicitarias gañou diferentes galardóns nos Promax Awards ou no New York Film Festival.



O NIÑO DOS PAXAROS (2021)

Lucía Estévez
Galicia / 16 min / Documental-ficción / Galego

Ficha artística:

Manu Estévez, María Tasende, Diego Anido

Ficha técnica:

•**Guión:** Lucía Estévez, Manu Estévez
•**Fotografía:** Ariadna Cordal, Dani Cornes
•**Edición:** Lucía Estévez, Brandán Cerviño
•**Música:** Xavier Bértolo

Sinopse:

Os pardais fanse oco entre a maquinaria, nos tubos de escape, nos motores abertos ou nos asentos dos coches da terceira planta. Cando escoitan abrir o gran portalón á primeira hora da mañá, voan lixeiros para entraren. Hoxe o taller é un lugar seguro para eles, do mesmo xeito que o foi para o meu pai nos anos 80.

Lucía Estévez (Vigo). Graduada en Comunicación audiovisual na Universidade de Vigo e no Porto. No 2018 gana o Premio María Luz Morais polo seu videoensaio *Muller personaxe*. No 2019 gana o premio á Mellor Dirección de CREA no Festival Internacional Curtocircuito pola súa curta de ficción *Arrolo*. No 2021 gana o Premio Mestre Mateo á mellor serie web con *Xan*, proxecto co-creado con Miguel Canalejo. A súa última curta, *O neno sardiña*, foi seleccionada no Festival de Xixón 2022.



SAUERDOGS (2022)

Guillermo de Oliveira
España / 15 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

August Diehl, Jonathan D. Mellor

Ficha técnica:

•**Guión:** Guillermo de Oliveira, Hector Rojo
•**Fotografía:** Carlos de Miguel
•**Edición:** Guillermo de Oliveira
•**Produción:** Luisa Cowell, Guillermo de Oliveira

Sinopse:

O inverno adiantouse. Bill e Hans, dous fracasados buscadores de ouro que viaxan nunha maltreira zorra de cans, tentan regresar á casa. A través dun inhospito val nevado, derreados e coas mans baleiras, esgotaron xa por completo a súa marxe para o erro. Cando un dos cans non dá continuado, comezan a aparecer as fendas nos alicerces da súa lealdade.

Guillermo de Oliveira (Vigo). Produtor e director de cinema e publicidade. A súa carreira comeza coa adaptación de videoxogos a curtas de acción real de excelente acollida, como *Max Payne: Valhalla* (2012) ou *Red Dead Redemption: Seth's Gold* (2015). O seu debut na longametraxe foi o documental *Desenterrando Sad Hill*, premio á mellor película Noves Visions no Festival de Sitges e candidata aos Goya 2019 como mellor documental.



Venres 11, 22.00 | NUMAX + COLOQUIO

10 DE MARZO (2022)

Roi Cagiao
Galicia / 80 min / Documental / Galego

Ficha técnica:

•**Guión:** Roi Cagiao, Iñaki Varela
•**Fotografía:** Damián Varela
•**Música:** Iván Salgado
•**Edición:** Damián Varela, Roi Cagiao
•**Produción:** Arthur Gordon S.L.

Sinopse:

A raíz da negociación do convenio da Bazán Ferrol, milleiros de traballadores do estaleiro saen en manifestación a mañá do 10 de marzo do 1972 polo centro da cidade. En plena ditadura, a Policía Armada intenta interceptar a marcha e, ante a resistencia dos obreiros, dispara sobre a manifestación, co resultado de dúcias de feridos de bala e dous traballadores mortos: Daniel Niebla e Amador Rey.

Mergullando o espectador nun relato trepidante e emotivo, 10 de marzo reconstrúe a través de entrevistas cos protagonistas, materias de arquivo audiovisual inédito e ficcións de época, uns feitos que supuxeron un punto de inflexión na sociedade galega no seu enfrontamento coa ditadura.

Roi Cagiao (Vigo). Humorista gráfico e cineasta. Codirixiu xunto a Fernando Llor a longametraxe documental *O meu nome é Luís 'Ferreiro'* (2010) sobre o movemento antifranquista en Galicia. Dirixiu e guionizou o filme *Vigo 1972*, finalista nos Premios Mestre Mateo 2017 na categoría de Mellor Documental.



Sábado 12, 18.00 | NUMAX
+ PRESENTACIÓN E COLOQUIO

A ORIXE DO CAMIÑO DE SANTIAGO (2021)

Andrea Barrán, Aser Álvarez

Galicia / 12 min / Documental / Galego

Ficha técnica:

- **Guión:** Andrea Barrán
- **Fotografía:** Jacobo Real
- **Edición:** Jacobo Real
- **Produción:** Aser Álvarez

Sinopse:

Existen moitos xeitos de percorrer o Camiño de Santiago; un deles é a ruta do mar de Arousa e Ulla, que atravesa Galicia por un itinerario marítimo e fluvial. Esta ruta considérase o paso orixinal polo que os restos do Apóstolo chegaron a Santiago.

Aser Álvarez (Celanova). Licenciado en políticas e xornalismo, mestrado de El País e especialista universitario en Comunicación audiovisual, ten traballado en prensa, radio e televisión. Tamén comisariou proxectos expositivos multimedia e editoriais e realizou contidos para televisión e publicidade, cos que obtivo o Mestre Mateo ao Mellor Documental, os premios de xornalismo Xosé Aurelio Carracedo, Xohán Carballeira e o Premio ao Mellor Informativo no I Open Radio do CCCB.

Andrea Barrán (O Saviñao). Desenvolveu a súa actividade profesional os últimos anos entre Galicia e Madrid. Licenciada en Ciencias da Información, dirixiu numerosas campañas publicitarias para marcas con Stage Entertainment, Eurostars Hotels, Warner ou BMW e tamén documentais con Arraianos Producións e Aser Álvarez.



Xoves 10, 18.40 | NUMAX + COLOQUIO

AGROMANTES (2022)

Cora Peña

España / 72 min / Documental / Galego, español

Ficha técnica:

- **Guión e produción:** Cora Peña
- **Operadores cámara:** Cora Peña, Adrián Van Halten, Pablo Dios
- **Son directo e posprodución de son:** Jorge Colado
- **Música:** Bernardo Martínez
- **Deseño:** Nuria Barreras

Sinopse:

Un grupo de persoas xúntase para compartir as súas experiencias de loucura e psiquiatrización nun xogo de escenificación improvisada. Entre todas van trazando un debuxo complexo de como se vive nestas condicións de sufrimento psíquico intenso, nun ambiente de estigma, incompreensión e, se cadra, ata malos tratos frecuentes. Pero na escena tamén aparece o humor, autoconsciencia e unha gran sensibilidade que interpela directamente ao inadvertido espectador.

Cora Peña (Vigo). É licenciada en Ciencias da Información (UCM) e graduada en dirección de fotografía (EICTV, Cuba). Ten algunhas incursións na ficción, pero o que máis practica é o xénero documental, no que escribe, produce e dirixe, nunha sorte de produción de guerrilla á que moitas veces engade cámara e montaxe. Outros traballos de autoría propia son os documentais *Apash*, *os de fóra* e *Tesouro de Corcoesto*, mellor película galega na MICE e mención de honra no FICAMS (Chile).



Mércores 9, 19.00 | NUMAX + COLOQUIO

COMPOSTELA RUPESTRE (2021)

Andrea Barrán, Aser Álvarez

Galicia / 5 min / Documental / Galego

Ficha técnica:

- **Guión:** Andrea Barrán, Aser Álvarez
- **Fotografía:** Jacobo Real, Álvaro Paz
- **Edición:** Nico Casal
- **Produción:** Arraianos Producións

Sinopse:

As rochas falan. O legado de petróglifos presente en Santiago de Compostela permítenos coñecer mellor as primeiras poboacións que habitaron esta terra.

Aser Álvarez (Celanova). Licenciado en políticas e xornalismo, mestrado de El País e especialista universitario en Comunicación audiovisual, ten traballado en prensa, radio e televisión. Tamén comisariou proxectos expositivos multimedia e editoriais e realizou contidos para televisión e publicidade, cos que obtivo o Mestre Mateo ao Mellor Documental, os premios de xornalismo Xosé Aurelio Carracedo, Xohán Carballeira e o Premio ao Mellor Informativo no I Open Radio do CCCB.

Andrea Barrán (O Saviñao). Desenvolveu a súa actividade profesional os últimos anos entre Galicia e Madrid. Licenciada en Ciencias da Información, dirixiu numerosas campañas publicitarias para marcas con Stage Entertainment, Eurostars Hotels, Warner ou BMW e tamén documentais con Arraianos Producións e Aser Álvarez.



Venres 18, 18.45 | Salón Teatro
+ PRESENTACIÓN E COLOQUIO

DONDE ACABA LA MEMORIA (2022)

Pablo Romero

España, Reino Unido / 70 min / Documental / Español, inglés

Ficha artística:

Ian Gibson, Mike Dibb, Carlos Saura, Román Gubern, Paul Hammond, José Luis Puerto, Padre Ángel, Cheli Durán

Ficha técnica:

- **Guión:** Pablo Romero-Fresco
- **Fotografía:** Martina Trepczyk
- **Música:** Xavier Font, Elba Fernandez
- **Montaxe:** Xacio Baño
- **Produción:** Rebordeiros, University of Roehampton, Surtsey Films

Sinopse:

A visita de Ian Gibson ás Hurdes tralos pasos de Buñuel supón o detonante dun documental que xira arredor da imaxe deste historiador e da súa loita por recuperar a memoria de Lorca e de tantas outras persoas que co paso dos anos foron esquecidas baixo terra.

O que para moitos españois é xa unha causa perdida, para este irlandés é un motivo de loita constante para recuperar as vidas e historias de todas e todos aqueles que caeron en combate e na ditadura posterior hai xa case 90 anos.

Pablo Romero (Nigrán). Catedrático honorífico de cinema e tradución na Universidade de Roehampton (Londres) e profesor na Universidade de Vigo. A súa primeira curta documental, *Uniendo los puntos* (2012), estreouse no Festival de Venecia. A súa segunda e terceira película, *Brothers and Sisters* (curta documental) e *Joel* (curta de ficción), rodadas en Quenia, foron publicadas por El País no 2013 xunto co artigo *Levantarse en Kibera*.



Sábado 12, 18.00 | NUMAX
+ PRESENTACIÓN E COLOQUIO

FERRÍN ARRAIANO (2022)

Aser Álvarez

Galicia / 30 min / Documental / Galego

Ficha técnica:

- **Guión:** Aser Álvarez
- **Fotografía:** Plácido Romero, Nacho Santás, Laura Yáñez, Mariana Romero, Aser Álvarez
- **Edición:** Aldán Delgado Fernández
- **Produción:** Arraianos Produccións

Sinopse:

Xosé Luís Méndez Ferrín e Aser Álvarez, o director desta curtametraxe documental, coñecéronse persoalmente en Vilanova dos Infantes, Ourense, na casa familiar do autor, hai máis de vinte anos. Alí forxouse unha fonda amizade que perdura no tempo e que mesmo é o punto de partida desta peza audiovisual, na que Ferrín fala sobre a súa vida, a súa obra e tamén sobre as cousas que máis lle interesan. Unha desas teimas é a 'raia seca', un territorio borroso onde se localizan os relatos de *Arraianos*, unha das obras mestras dun grande autor que leva toda a súa carreira literaria cruzando fronteiras, consciente de que na raia sempre acontecen as cousas interesantes porque o sentido da vida é cruzar fronteiras. E por iso este documental, chamado *Ferrín Arraiano*.

Aser Álvarez (Celanova). Licenciado en políticas e xornalismo, mestrado de El País e especialista universitario en Comunicación audiovisual, ten traballado en prensa, radio e televisión. Tamén comisariou proxectos expositivos multimedia e editoriais e realizou contidos para televisión e publicidade, cos que obtivo o Mestre Mateo ao Mellor Documental, os premios de xornalismo Xosé Aurelio Carracedo, Xohán Carballeira e o Premio ao Mellor Informativo no I Open Radio do CCCB.



Sábado 12, 18.00 | NUMAX
+ PRESENTACIÓN E COLOQUIO

FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

DO A AO Z (2022)

Aser Álvarez

Galicia / 51 min / Documental / Galego

Ficha técnica:

- **Guión e produción executiva:** Aser Álvarez
- **Fotografía:** Laura Fandiño, Aldán Delgado, Adriana Lago, Sara G., alumnado da ESAD Mestre Mateo
- **Edición:** Aldán Delgado Fernández
- **Produción:** Arraianos Produccións

Sinopse:

Un orixinal percorrido pola vida e a obra de Florencio Delgado Gurriarán, explorando todas as posibilidades da linguaxe audiovisual, a través das palabras, os poemas, as paisaxes de Valdeorras e as achegas dos seus biógrafos, familiares, veciños e amigos. Uns materiais que se combinan con imaxes e sons do seu arquivo persoal e familiar, coas músicas tradicionais e contemporáneas, os bailes, os viños e os lugares do seu principio do mundo en Córrego, facendo deste documental unha auténtica "florenciada" audiovisual.

Aser Álvarez (Celanova). Licenciado en políticas e xornalismo, mestrado de El País e especialista universitario en Comunicación audiovisual, ten traballado en prensa, radio e televisión. Tamén comisariou proxectos expositivos multimedia e editoriais e realizou contidos para televisión e publicidade, cos que obtivo o Mestre Mateo ao Mellor Documental, os premios de xornalismo Xosé Aurelio Carracedo, Xohán Carballeira e o Premio ao Mellor Informativo no I Open Radio do CCCB.



Venres 11, 20.00 | NUMAX + COLOQUIO

REMOVENDO A TERRA (2022)

Margarita Teijeiro, Antonio Caoiro

Galicia / 71 min / Documental / Galego

Ficha artística:

Documental. Interveñen: Fran Alonso, Lourenzo Fdez. Prieto, Gustavo Hervella, José Carlos Sáchez, Antonio Míguez, Fernando Serrulla, Ana Mosquera, Vitoria Lareu, Margarita Teijeiro, Patricia Arias, Manuela Iglesias, Amalita Limeres, Rosalía Génova, Manolo Eiras, Loliña Cores, Andrés Roo, Luisa Alonso, Familia Castro Lojo

Ficha técnica:

- **Guión:** Antonio Caoiro
- **Fotografía:** José Luiz Oubiña
- **Música:** Arturo Solar
- **Edición:** O Faiado da Memoria
- **Produción:** O Faiado producións e O Faiado da Memoria, co apoio financeiro do Plan Cuadrinial da Memoria Democrática

Sinopse:

Un grupo de médicos forenses, arqueólogos e historiadores, coordinados —por primeira vez en corenta anos de democracia— pola Universidade de Santiago, e coa axuda do goberno español e de Galicia, inicia a exhumación dunha fosa común en Vilagarcía de Arousa. Esta é a historia dos que buscan e de quen os busca. Familia e científicos cun mesmo fin: escavar e mostrar a memoria oculta baixo a terra. **Antón Caoiro** (Gondomar) e **Margarita Teijeiro** (Vilagarcía de Arousa). Son creadores e responsables do Faiado da Memoria, asociación e produtora dedicada a recoller e difundir materiais gráficos, sonoros e audiovisuais de Galicia, principalmente en Vilagarcía de Arousa. *25x24* (1985), *Aillados* (1988-2001), *A memoria nos tempos do volfram* (2003), *Esta noite, velada* (2009), *A volta dos nove* (2014), *Ecos de Cortegada* (2016), *Resonancias do pasado* (2020), *Removendo a terra* (2022) ou *Historias arredor da vida* (2022) son algúns dos seus títulos.



Venres 11, 18.00 | NUMAX
+ COLOQUIO EN LIÑA

UN CIELO IMPASIBLE (2021)

David Varela

España / 81 min / documental / castelán

Ficha técnica:

- **Guión:** David Varela
- **Fotografía:** Raquel Fernández Núñez
- **Edición:** David Varela
- **Produción:** David Varela

Sinopse:

Zona oeste de Madrid. Lugar onde aconteceu unha das batallas máis cruentas e mortíferas da Guerra Civil Española. Un grupo de adolescentes investiga, recita e debate sobre os testemuños dos soldados que loitaron durante eses terribles días e fan súas as vivencias dos veteranos e dos mortos.

David Varela (Madrid). Cineasta e programador galego responsable da Asociación de Cinema Documental DOOMA. Como realizador firmou *Banaras Me* (2010) ou *Freedom to Kill the Other's Children* (2016), exhibido, entre outros festivais, na 30ª edición de Cineuropa. Ademais, foi codirector artístico de Documenta Madrid entre 2017 e 2019.



Mércores 9, 20.30 | NUMAX + COLOQUIO

VALLDAURA: A QUARANTINE CABIN (2022)

Manuel Lógar

España / 77 min / Documental / Inglés

Ficha técnica:

- **Guión:** Manuel Lógar
- **Fotografía:** Lucas Carrillo
- **Edición:** Manuel Lógar
- **Música:** Vicente Guallart

Sinopse:

No medio do parque natural de Collserola, un grupo de novos arquitectos de todo o mundo viven e estudan o futuro das cidades. Coa chegada da covid, serán confinados no medio dunha fraga, experimentando os problemas e conflitos emocionais da autosuficiencia como xamais esperarían. Tras un muro de árbores, as opcións son infinitas.

Manuel Lógar (A Coruña). Interesado na realidade da imaxe e a natureza social, especializa os seus estudos de cinema na rama documental e roda a súa ópera prima sobre os percebeiros da Costa da Morte. Sobrevivindo en equipos de produción de diferentes proxectos, Manuel mantén a súa produción documental independente, así como a dirección do Cormorán Film Fest, festival de cinema internacional coruñés.



Mércores 9, 19.00 | NUMAX + COLOQUIO

XOSÉ VELO. O LIBERTADOR IBÉRICO (2022)

Aser Álvarez

Galicia / 45 min / Documental / Galego

Ficha técnica:

- **Guión e dirección artística:** Aser Álvarez González
- **Fotografía:** Laura Yáñez Bastos
- **Edición:** Aldán Delgado Fernández
- **Animación:** Aldán Delgado Fernández, Xosé Vizoso
- **Producción:** Arraianos Producións

Sinopse:

Xosé Velo foi un notábel político e escritor nacido en Celanova en 1916. Despois da guerra trasladouse a Vigo, onde o detiveron pola súa actividade antifranquista. En 1948 fuxiu a Portugal, onde estivo preso, e máis tarde a Venezuela, país onde desenvolveu unha intensa actividade a prol da emigración galega. En 1959 fundou o DRIL (Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación) e a principios de 1961 dirixiu o secuestro do transatlántico Santa María, acción que pretendía denunciar internacionalmente as dúas ditaduras ibéricas. O goberno brasileiro acolleu aos secuestradores como refuxiados políticos, e Velo e o seu fillo Vítor, que tamén participara no secuestro, establecéronse en São Paulo onde fundaría a librería Nós e logo a editorial Galiza Ceibe pouco antes de morrer aos 55 anos de idade.

Aser Álvarez (Celanova). Licenciado en políticas e xornalismo, mestrado de El País e especialista universitario en Comunicación audiovisual, ten traballado en prensa, radio e televisión. Tamén comisariou proxectos expositivos multimedia e editoriais e realizou contidos para televisión e publicidade, cos que obtivo o Mestre Mateo ao Mellor Documental, os premios de xornalismo Xosé Aurelio Carracedo, Xohán Carballeira e o Premio ao Mellor Informativo no I Open Radio do CCCB.



REDE CULTURAL

2022



ACTIVIDADES EN

91

DOS 93 CONCELLOS

TEN UN ORZAMENTO DE

2,1M€

DOS QUE A DEPUTACIÓN
ACHEGA 1.551.000€

ESTE ANO OFÉRTANSE


1.747

ESPECTÁCULOS
PROFESIONAIS

PROGRÁMANSE

1.263

PROPOSTAS ARTÍSTICAS
POR TODO O TERRITORIO:



454

ESPECTÁCULOS TEATRAIS
E DE MONICREQUES

68

DE MÁXIA

32

DE DANZA

145

ESPECTÁCULOS QUE ANIMAN
A USAR O GALEGO

268

CONCERTOS

154

PROXECCIONS

142

ESPECTÁCULOS DE
CULTURA AMADORA

379

AGRUPACIONES
INSCRITAS



Deputación
DA CORUÑA

DOCS CINEUROPA

Non é necesario recalcarlle ao noso público o poder emocional, a capacidade de remover conciencias do xénero documental. Na escolma deste ano hai figuras de peso como Isabel Coixet, que revisa n'*O teito amarelo* un caso real de abusos sexuais sufrido por adolescentes, ou como Manuel Iborra, que bota a vista atrás e elabora un fermoso relato sobre as luces e sombras do pasado, a través do reencontro cunha película tan representativa do cinema español doutro tempo como *Orquesta Club Virginia*. E toda a atención para a que é xa unha das cintas do ano: coas imaxes de *El caso Padilla* descóbrese por vez primeira un material de arquivo áureo, as filmacións da autocrítica realizada polo poeta cubano Heberto Padilla na Habana, en 1971. Nese acto –que foi gravado en formato de cinema por ordes de Fidel Castro– asistimos ao ritual totalitario da autoinculpación, da delación dos outros. Son imaxes que destilan estupor –e case medo– mentres vemos o rostro de Padilla bañado de suor naquela xornada na que a revolución cubana perdeu internacionalmente a súa inocencia.

Xoves 17, 19.30 | Salón Teatro
+ PRESENTACIÓN E COLOQUIO
Domingo 20, 21.00 | Multicines Compostela

BARAJAS (2021)

Javier Izquierdo
Ecuador / 63 min / Documental / Español

Ficha técnica:

- **Guión:** Javier Izquierdo
- **Fotografía:** Tomás Astudillo
- **Edición:** Ana María Prieto
- **Música:** Tomás Astudillo

Sinopse:

Explora a azarosa morte de Ángel Rama, Marta Traba, Manuel Scorza e Jorge Ibarra nun accidente aéreo en 1983, preto do aeroporto madrileño de Barajas. A través dos arquivos audiovisuais destes catro autores -procedentes de diferentes países de América Latina e residentes daquela en París- o cineasta indaga no imaxinario dos escritores latinoamericanos da segunda metade do século XX, dominado polas ditaduras e exilios que marcaron a toda unha xeración.

Javier Izquierdo (Quito). Estudou Comunicación Social na Universidade Politécnica Salesiana de Quito (UPS) e traballou como fotógrafo *freelance*. Foi profesor de guión na Universidade Autónoma de Barcelona (UAB) e investigador da Cinemateca Nacional do Ecuador. Os documentais *Augusto San Miguel ha muerto ayer* (2003), *Un secreto en la caja* (2016) e *Barajas* (2021) e mais a ficción *Panamá* (2019) son algúns dos seus títulos.



• Premio da crítica á mellor película latinoamericana no Festival Cinematográfico Internacional do Uruguai 2022



Sábado 5, 21.30 | Salón Teatro
Martes 8, 17.30 | Teatro Principal

EL CASO PADILLA (2022)

Pavel Giroud
Cuba, España / 78 min / Documental / Español, francés, inglés

Ficha técnica:

- **Guión e edición:** Pavel Giroud
- **Música:** Pablo Cervantes
- **Son:** Vanessa Carvajal, Anto Molina, David Rodríguez
- **Producción:** Ventú Productions, Lia Rodríguez

Sinopse:

A Habana, primavera de 1971: o poeta Heberto Padilla vén de ser posto en liberdade e comparece perante o gremio de escritores cubanos, onde entoa unha "sentida autocrítica", se declara axente contrarrevolucionario e acusa de complicidade a moitos dos seus colegas alí presentes, entre eles, á súa esposa. Un mes atrás, o seu arresto baixo a acusación de atentar contra a seguridade do estado cubano mobilizara a vangarda intelectual do mundo enteiro, que lle dirixiu unha carta a Fidel Castro esixindo a liberdade do poeta, que cometera un único pecado: disentir a través da súa obra poética. O mea culpa do escritor, nunha gravación que se amosa por primeira vez ao público, marca a liña narrativa dunha historia na que aparecen testemuños de Gabriel García Márquez, Julio Cortázar, Mario Vargas Llosa, Jean-Paul Sartre, Jorge Edwards e Fidel Castro.

Pavel Giroud (A Habana). No 2006 dirixiu a súa primeira longa en solitario, *La edad de la peseta*, estreada en Toronto e candidata ao Goya á mellor película estranxeira de fala hispana. En 2014 codirixiu o documental *Playing Lecuona*, que obtivo entre outros galardóns o premio ao mellor documental no Festival de Montreal. *El acompañante* (2015) alzouse co premio do público nos festivais de Málaga, Miami, Toulouse e A Habana.



Domingo 6, 18.00 | Salón Teatro
Mércores 9, 18.00 | Teatro Principal

EL SOSTRE GROC / O TEITO AMARELO (2022)

Isabel Coixet
España / 94 min / Documental / Catalán, español

Ficha técnica:

- **Guión:** Isabel Coixet
- **Fotografía:** Nadia Zafrá
- **Edición:** Mariona Solé Altimira
- **Música:** Miss Wasabi Films


Sinopse:

No 2018 un grupo de nove mulleres presentou unha denuncia contra dous dos seus profesores da aula de Teatro de Lleida por abusos sexuais acontecidos entre os anos 2001 e 2008, cando eran adolescentes. Foi demasiado tarde. Por medo, por vergoña, porque lles levara moito tempo entender e dixerir o que pasara, a denuncia chegou cando o caso xa prescribira. O que non sabían era que, malia a esa prescrición, os seus testemuños estaban a abrir unha porta na que se cadra non todo estaba perdido.

Isabel Coixet (Sant Adrià de Besòs). Acadou o recoñecemento internacional coa súa segunda longa, *Cosas que nunca te dije* (1996). *La vida secreta de las palabras* (2005) presentouse en Venecia e obtivo dous premios Goya. Competiu en Berlín con *Mi vida sin mí* (2003), *Elegy* (2008), *Nadie quiere la noche* (2015) e *Elisa e Marcela* (2019), e en Cannes con *Mapa de los sonidos de Tokio* (2009). En 2018 *The Bookshop (A librería)* conseguiu os Goya á mellor película, dirección e guión adaptado.



• Sección oficial (fóra de competición) no Festival de San Sebastián 2022



Domingo 13, 18.00 | NUMAX
+ PRESENTACIÓN E COLOQUIO

LA CLUB VIRGINIA (2021)

Manuel Iborra
España / 72 min / Documental / Español

Ficha artística:

Jorge Sanz, Antonio Resines, Juan Echanove, Enrique San Francisco, Santiago Ramos, Emma Suárez, Pau Riba, Manuel Iborra

Ficha técnica:

- **Guión e edición:** Manuel Iborra
- **Son:** Carmen Mellado, Javier Fernández
- **Música:** Santi Arisa
- **Producción:** Andrés Pérez, Miguel Mesas

Sinopse:

Documental sobre o filme de 1992 Orquesta Club Virginia, protagonizado por un elenco abraiante, con Jorge Sanz, Antonio Resines, Santiago Ramos, Enrique San Francisco, Juan Echanove, Pau Riba e Emma Suárez. Manuel Iborra constrúe unha crónica agrídoce do que foi unha rodaxe repleta de problemas de todo tipo, persoais e mais cinematográficos, pero que tamén é un canto de amor ao cinema. Un retrato do fracaso dun director superado pola película e da inquebrantable amizade que se forxou entre os seus protagonistas.

Manuel Iborra (Alacante). Estudou na Universidade Complutense de Madrid, onde se licenciou en Ciencias da información, pola rama de Imaxe. Completou a súa formación no TEI (Teatro Experimental Independente) e traballou en cinema, teatro e televisión. *Caín* (1986), *Orquesta Club Virginia* (1992), *El tiempo de la felicidad* (1997), *La dama boba* (2006), *La fiesta de los locos* (exhibida neste festival no 2016) e *La Club Virginia* (2021) son os títulos dalgúns dos seus traballos.



Luns 14, 20.00 | NUMAX
Martes 15, 16.30 | NUMAX

LA RED PONZÁN (2022)

Ismael Gutiérrez

España / 81 min / Documental / Español

Ficha artística:

Oliver Nadouce, Guy Seris, Evelyn Mesquida

Ficha técnica:

•**Guión:** José Luis Hdez. Arango

•**Fotografía:** Lorena Martín

•**Edición:** José María Gómez

•**Música:** PlayProducciones, RTVE

Sinopse:

Durante a Guerra Civil española e a Segunda Guerra Mundial, 3000 persoas deron fuxido da persecución dos nazis en España e Francia grazas a unha complexa rede que aseguraba un salvoconduto. Esa rede era o Equipo Ponzán, liderado por Francisco Ponzán, que xunto con 30 compañeiros, guías de montaña, falsificadores e cuidadores de casas seguras, a través dunha Europa convulsionada, logrou facer un concienciado traballo de rescate humanitario a ambas as dúas beiras da fronteira española. Este documental reúne testemuños e documentos de Paco Ponzán Vidal e do seu equipo para dar a coñecer as súas grandes fazañas.

Ismael Gutiérrez (Sevilla). Deulles forma a máis de 20 proxectos como produtor e director, entre os que podemos salientar as series documentais *Guardianes del patrimonio*, sobre os roubos de obras de arte máis importantes en España e *Frontera Europa*, sobre a loita das forzas de seguridade contra o narcotráfico no campo de Xibraltar. Dirixiu os documentais *El viaje del samurái* (2018), *Itálica, cuna de emperadores* (2019) e *Minas de Riotinto, de los fenicios a Marte* (2019).



Mércores 9, 22.15 | NUMAX
Sábado 12, 20.15 | NUMAX

LAS CARTAS PERDIDAS (2022)

Amparo Climent

España / 75 min / Documental / Español

Ficha artística:

Marisa Paredes, Alba Flotes, Julieta Serrano, Nora Navas, Ana Belén, Tina Sainz, Luisa Gavasa, Rosana Pastor

Ficha técnica:

•**Guión:** Amparo Climent

•**Fotografía:** Pablo D. Solas


•**Edición:** Bárbara Antonaya, Amparo Climent

•**Música:** Mitad & Mitad Producciones, Filmmakers Monkeys, Tarannà Films

Sinopse:

Tras o golpe de estado, o réxime de Franco aproveitou a vitoria para castigar de forma cruel e salvaxe á poboación republicana. Máis de 250.000 españois foron encerrados en campos de concentración e en cárceres. A represión contra as mulleres foi aínda máis dura, con violacións, humillacións vexatorias e rapadas de pelo. Moitas destas mulleres escribíronlles cartas aos seus familiares ou amigos antes de morreren ou durante o seu encarceramento. Este documental atopa e difunde esas cartas para que o seu nome non se borre da historia.

Amparo Climent (Valencia). Licenciada en Belas Artes pola Universidade Complutense de Madrid. Realizou varias exposicións individuais e colectivas en Europa e América. Estuda cinema, guión e dirección. É autora de curtametraxes como *El viaje de Robles*, *ADN*, *Recuerdos en el jardín* ou *La buena noticia*. É guionista e directora da longametraxe documental *As bágoas de África*, codirectora xunto con Héctor Melgares de *Los sueños de Idomeni* e directora de *Las cartas perdidas*.



SE PRECISAS MÁIS
INFORMACIÓN OU QUERES
MERCAR AS TÚAS
ENTRADAS FÍSICAMENTE,
VISÍTANOS NA ZONA C.

#CINEUROPA36

SECCIÓN OFICIAL

XURADOS



ALBERTO MORAIS
(Valladolid, 1976)

Licenciado en Belas Artes pola Universidade Politécnica de Valencia, diplomado pola Cátedra de Cinema de Valladolid, mestrado de guión Luís García Berlanga pertencente á UIMP e diplomado pola Escola de Cinema TAI. Produciu e dirixiu dúas curtametraxes e catro longametraxes. No 2008 crea a produtora Olivo Films, S.L. Morais herda do Neorrealismo unha ollada que atravesa a súa filmografía dando fe do tempo no que vive. *Un lugar en el cine* (2008), a súa primeira película, configura unha declaración de intencións das súas obras cinematográficas posteriores. As seguintes longametraxes nas que se desempeñou como director de cinema son: *Las olas* (2011), *Los chicos del puerto* (2013) e *La madre* (2016), que forman, segundo a crítica, unha Triloxía do Abandono.



MARTIN PAWLEY
(A Coruña, 1974)

Escrebe sobre cinema (*Caimán Cuadernos de Cine*, *Nós Diario*, blog *Acto de primavera* e libros colectivos *Reframing Portuguese Cinema in the 21st Century* e *Qué será del cine*), imparte obradoiros e conferencias, programou ciclos e seccións de festivais, produciu o filme *Costa da Morte* (Lois Patiño, 2013) e dirixiu, xunto a Marcos Pérez, a curta experimental *Fogos*, que se exhibiu no FIC Xixón, Punto de Vista ou FID Marseille. Foi xurado en festivais de cinema coma o Curtas de Vila do Conde, FCAT (Festival de Cinema Africano), BAFICI, Festival dei Pópoli, FIC Valdivia ou Filmadrid, entre outros. Como divulgador científico especializado en astronomía, colabora desde o 2015 cada fin de semana no programa *Con voz* de RadioVoz e mantén desde o 2019 unha columna mensual sobre contaminación luminosa na revista *Astronomía*.



IRINA RAFFO
(Montevideo, 1982)

Realizadora e fotógrafa. Mestranda en Cine de América do Sur (Universidade Nacional das Artes, Arxentina) e licenciada en Comunicación con especialidade en Narración creativa (Universidade Católica do Uruguai). Ampliou os seus estudos de Artes visuais en Francia (Université Rennes II) e é titulada do Programa de Cine da Universidade Torcuato Di Tella (2017). Recibiu premios e recoñecementos coma o Fondo Concursable para a Cultura, Fondo de Formación Artística e Plataforma Futuro. Dirixe xunto a Gabriela Guillermo *L'Avventura Cine*. Xuntas realizan *Historias de estaciones*, proxecto premiado co Fondo de Desenvolvemento do INCAU e seleccionado en Berlinale Talents BA 2020, entre outros festivais. No 2018 únese a Fiørd Estudio para producir proxectos audiovisuais, curatoriais e pedagóxicos entre Montevideo e Bos Aires.



ESTE É O XURADO NOVO DE #CINEUROPA36!

Teñen nas súas mans a composición do seu propio palmarés coas seguintes categorías:

- ★ Mellor película
- ★ Mellor director ou directora
- ★ Mellor guión
- ★ Mellor interpretación feminina
- ★ Mellor interpretación masculina

Os premios do Xurado Novo serán de carácter honorífico e daranse a coñecer na gala de Clausura do festival.



ANA LAURA RODRÍGUEZ



ANTÓN RIAL GARCÍA



LYDIA FERNÁNDEZ CORTABARTE



ROQUE BARCIA GONZÁLEZ



SAÚL BUJÁN SOUTO

Films
FROM GALICIA



XUNTA DE GALICIA

#CINEUROPA36

SECCIONES PARALELAS

LATIDOAMERICANO

BLANQUITA
EL PERFECTO DAVID
JESÚS LÓPEZ
SUBLIME
TRÊS TIGRES TRISTES

CENTENARIO CHINA ZORRILLA

ELSA & FRED
ESPERANDO LA CARROZA

FANTASTIQUE COMPOSTELA

EL HOMBRE Y EL MONSTRUO
PIAFFE
PROJECT WOLF HUNTING
THE LAIR

CANCIÓNS PARA DESPOIS DUNHA GUERRA

8 FEMMES / 8 MULLERES
A STAR IS BORN / NACEU UNHA ESTRELA
ALL THAT JAZZ / ALL THAT JAZZ
(COMEZA O ESPECTÁCULO)

CAMELOT
FIDDLER ON THE ROOF /
O VIOLINISTA NO TELLADO
FRENCH CANCAN
FUNNY FACE /
UNHA CARA CON ANXO
FUNNY GIRL
GENTLEMEN PREFER BLONDES /
OS CABALEIROS PREFIREN AS LOIRAS
IT'S ALWAYS FAIR WEATHER /
SEMPRE FAI BO TEMPO
LAGAAN: ONCE UPON A TIME IN INDIA /
LAGAAN: ERA UNHA VEZ NA INDIA
LES PARAPLUIES DE CHERBOURG /
OS PARAUGAS DE CHERBURGO
NEW YORK, NEW YORK
PAINT YOUR WAGON /
A LENDA DA CIDADE SEN NOME
PHANTOM OF THE PARADISE /
A PANTASMA DO PARAÍSO
PURPLE RAIN
SINGIN' IN THE RAIN /
CANTANDO BAIXO A CHOIVA

STORMY WEATHER /
TEMPO DE TORMENTA
SWING TIME / EN ÁS DA DANZA
THE BAND WAGON /
MELODÍAS DE BROADWAY 1955
THE MUSIC MAN / VIVIR DE ILUSIÓN
THE WIZ / O FEITICEIRO
UNE CHAMBRE EN VILLE /
UNHA HABITACIÓN NA CIDADE
SÓ EN FILMIN:
DANCER IN THE DARK
LES GIRLS / AS GIRLS
L'UNE CHANTE L'OUTRE PAS /
UNHA CANTA, A OUTRA NON
YENTL

EN LEMBRANZA DE...

JEAN-LUC GODARD
BAND À PART / BANDA Á PARTE
ANGELA LANSBURY
THE MANCHURIAN CANDIDATE /
O MENSAXEIRO DO MEDO

CINEUROPA MIÚDA

OINK
OS DEMOS DE BARRO
SUBLIME
THE QUIET GIRL

MARATÓN

(POR ORDE DE PROXECCIÓN)

PROJECT WOLF HUNTING
PELÍCULA SORPRESA 1
THE LAIR
PELÍCULA SORPRESA 2
LA NUIT DU 12 / A NOITE DO 12
EL HOMBRE Y EL MONSTRUO
PELÍCULA SORPRESA 3

PREMIOS CINEUROPA

EL AMOR PERJUDICA SERIAMENTE LA SALUD
EL SEMBRADOR DE ESTRELLAS
FOGO-FÁTUO
MONTAÑA EN SOMBRA
SECRETOS DEL CORAZÓN

LATIDOAMERICANO

A produción latinoamericana da tempada non acaba no *blockbuster* *Argentina 1985*. Tampouco en fitos da programación deste ano, como *El caso Padilla*, *Tengo sueños eléctricos* ou *Trenque Lauquen*. A escolma de títulos da sección deste ano pasa por Chile e *Blanquita*, a recente película do ben coñecido Fernando Guzzoni, que gañou o premio ao mellor guión na sección Horizontes de Venecia. Tamén por Uruguai e *El perfecto David*, con adolescente á procura da beleza, do corpo perfecto. E coa homenaxe á gran cómica China Zorrilla no seu centenario, co clásico arentino *Esperando la carroza*. Polo Brasil convulso de *Três tigres tristes*. A arentina *Jesús López*, que concursou en San Sebastián. E un dos *sleepers* dos festivais deste ano, *Sublime*, un dos *coming of age* máis fermosos da tempada.

Mércores 16, 21.45 | NUMAX
Venres 18, 17.00 | Salón Teatro

BLANQUITA (2022)

Fernando Guzzoni

Chile, México, Luxemburgo, Francia, Polonia / 99 min / Ficción / Español

Ficha artística:

Laura López, Alejandro Goic, Amparo Noguera, Marcelo Alonso, Daniela Ramírez, Ariel Grandón

Ficha técnica:

•**Guión:** Fernando Guzzoni

•**Fotografía:** Benjamín Echazarreta

•**Edición:** Jarosław Kamiński, Soledad Salfate

•**Producción:** Giancarlo Nasi, Pablo Zimbrón Alva, Donato Rotunno, Pascal Guerrin, Yves Darondeau, Emmanuel Priou, Beata Rzezniczek

Sinopse:

Blanca é unha moza de 18 anos que vive nun fogar de acollida. Un día convértese en testemuña clave nun escándalo que investiga a participación de políticos e homes ricos en festas sexuais con menores. Así e todo, cantas máis preguntas se fan, menos claro parece o papel de Blanca no escándalo.



• Mellor guión da sección Orizzonti do Festival de Venecia 2022



Venres 11, 16.20 | NUMAX
Xoves 17, 18.00 | Salón Teatro

EL PERFECTO DAVID (2021)

Felipe Gómez Aparicio

Arxentina, Uruguai / 78 min / Ficción / Español

Ficha artística:

Mauricio Di Yorio, Umbra Colombo, Diego Starosta, Pablo Staffolarini, José Luis Sain

Ficha técnica:

•**Guión:** Leandro Custo, Felipe Gómez Aparicio

•**Fotografía:** Adolpho Veloso

•**Edición:** Federico Peretti

•**Producción:** Oh My Gomez! Films, Primo, Roberto Me Dejó Films

Sinopse:

Un adolescente está obsesionado co seu corpo. Adestra día e noite. É inducido pola súa nai, unha artista plástica que busca que o seu fillo chegue á perfección no tocante ás proporcións físicas.



Mércores 9, 17.15 | NUMAX
Martes 15, 18.00 | Salón Teatro

JESÚS LÓPEZ (2021)

Maximiliano Schonfeld

Arxentina, Francia / 87 min / Ficción / Español

Ficha artística:

Lucas Schell, Joaquín Spahn, Sofía Palomino, Alfredo Zenobi, Paula Ransenberg, Romina Pinto, Benigno Lell

Ficha técnica:

•**Guión:** Selva Almada, Maximiliano Schonfeld

•**Fotografía:** Federico Lastra

•**Edición:** Ana Remón

•**Producción:** Murillo Cine, Luz Verde, INCAA

Sinopse:

Jesús López, un piloto de carreiras, morre accidentalmente e os veciños da súa localidade quedan conmocionados. O seu curmán Abel, un adolescente sen rumbo, séntese aos poucos tentado a ocupar o seu lugar. Instálase cos pais de Jesús, viste a súa roupa, sae cos seus amigos e coa súa exmoza... Ao primeiro a xente acéptao e a Abel gústalle este papel. Pero a semellanza co seu curmán vólvese desacougante, ata o punto de que acaba transformándose en Jesús López. Na vila organizase unha carreira en homenaxe a Jesús. Animado polo espírito do seu curmán, Abel conduce o coche do defunto. O resultado desta carreira determinará se a transformación se volve ou non definitiva.



• Mellor película iberoamericana no Festival de Mar del Plata 2021



Domingo 6, 22.00 | Salón Teatro
Martes 8, 16.00 | NUMAX
Domingo 13, 16.00 | NUMAX

SUBLIME (2022)

Mariano Biasín

Arxentina / 100 min / Ficción / Español

Ficha artística:

Martín Miller, Teo Inama Chiabrando, Azul Mazzeo, Joaquín Arana

Ficha técnica:

•**Guión:** Mariano Biasín

•**Fotografía:** Iván Gierasinchuk

•**Edición:** María Astrauskas

•**Producción:** Tarea Fina

Sinopse:

Manuel ten 16 anos, vive nunha pequena vila costeira e toca o baixo nunha banda cos seus mellores amigos. Un deles é Felipe, con quen comparte unha forte amizade desde cativo. Manuel está a saír con Azul; con ela está a explorar a súa relación intensamente. Pero cando chega o momento do seu primeiro encontro, Manuel sente algo completamente novo que lle fai dudar sobre o curso da relación con Azul e conectarse co que está a sentir polo seu mellor amigo.



• Sección Generation 14plus da Berlinale 2022



Luns 7, 16.00 | NUMAX
Xoves 10, 20.20 | NUMAX

TRÉS TIGRES TRISTES (2022)

Gustavo Vinagre

Brasil / 86 min / Ficción / Portugués

Ficha artística:

Isabella Pereira, Pedro Ribeiro, Jonata Vieira

Ficha técnica:

•**Guión:** Tainá Muhringer, Gustavo Vinagre

•**Fotografía:** Cris Lyra

•**Edición:** Rodrigo Carneiro

•**Produción:** SCarneiro Verde Filmes, Tempero Filmes do Brasil

Sinopse:

São Paulo. Nun futuro distópico non moi afastado do presente está a circular un virus que ataca principalmente o cerebro e a capacidade de lembrar. Un estado que esqueceu un pasado marcado polo colonialismo e a ditadura agarda desesperadamente algunha indeterminada 'Fase Dourada'. Tres mozos *queer* deambulan por unha cidade desagrada pola pandemia e o capitalismo desenfreado, lembrando os últimos amantes, compartindo as súas experiencias co VIH, recibindo consellos de maquillaxe e, finalmente, xuntándose con outras persoas esquecidas pola sociedade. Neste afable e surrealista estudo de Gustavo Vinagre sobre unha amnesia politicamente imposta, amenceu unha era *queer* na que as lembranzas só poden sobrevivir porque se comparten colectivamente transmitíndose a través das relacións afectivas. Aquelas persoas que non se preocupan por morrer ricas e privilexiadas están a experimentar a Fase Dourada neste momento. En *Trés tigres tristes* brillan as marxes da sociedade, esquecidas pola pandemia.



• Premio Teddy á mellor longametraxe na Berlinale 2022



CENTENARIO CHINA ZORRILLA

Foi certamente unha das grandes. Concepción (China) Zorrilla naceu o 14 de marzo de 1922 en Montevideo e alí foi tamén onde faleceu aos 92 anos. Integrou unha xeración de actrices eminentes (como Ronsel Castro, Ronsel Medina, Dadh Sfeir e unha ampla lista), pero foi unha artista senlleira, a única auténtica "estrela" entre elas. Non é que fose mellor ca algunhas das outras (abofé que era excelente, iso si), pero foi a única por quen o público se movía expresamente. Abondáballe con poñerse a debullar algún dos centos de historias da súa vida para engaiolar o público. Foi, sobre todo, unha excelente comedianta, mais non era peor como actriz dramática: hai aínda quen lembra a súa brechtiana Nai Coraxe. A súa carreira cinematográfica e televisiva fíxoa popular internacionalmente, e foi tamén en parte por mor dun accidente: a necesidade de emigrar durante a ditadura militar, que a censurou ata o punto de cortar as súas escenas na película *A tregua* de Sergio Renán e de prohibirlle á prensa mencionala.

China Zorrilla iniciou a súa vida profesional no teatro independente co grupo Ars Pulcra, da Asociación de Estudiantes e Profesionais Católicos. Entre 1946 e 1948 viviu en Londres, onde estudou teatro na Royal Academy of Dramatic Art (RADA).

Ao seu regreso a Uruguai, incorporouse á Comedia Nacional e formou parte do seu elenco ata 1958. Nos dez anos que permaneceu alí desenvolveuse tamén como directora e traduciu do inglés e do francés varios textos que integraron o repertorio da compañía.

Logo do seu traballo na Comedia Nacional, dirixiu *Salven ao cómico*, *A pulga na orella*, *Cancións para mirar* e *A muller invisible*, entre outras obras. Con Enrique Guarnero e Antonio Larreta fundou o Teatro da Cidade de Montevideo (TCM), compañía coa que realizou xiras a Bos Aires, París e Madrid e que foi distinguida co Premio da crítica española por *Porfiar ata morrer* de Lope de Vega.

No cine traballou con Leopoldo Torres Nilson, Luís Puenzo, Fernando Ayala, Sergio Renán, Héctor Olivera, María Luisa Bemberg, Lautaro Murúa e ata co seu benquerido amigo Taco Larreta, e a miúdo o seu papel foi o único valioso de películas que non importaban. Estas dúas películas son a nosa homenaxe. E non hai que achegarse a elas na procura de grandes valores cinematográficos, que tamén os teñen; hai que facelo para ver e coñecer a China.

Mércores 9, 20.00 | Auditorio de Galicia (Sala Mozart)
Sábado 19, 19.30 | Multicines Compostela

ELSA & FRED (2005)

Marcos Carnevale

Arxentina, España / 108 min / Ficción / Español

Ficha artística:

China Zorrilla, Manuel Alexandre, Blanca Portillo,

Roberto Carnaghi, José Ángel Egido, Federico Luppi

Ficha técnica:

•**Guión:** Marcos Carnevale, Lily Ann Martin, Marcela Guerty

•**Fotografía:** Juan Carlos Gómez

•**Edición:** Nacho Ruiz Capillas

•**Produción:** Sahazam Producciones, Tesela P.C

Sinopse:

Elsa anda polos 82 anos, é unha muller chea de vitalidade e ten unha imaxinación desbordante. Alfredo, algo máis novo ca ela, foi sempre un home convencional, serio e responsable. Ao quedar viúvo, desconcertado e angustiado pola ausencia da súa muller, a filla ánimo a se mudar a un apartamento máis pequeno. Alí coñece a Elsa, que é a súa veciña. Desde aquela, ela irrompe na súa vida disposta a demostrarlle que o tempo que queda é precioso e que debe gozar del como lle apeteza.



- Candidata á mellor actriz principal nos Goya 2005
- Candidata á Espiga de Ouro na Seminci de Valladolid 2005
- Dous premios Cóndor de Prata, incluíndo mellor actriz



Xoves 10, 20.00 | Auditorio de Galicia (Sala Mozart)
Sábado 19, 21.30 | Multicines Compostela

ESPERANDO LA CARROZA (1985)

Alejandro Doria

Arxentina / 87 min / Ficción / Español

Ficha artística:

Antonio Gasalla, China Zorrilla, Luis Brandoni, Julio

De Grazia, Betiana Blum, Juan Manuel Tenuta, Darío Grandinetti

Ficha técnica:

•**Guión:** Alejandro Doria, Jacobo Langsner

•**Fotografía:** Juan Carlos Lenardi

•**Edición:** Silvia Ripoll

•**Produción:** Rosafrey, Susy Suranyi e Asociados

Sinopse:

Versión libre da peza teatral homónima de Jacobo Langsner, adaptada polo propio autor e mais o director Alejandro Doria. Un malentendido arredor da morte dunha anciá supón o punto de partida para esta broma salvaxe sobre a falsa piedade, os sentimentos finxidos, as hipocrísias e os sorrisos tramposos característicos dunha mentalidade de barrio que practica o culto ás aparencias.



#CINEUROPA36

SECCIÓN PARALELA

FANTASTIQUE COMPOSTÉLA

Venres 18, 22.00 | Teatro Principal (Maratón)

EL HOMBRE Y EL MONSTRUO (1959)**Rafael Baledón**

México / 78 min / Ficción / Español

Ficha artística:

Enrique Rambal, Abel Salazar, Martha Roth, Ofelia Guilmáin, Ana Laura Baledón

Ficha técnica:•**Guión:** Alfredo Salazar, Raúl Zenteno•**Fotografía:** Raúl Martínez Solares•**Edición:** Carlos Savage•**Producción:** Cinematográfica ABSA**Sinopse:**

Desexoso de acadar sona e fortuna, un pianista frustrado véndelle a súa alma ao demo en troco de se converter no meirande músico de todos os tempos. A partir daquel intre, o home transformárase nun monstro sedento de sangue cada vez que a orquestra executa certa melodía e deixará tras de si un ronsel de brutais crimes.

Luns 14, 21.45 | NUMAX
Xoves 17, 18.15 | NUMAX**PIAFFE (2022)****Ann Oren**

Alemaña / 86 min / Ficción / Alemán, inglés

Ficha artística:

Simone Bucio, Simon(e) Jaikiriama Paetau, Sebastian Rudolph

Ficha técnica:•**Guión:** Ann Oren, Thais Guisasa•**Fotografía:** Carlos Vasquez•**Edición:** Ann Oren, Haim Tabakman•**Producción:** Kristof Gerega**Sinopse:**

Cando a súa irmá Zara sofre un ataque de nervios, a introvertida Eva vese obrigada a aceptar o traballo de Zara como artista de Foley, e crear sons para un anuncio publicitario protagonizado por un cabalo. Cando unha cola de cabalo comeza a medrar a partir do seu corpo, Eva utiliza ese feito excepcional para iniciar un xogo de submisión cun mozo botánico. Unha das grandes sensacións da pasada edición do Festival de Locarno.



- Candidata á mellor película da sección 'Noves visións' en Sitges
- Candidata á mellor película no Festival de Locarno

Xoves 17, 21.00 | Salón Teatro
Venres 18, 22.00 | Teatro Principal (Maratón)
Domingo 20, 22.00 | Salón Teatro**PROJECT WOLF HUNTING (2022)****Kim Hong-sun**

Corea do Sur / 121 min / Ficción / Coreano

Ficha artística:

Seo In-guk, Jang Dong-yoon, Choi Guyhwa

Ficha técnica:•**Guión:** Kim Hong-sun•**Fotografía:** Yoon Ju-hwan•**Edición:** Shin Min-kyung•**Producción:** Cheum Film, Contents G**Sinopse:**

Setembro do 2021. Un grupo de perigosos delinquentes coreanos ten que ser trasladado nun buque de carga de Manila a Busán. Acompañanos a bordo o capitán da policía coreana Suk-woo e outros 22 detectives experimentados, cada un con polo menos dez anos de experiencia investigando crimes violentos. Axiña, a prisión flotante abandona o porto e comeza o seu camiño cara a Corea. Os prisioneiros están fortemente custodiados e todo está tranquilo a bordo ata que os criminais inician un motín.



- Premio especial do xurado e mellores efectos especiais no Festival de Sitges 2022



Venres 18, 22.00 | Teatro Principal (Maratón)

THE LAIR (2022)**Neil Marshall**

Reino Unido / 90 min / Ficción / Inglés, dari

Ficha artística:

Charlotte Kirk, Jamie Bamber, Jonathan Howard, Tanji Kibong, Leon Ockenden

Ficha técnica:•**Guión:** Neil Marshall•**Fotografía:** Luke Bryant•**Edición:** Christopher Drake•**Producción:** Ashland Hill Media Finance, Hero Squared, Ingenious Media, Onsite, Rather Good Films, Scarlett Productions Ltd**Sinopse:**

Na súa última misión en Afganistán, Kate, unha piloto da RAF, é ferida. Para fuxir dos seus perseguidores, refúxiase nun búnker que antigamente usaran os rusos para experimentaren con ADN alienígena. A batalla entre soldados e monstros mutantes está servida, e Neil Marshall, director de *The Descent*, mergúllanos nunha frenética espiral de acción e gore.



- Candidata a mellor película da sección Midnight X-Treme no Festival de Sitges



CANCIÓNS PARA DESPOIS DUNHA GUERRA

O xénero do musical concibiuse como un espectáculo que de seu, na súa natureza orgánica, quere a pantalla grande. Vostedes diranme que todo o cinema naceu para ser visto nesas condicións, e non se trabucan. Pero como imaxinar as soadas e inimitables coreografías circulares de Busby Berkeley (dentro ou fóra da auga) se non é desde unha butaca e fronte unha proxección xigante? Quen pode asegurar que puido apreciar as singularidades e case a revolución que Vincente Minnelli ensaia en *Melodías de Broadway 1955* se non viu esta celebración en 35 milímetros? Por certo, tan longas e inadmisibles debían de resultar para a censura española do tempo as pernas de Cyd Charisse que a película, producida en 1953, estreouse no noso país como *Melodías de Broadway 1955*, cos dous anos que lles levou aos tipos da tesoura asimilar a anatomía da gran danzante.

Se nos preguntamos cantos musicais vimos como debe ser, en pantalla grande, sen contar o revival desta década con *La la Land* e o *West Side Story* de Spielberg, de certo que nos atopamos fronte a unha carencia colectiva. Só os cinéfilos en idade de retiro, maioritariamente, verían nesas condicións unha película deste xénero de Minnelli, de Stanley Donen, de Gene Kelly, Cukor, Howard Hawks ou George Stevens. Ou poderían contemplar as evolucións de claqué de Fred Astaire, o duelo de cores de cabelo e de diferenzas salariais entre Jane Russell e Marilyn Monroe, ou o afro empoderado *avant la lettre* de Lena Horne.

Tamén se fixa este ciclo en clásicos poucos difundidos en España, como as soberbias *Sempre fai bo tempo* ou *The music man*, maltratada desde que o distribuidor ibérico a rebautizara como *Vivir de ilusión*. Ou na obra mestra menos coñecida de Jacques Demy, *Unha habitación na cidade*, que será exhibida en versión restaurada.

É posible que algúns alcanzasen a saborear aquel intento por resucitar o musical como espectáculo de masas naquela onda de superproduccións de finais dos 60, que encarnaron como ninguén Joshua Logan en *Camelot* e n'*A lenda da cidade sen nome*, e tamén William Wyler con *Funny Girl* ou Norman Jewison n'*O violinista no tellado*.

Recoñecemos que nas súas revisións do gran cinema clásico Cineuropa tiña unha débeda co musical. Igual que a copla foi o lenitivo dos duros anos de posguerra e franquismo, as luces provenientes de Broadway acendéronse co crack do 29. E iluminaron no seu clasicismo tres décadas de guerra e paz, de miseria e rexurdimento. Agora que fóra soa o que non sabemos se son os tambores de guerra ou o ring-ring do teléfono vermello, busquemos reforzo nunha fórmula de show que demostrou ser imbatible como antídoto fronte a tristeza. Vivamos baixo esa lei da irrealidade que impón o arco da vella que anuncia un mundo de Oz onde todo é posible: mesmo que Dorothy sexa Diana Ross e non a totémica Judy Garland.

Sábado 5, 21.00 | Multicines Compostela
Sábado 12, 19.45 | Multicines Compostela

8 FEMMES / 8 MULLERES (2002)

François Ozon

Francia / 103 min / Ficción / Francés, inglés

Ficha artística:

Catherine Deneuve, Emmanuelle Béart, Isabelle Huppert

Ficha técnica:

•**Guión:** François Ozon, Marina de Van. Baseada na obra de Robert Thomas

•**Fotografía:** Jeanne Lapoirie

•**Edición:** Laurence Bawedin

•**Produción:** Mars Films, France 2 Cinema, Gimages 5, BIM Distribuzione, Canal+, CNC, Fidélité Productions

Sinopse:

Anos cincuenta. Nunha gran mansión burguesa en pleno campo, onde se están a facer os preparativos para festexar o Nadal, prodúcese un drama: o dono da casa é asasinado. Evidentemente, a culpable ten que ser unha das oito mulleres que están na casa. Comeza así unha longa xornada de investigación, chea de discusións, traizóns e revelacións, que leva á conclusión de que cada unha delas ten as súas razóns e garda segredos insospitados. A verdade estalará, cruel e tráxica, desenmascarando os personaxes e poñendo de manifesto as súas mentiras.



- Oso de Prata no Festival de Berlín 2002
- 12 candidaturas, incluíndo a de mellor filme, nos premios César 2002
- Mellor actriz nos Premios do Cine Europeo



Luns 7, 17.00 | NUMAX

A STAR IS BORN / NACEU UNHA ESTRELA (1954)

George Cukor

EEUU / 175 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Judy Garland, James Mason, Jack Carson

Ficha técnica:

•**Guión:** Moss Hart. Baseado na obra de: Dorothy Parker, Alan Campbell, William A. Wellman e Robert Carson

•**Fotografía:** Sam Leavitt

•**Edición:** Folmar Blangsted

•**Produción:** Warner Bros., Transcona Enterprises

Sinopse:

Norman Maine é un famoso actor adicto ao alcol que descobre a Esther, unha moza cun gran talento para a canción, e decide impulsar a súa carreira cinematográfica. Efectivamente, ela triunfa e poucos meses despois a parella contrae matrimonio. Pero, a medida que o éxito de Esther vai aumentando, o de Norman sofre o efecto contrario, o que o empurra cara á autodestrución.



- Seis candidaturas aos Óscar 1954, incluíndo a de mellor actor e mellor actriz
- Mellor actor, mellor actriz e mellor musical nos Globos de Ouro 1954



Martes 15, 18.30 | NUMAX

ALL THAT JAZZ / ALL THAT JAZZ (COMEZA O ESPECTÁCULO) (1979)

Bob Fosse

EEUU / 123 min / Ficción / Inglés e español

Ficha artística:

Roy Scheider, Jessica Lange, Leland Palmerrt

Ficha técnica:

•**Guión:** Robert Alan Aurthur, Bob Fosse

•**Fotografía:** Giuseppe Rotunno

•**Edición:** Alan Heim

•**Produción:** Columbia Pictures, 20th Century Fox

Sinopse:

Joe Gideon (Roy Scheider) é un implacable coreógrafo neste musical pouco convencional que retrata a dureza, o esplendor e a decadencia das xentes do mundo do espectáculo, a quen o triunfo lles nega ás veces a posibilidade doutros afectos. Un drama que retrata a outra cara do show, a do que acontece entre bastidores.



- Mellor BSO adaptada, vestuario, dirección artística e montaxe nos Óscar 1979
- Candidata a mellor actor de comedia/musical nos Globos de Ouro 1979
- Palma de Ouro (ex aequo) á mellor película en Cannes 1979
- Mellor fotografía e montaxe nos premios BAFTA 1979



Luns 7, 18.00 | NUMAX

Mércores 16, 17.00 | Salón Teatro

CAMELOT (1967)

Joshua Logan

EEUU / 178 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Richard Harris, Vanessa Redgrave, Franco Nero

Ficha técnica:

•**Guión:** Alan Jay Lerner. Baseada na historia de T.H. White

•**Fotografía:** Richard H. Kline

•**Edición:** Folmar Blangsted

•**Produción:** Warner Bros./Seven Arts

Sinopse:

Adaptación cinematográfica do musical homónimo que se estreou en Broadway en 1960. Trata sobre a lendaria historia do reino medieval de Camelot. O cabaleiro francés Lancelot du Lac ou Lanzarote do Lago (Franco Nero) chega á corte do rei Arturo (Richard Harris) para se integrar na Orde da Mesa Redonda que vén de crear o monarca inglés. Lanzarote namora da raíña Xenebra (Vanessa Redgrave) e o seu amor é correspondido. Ao se decatar, Arturo, cego pola carraxe, destrúe a famosa mesa.



- Premios á mellor BSO adaptada, dirección artística e vestuario nos Óscar 1967
- Mellor actor, mellor musical/comedia e mellor BSO nos Globos de Ouro 1967



Domingo 13, 18.00 | Multicines Compostela
Domingo 20, 19.00 | Auditorio de Galicia (Sala Mozart)

FIDDLER ON THE ROOF / O VIOLINISTA NO TELLADO (1971)

Norman Jewison
EEUU / 181 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:
Topol, Norma Crane, Leonard Frey, Molly Picon, Paul Mann, Rosalind Harris, Michele Marsh, Neva Small, Paul Michael Glaser, Raymond Lovelock

Ficha técnica:
-**Guión:** Joseph Stein
-**Fotografía:** Oswald Morris
-**Música:** John Williams e Jerry Bock
-**Edición:** Antony Gibbs, Robert Lawrence
-**Produción:** United Artists, The Mirisch Corporation

Sinopse:
Teyve, o leiteiro dunha vila ucraína, vive feliz coa súa muller e mais as súas cinco fillas, todas elas solteiras. Unha tarde, ao facer o reparto, coñece a Perchick, un pobre estudante de Kiev con ideais revolucionarios. Os dous simpatizan e Teyve ofrécelle casa e comida a cambio de lle impartir clases a unha das súas fillas. Ao mesmo tempo, Lazar Wolf, un rudo carnicero que quedou viúvo, pídelo a Teyve a man da filla máis vella.



- Mellor fotografía, son e banda sonora adaptada nos Óscar 1971
- Mellor filme de comedia ou musical e mellor actor nos Globos de Ouro 1971



Domingo 6, 22.00 | Multicines Compostela
Domingo 13, 16.00 | Multicines Compostela

FRENCH CANCAN (1955)

Jean Renoir
Francia, Italia / 102 min / Ficción / Francés

Ficha artística:
Jean Gabin, María Félix, Françoise Arnoul

Ficha técnica:
-**Guión:** Jean Renoir
-**Fotografía:** Michel Kelber
-**Edición:** Borys Lewin
-**Produción:** Franco London Films, Jolly Film

Sinopse:
Monsieur Danglard contrata a Nini, unha moza que traballa nunha lavandería, e mais a outras atractivas mozas para que se unan a súa compañía de teatro. Danglard ten previsto abrir un cabaret en París, o Moulin Rouge, onde a grande atracción será o cancan. Malia a ter noivo, Nini é seducida por Danglard, mais o seu principal admirador é o príncipe Alexandre.

Logo de 15 anos de estada nos Estados Unidos, *French Cancan* supuxo o regreso de Renoir ao seu país.



Domingo 6, 17.00 | Multicines Compostela
Domingo 13, 16.00 | Salón Teatro

FUNNY FACE / UNHA CARA CON ANXO (1957)

Stanley Donen
EEUU / 103 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:
Audrey Hepburn, Fred Astaire, Kay Thompson

Ficha técnica:
-**Guión:** Leonard Gershe
-**Fotografía:** Ray June
-**Música:** George Gershwin
-**Edición:** Frank Bracht
-**Produción:** Paramount Pictures

Sinopse:
O fotógrafo dunha importante e coñecida revista de moda busca unha modelo fóra do habitual. A casualidade lévao a unha librería parisiense na que, de súpeto, descobre unha tímida dependenta que axunta todas as calidades que buscaba. Decide, daquela, convertela na mellor modelo de París.



- Candidata a mellor guión orixinal, fotografía, dirección artística e vestuario nos Óscar 1957



Martes 8, 19.30 | Auditorio de Galicia (Sala Mozart)
Venres 11, 19.30 | Multicines Compostela

FUNNY GIRL (1968)

William Wyler
EEUU / 155 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:
Barbra Streisand, Omar Sharif, Kay Medford

Ficha técnica:
-**Guión:** Isobel Lennart
-**Fotografía:** Harry Stradling Sr.
-**Edición:** William Sands, Maury Winetrobe
-**Produción:** Columbia Pictures, Rastar

Sinopse:
Musical sobre a vida da cantante e actriz cómica de orixe xudía Fanny Brice, que obtivo o seu primeiro grande éxito no Keeney's Music May grazas ao seu divertido debut como patinadora. Un ano despois comeza a traballar no famoso Follies e axiña convértese nunha estrela. A nivel persoal a historia céntrase na súa relación co seu segundo marido, Nick Arnstein, un xogador profesional.



- Óscar á mellor actriz e 8 candidaturas en 1968
- Mellor actriz de musical e comedia nos Globos de Ouro 1968



Sábado 5, 17.00 | Multicines Compostela
Domingo 13, 21.15 | Multicines Compostela

GENTLEMEN PREFER BLONDES / OS CABALEIROS PREFIREN AS LOIRAS (1953)

Howard Hawks

EEUU / 91 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Marilyn Monroe, Jane Russell, Charles Coburn

Ficha técnica:

•**Guión:** Charles Lederer. Baseado na obra de Anita Loos, Joseph Fields

•**Fotografía:** Harry J. Wild

•**Edición:** Hugh S. Fowler

•**Produción:** 20th Century Fox

Sinopse:

Lorelei e Dorothy son dúas cantantes que fan un cruceiro desde os Estados Unidos a París. Unha loira e outra morena, coa súa beleza e encanto seducirán a toda a pasaxe. Lorelei ten o obxectivo de casar cun millonario, pero hai un inconveniente: ten mozo e o pai do noivo contratou un detective para descubrir o seu xogo.



•Candidata a mellor guión de musical nos premios do Sindicato de Guionistas 1953.



Luns 14, 18.00 | NUMAX
Domingo 20, 17.00 | Auditorio de Galicia (Sala Mozart)

IT'S ALWAYS FAIR WEATHER / SEMPRE VAI BO TEMPO (1955)

Stanley Donen, Gene Kelly

EEUU / 102 min / Ficción / Inglés e italiano

Ficha artística:

Gene Kelly, Cyd Charisse, Dan Dailey

Ficha técnica:

•**Guión:** Adolph Green, Betty Comden

•**Fotografía:** Robert Bronner

•**Edición:** Adrienne Fazan

•**Produción:** Metro-Goldwyn-Mayer (MGM)

Sinopse:

Durante a Segunda Guerra Mundial tres soldados fixeron unha promesa: atoparse nun lugar concreto dez anos despois de rematar a guerra. Os tres cumpren a promesa, pero ao se xuntaren decátanse de que xa non teñen nada en común.



•Candidata a mellor historia e guión e mellor BSO nos Óscar 1955



Luns 14, 17.00 | Auditorio de Galicia (Sala Mozart)
Domingo 20, 17.00 | Multicines Compostela

LAGAAN: ONCE UPON A TIME IN INDIA / LAGAAN: ERA UNHA VEZ NA INDIA (2001)

Ashutosh Gowariker

India / 226 min / Ficción / Hindi, inglés

Ficha artística:

Aamir Khan, Gracy Singh, Raghuvir Yadav

Ficha técnica:

•**Guión:** Ashutosh Gowariker

•**Fotografía:** Anil Mehta

•**Edición:** Ballu Saluja

•**Produción:** Aamir Khan

Sinopse:

Durante a ocupación inglesa da India, a cidadanía dunha pequena aldea resístese a pagar o imposto que os oficiais británicos veñen de dobrar. Ante as protestas, deciden resolver o conflito xogando un partido de cricket: se gaña o campesiñado, será exonerado das taxas.



•Candidata aos Óscar 2001 como mellor película de fala non inglesa



Xoves 10, 18.00 | Auditorio de Galicia (Sala Mozart)
Luns 14, 17.00 | Salón Teatro

LES PARAPLUIES DE CHERBOURG / OS PARAUGAS DE CHERBURGO (1964)

Jacques Demy

Francia, Alemaña / 88 min / Ficción / Francés, inglés

Ficha artística:

Catherine Deneuve, Anne Vernon, Nino Castelnuovo

Ficha técnica:

•**Guión:** Jacques Demy

•**Fotografía:** Jean Rabier

•**Música:** Michel Legrand

•**Edición:** Anne-Marie Cotret, Monique Teisseire

•**Produción:** Madeleine Films, Parc Film, Beta Film GmbH

Sinopse:

Geneviève é unha moza que vive coa nai, a quen axuda na tenda de paraugas que teñen en Cherburgo. Está namorada de Guy, un mozo mecánico co que pensa casar malia a oposición da súa nai, que considera a Geneviève demasiado nova e a Guy demasiado pobre. Para pagar unha débeda, a nai vese obrigada a lle vender un colar a un rico xoieiro que se namora de Geneviève desde o intre en que a viu. No entanto, Guy terá que se ausentar



•Palma de Ouro no Festival de Cannes 1964



Domingo 6, 19.00 | Multicines Compostela

NEW YORK, NEW YORK (1977)

Martin Scorsese

Estados Unidos / 163 min / Musical / Inglés

Ficha artística:

Robert De Niro, Liza Minnelli, Lionel Stander, Barry Primus, Georgie Auld, Mary Kay Place, George Memmoli, Dick Miller, Leonard Gaines

Ficha técnica:

- **Guión:** Earl Mac Rauch, Mardik Martin
- **Fotografía:** László Kovács
- **Edición:** Bert Lovitt, David Ramirez, Tom Rol
- **Producción:** United Artists

Sinopse:

Jimmy é un impetuoso e sedutor saxofonista que aspira a formar parte dunha gran banda. Francine é unha tímida cantante de bar que soña con ser famosa. Cando se coñecen, xorde entre eles unha atracción inmediata e, cando el toca e ela canta, fan tremer os rañaceos. É o comezo dunha tormentosa relación que poñerá a proba a súa capacidade para atopar o equilibrio entre a súa paixón polo jazz e o amor que os une.



- Catro candidaturas nos Globos de Ouro 1977
- Candidata a mellor deseño de vestuario nos BAFTA 1977



Sábado 19, 16.30 | Multicines Compostela
Domingo 20, 17.00 | Salón Teatro

PAINT YOUR WAGON / A LENDA DA CIDADE SEN NOME (1969)

Joshua Logan

EEUU / 166 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Lee Marvin, Clint Eastwood, Jean Seberg

Ficha técnica:

- **Guión:** Alan Jay Lerner, Paddy Chayefsky
- **Fotografía:** William A. Fraker
- **Edición:** Robert C. Jones
- **Producción:** Paramount Pictures

Sinopse:

Un granxeiro de Michigan e un buscador de ouro asócianse en plena febre deste metal en California. As súas aventuras incluírán mercar e compartir unha esposa, apoderarse dun teatro, secuestrar a seis prostitutas e converter o seu campamento mineiro nunha auténtica cidade.



- Candidata a mellor banda sonora de comedia/musical nos Óscar 1969
- Candidata a mellor filme comedia/musical e mellor actor (Lee Marvin) nos Globos de Ouro 1969



Martes 8, 17.30 | Salón Teatro
Venres 11, 22.15 | Multicines Compostela

PHANTOM OF THE PARADISE / A PANTASMA DO PARAÍSO (1974)

Brian De Palma

Estados Unidos / 92 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Paul Williams, Jessica Harper, William Finley, George Memmoli, Gerrit Graham, Archie Hahn

Ficha técnica:

- **Guión:** Brian De Palma
- **Fotografía:** Larry Pizer
- **Edición:** Paul Hirsch
- **Producción:** Harbor Productions

Sinopse:

Paul Williams escribiu a partitura deste clásico do cinema musical de terror, no que tamén participa interpretando o papel do malvado magnate da música perseguido por un compositor desfigurado ao que mete en prisión para roubarlle as súas composicións. Así que queda en liberdade, a pantasma namora da nova estrela da canción promocionada polo magnate e comeza así a súa particular vinganza.



- Candidata a mellor canción orixinal nos Óscar 1974
- Candidata a mellor banda sonora orixinal nos Globos de Ouro 1974



Luns 7, 17.00 | Auditorio de Galicia (Sala Mozart)
Xoves 10, 16.00 | Salón Teatro
Venres 18, 21.30 | Multicines Compostela

PURPLE RAIN (1984)

Albert Magnoli

EEUU / 111 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Prince, Apollonia Kotero, Morris Day

Ficha técnica:

- **Guión:** Albert Magnoli, William Blinn
- **Fotografía:** Donald E. Thorin
- **Edición:** Albert Magnoli, Ken Robinson
- **Producción:** Warner Bros., Purple Films

Sinopse:

The Kid, un músico pobre e atormentado polos problemas familiares, reproduce os malos tratos do pai cara á súa nai na súa relación amorosa. Loitando por sobrevivir a unha turbulenta vida familiar e á súa propia ira, o seu talento refúxiase na súa música e na súa relación coa cantante Apollonia. Ademais, a tensión aumenta cando o seu rival intenta conquistar a súa moza e obter a exclusividade do bar onde ambos os dous cantan.



- Mellor canción de banda sonora nos Óscar 1984
- Candidata a mellor canción orixinal nos Globos de Ouro 1984



Sábado 5, 19.00 | Multicines Compostela
Martes 15, 19.45 | Salón Teatro

SINGIN' IN THE RAIN / CANTANDO BAIXO A CHOIVA (1952)

Stanley Donen, Gene Kelly

Estados Unidos / 103 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Gene Kelly, Donald O'Connor, Debbie Reynolds, Jean Hagen

Ficha técnica:

•**Guión:** Betty Comden, Adolph Green

•**Fotografía:** Harold Rosson, John Alton

•**Edición:** Nacio Herb Brown, Arthur Freed

•**Produción:** Arthur Freed

Sinopse:

Antes de coñecer a aspirante a actriz Kathy Selden, o ídolo do cinema mudo Don Lockwood coidaba que o tiña todo: sona, fortuna e éxito. Mais ao coñecerla decátase de que ela é o que realmente faltaba na súa vida. Co nacemento do cinema sonoro, Don quere filmar musicais con Kathy, pero entre ambos os dous interporase a raíña do cinema mudo, Lina Lamont.



• Mellor actor comedia/musical nos Globos de Ouro 1952



Luns 14, 21.00 | Auditorio de Galicia (Sala Mozart)
Venres 18, 17.00 | Multicines Compostela

STORMY WEATHER / TEMPO DE TORMENTA (1943)

Andrew L. Stone

EEUU / 78 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Lena Horne, Bill Robinson, Katherine Dunham, Fats Waller, Ada Brown, Harold Nicholas, Fayard Nicholas, Dooley Wilson, Cab Calloway

Ficha técnica:

•**Guión:** Frederick Jackson, Ted Koehler, H.S. Kraft, Jerry Horwin, Seymour B. Robinson

•**Fotografía:** Leon Shamroy, Lee Garmes

•**Edición:** James B. Clark

•**Produción:** 20th Century Fox

Sinopse:

Bill 'Bojangles' Robinson é un talentoso bailarín que volve á casa en 1918 logo de loitar na Primeira Guerra Mundial. No seu regreso, trata de se relacionar cunha fermosa cantante moi popular chamada Selina Rogers. *Tempo de tormenta* retrata unha interesante panorámica dos grandes artistas afroamericanos de comezos do século XX, cando raramente aparecían nas principais producións de Hollywood, especialmente neste xénero.



• Catro candidaturas nos Globos de Ouro 1977
• Candidata a mellor deseño de vestuario nos BAFTA 1977



Venres 11, 17.30 | Multicines Compostela
Martes 15, 20.15 | Auditorio de Galicia (Sala Mozart)
Venres 18, 19.30 | Auditorio de Galicia (Sala Mozart)

SWING TIME / EN ÁS DA DANZA (1936)

George Stevens

EEUU / 105 min / Ficción / Inglés e francés

Ficha artística:

Fred Astaire, Ginger Rogers, Betty Furness

Ficha técnica:

•**Guión:** Allan Scott, Howard Lindsay, Erwin S. Gelsey, Dorothy Yost

•**Fotografía:** David Abel (B&W)

•**Edición:** Henry Berman

•**Produción:** RKO Radio Pictures

Sinopse:

John 'Lucky' Garnett (Fred Astaire) é un destacado bailarín que chega tarde á súa voda con Margaret Watson (Betty Furness). O pai da noiva rétao a volver pedir a man da súa filla cando gañe a astronómica cantidade de 25.000 dólares. Para iso John trasladarase a Nova York na compañía do seu amigo Everett "Pop" Cardetti (Victor Moore) e alí coñece a Penélope "Penny" Carroll (Ginger Rogers). A relación entre ambos os dous irase estreitando ata o nivel de chegar a namorar.



• Mellor canción nos Óscar 1936



Martes 8, 17.00 | Auditorio de Galicia (Sala Mozart)
Venres 11, 17.30 | Salón Teatro
Venres 18, 19.30 | Multicines Compostela

THE BAND WAGON / MELODÍAS DE BROADWAY 1955 (1953)

Vincente Minnelli

EEUU / 112 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Fred Astaire, Cyd Charisse, Oscar Levant, Nanette Fabray, Ava Gardner, Jack Buchanan, James Mitchell

Ficha técnica:

•**Guión:** Norman Corwin, Alan Jay Lerner

•**Fotografía:** Harry Jackson, George J. Folsey

•**Edición:** Albert Akst

•**Produción:** Arthur Freed

Sinopse:

Tony Hunter é un esquecido bailarín que organiza unha poxa co seu chapeu, bastón e luvas. O resultado é desolador e Tony decátase do abandono ao que o someteu o público. De súpeto atopa a dous vellos amigos que lle ofrecen unha comedia dirixida polo excéntrico produtor Jeffrey Cordova, que vai realizar unha nova versión de *Fausto*. A estrea é un fracaso, pero iso non desanima a Tony, que chegará a ser o seguinte produtor da obra.



• Tres candidaturas aos Óscar 1953



Mércores 9, 17.00 | Auditorio de Galicia (Sala Mozart)
Sábado 12, 17.00 | Multicines Compostela

THE MUSIC MAN / VIVIR DE ILUSIÓN (1962)

Morton DaCosta

EEUU / 151 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Robert Preston, Shirley Jones, Buddy Hackett

Ficha técnica:

•**Guión:** Marion Hargrove

•**Fotografía:** Robert Burks

•**Edición:** William H. Ziegler

•**Producción:** Warner Bros.

Sinopse:

Harold Hill, un farsante charlatán, detense nunha pequena vila e convence os seus habitantes para formar unha banda de música infantil. Así que dá xuntado os cartos precisos para botar adiante o proxecto marcha sen deixar pegada. Buscando outra poboación á que estafar, Hill chega a River City, en Iowa, onde intentará persuadir os seus habitantes de que o único xeito de salvar a mocidade é organizando unha banda de rapaces. O que non imaxina Hill é que a profesora de música da vila vai alterar por completo os seus plans.



- Mellor banda sonora adaptada nos Óscar 1962
- Mellor filme musical nos Globos de Ouro 1962



